

Sales do ano doce

Manuel Forcadela

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FORCADELA, MANUEL (2013 [2013]). *Sales do ano doce*. En *O Ximnasio de Academo*. <<http://oximnasiodeacademo.wordpress.com/2013/01/06/sales-do-ano-doce>>. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2548>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FORCADELA, MANUEL (2013). *Sales do ano doce*. En *O Ximnasio de Academo*. <<http://oximnasiodeacademo.wordpress.com/2013/01/06/sales-do-ano-doce>>. Consulta: dd/mm/aaaa.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 12 de xaneiro de 2013 a partir do URL indicado. Consulta: 12/01/2013.

Sales do ano doce

Manuel Forcadela
xaneiro 2013

O Ximnasio de Academo
oximnasiodeacademo.wordpress.com

o libro

do corpo que se afunde nalgún naufraxio vello
seguindo o rumbo escuro dos barcos
a caer
nos leitos abisais
nas covas da tristeza
emerxe algunha vez
a xeito de bandeira
o libro que non foi escrito aínda
o incógnito volume que todos procuramos
reler
porque intuímos
que un día xa foi noso
estivo entre estas mans
durmiu baixo estes ollos
feliz de que alguén fose as liñas percorrendo
acaso como o amante
que doce deambula
coa xema dos seus dedos as costas do silencio
mais nunca foi escrito
non consta que existise
rexistro que non gardan andeis ou bibliotecas
imprentas linotipias axentes e editores
procuran o seu rastro
perseguen a súa sombra
difunden a noticia
a sede por topalo
convócanse concursos
concédense brasóns
e premios grandes bolsas en linguas e provincias
e o libro non asoma
feliz segue a durmir
no rapto en que o deteñen a falta e o desexo

salmo do viaxeiro

I

Oh ti que errante vagas, seguindo algún camiño,
Con pasos que han ficar inermes sobre a terra,
Inútiles sinais sen tempo nin espazo,
Repara neste túmulo erguido pra acoller
O corpo dun que outrora foi célebre e moi caro,
Por todos referido, por todos ben gabado.
Qué foi dos seus orgullos e qué das vaidades,
Ou qué da súa soberbia ou qué do seu desprezo,
Que todo imperio abaixa os cumios sobre a terra,
Desdén ou altivez, empaque ou arrogancia
Axiña perden lume, en cinza se esvaece,
E todo en po deriva, honores, presuncións,
E ínfulas rematan en tristes refugallos.
Que toda poza seca e todo fogo abafa
E nada está sostido en cordas que non rompan,
Un día ou outro día, un mes, unha semana.
Repara logo, oh ti, que lento te aproximas,
Feliz no teu vagar, errante no teu voo,
Por riba dos valados, de hortensias e fracasos,
Nos cólicos que a vida dirixe contra os homes,
No xeito en que as espadas que ás veces envaiña,
Conflúen finalmente no ventre desarmado,
E vísceras e sangue, tamén o corazón,
Afogan o seu longo bater para deixarte,
Caído entre papoulas nun prado mentres chove.
Oh lástima de todo, inútil a vontade
De ser para o porvir, de abrir novos camiños,
Que todo finalmente se para ou esvaece.
Contempla, pois, feliz, meu vello viaxeiro,
Que longos anos levas seguindo algún camiño,
O xeito en que estas horas decrecen cara ao sur,
E van espaxando un leite de cristal,
Un líquido cincento que brilla ao pé da noite.
E olla, meu amigo, que tantos anos fuches
Levando as túas ofrendas aos túmulos da tarde
Na terra que che deu acougo na túa infancia,
No río en que deitaches a ollada cando neno.
E olla como foron os anos derrubando
As vellas melodías por outras máis recentes,
Os prístinos misterios por lánguidos arcanos,
E deixa que te afaguen, que pousen sobre ti
Lección de antiga prata, secretas outonías.
E ti que, camiñante, despois de longa vía,
O tránsito demoras na altura deste val
E das en acougar o corpo dos esforzos

Seguidos no percurso, ollando este país,
Repara en que a distancia axiña ha conducirte,
Máis antes que despois, a algún outro lugar,
Disposto contra o fondo do Atlántico e as ondas,
E fin terás que pór a toda a túa viaxe,
Xa vella e consumida, pretérita, caduca,
Sen campos por andar, sen vilas ás que ir.
Así tamén a vida, de súpeto, depón
O voo dos seus murmurios e a música remata.
E nada canto fagas, sublime o teu afán,
Ha darlle novo empuxe ao corpo derrubado.
Contempla, pois, agora na terra que se estende
Por ríos e por soutos e néboa entre carballos
Os triunfos e dozuras que a vida atesourou
E sente nestes cumios a altura insuperable
Da terra e da existencia.

II

Que ás veces acontece que un áxil camiñante
Se afaste do seu rumbo seguindo os propios pasos
E deixe atrás a sombra do corpo esvaecido,
Un voo de néboa escura deitada no camiño,
Un hálito de cinza soñando con chegar
A algunha praza aberta en vilas afastadas.
Así que nunca deixes o corpo nun relanzo
Das vías que acometas baixando un lento val
E asiste a ese naufraxio sumido na piedade.
Procura que os teus pasos non deixen de fluír
E sigan o teu rumbo en noites sucesivas
Que nunca del se afasten nin teñas que deixar
Atrás un baluarte, un muro derrubado.
Pois todo pasa e segue, e todo muda e troca
A cor dos tempos idos por outra máis recente.
Pois todo finalmente se afasta e espreguiza,
Fatiga que se acende no sangue para a morte.
Así que, viaxeiro, escoita esta proclama:
Dos longos percorridos que poida acometer
Un home cos seus pasos ningún máis solitario
Máis próximo da noite que aquel que se aventura
Seguindo unha tristeza e dá con vellos ríos,
Con longas alamedas enchidas de paxaros,
Con parques con estatuas caídas entre a herba.

III

Se vas por esas rúas, oíndo unha canción,
As mans sempre dispostas no peto dun abrigo,
Os ollos percorrendo o outono sixiloso,
Os meses de novembro, de outubro debuxando,

Sinais como de prata nos vidros dos comercios,
E símbolo de xeo no límite das herbas,
E expós a túa bagaxe nalgún dos breves bares
Que ofrecen a quentura ao estraño vaixeiro,
A aquel que en terra allea se interna con silencio
Oh deixa que as mulleres reparen no teu voo,
Que os vellos digan cousas en linguas non sabidas.
Serán os teus presentes ao brillo da distancia,
Ao estraño resplandor das músicas ao lonxe.

epístolas de ninguén

I

O mago leva a cabo procesos sorprendentes.
Converte un pano branco en fitas de mil cores.
Divide en tres fragmentos un corpo de muller,
Sen sangue nin saloucos.
Extrae do seu chapeu
Obxectos imposibles e pombas, artificios
Que deixan un bulicio incrédulo no público.
Mais todo está suxeito á lei da falsidade,
Engano que a mirada non pode descubrir,
Sinal de que os sentidos oh sempre nos enganan.
Porén entre os poetas non hai outra habelencia
Que aquela que radica no emprego da linguaxe.
Recursos que abren fendas de luz e de tristeza.
A música da voz dispara entre os foguetes
De pólvora e naufraxio algún espello roto
Mais sempre existen aves e xílgaros e canto.
Non hai ningunha maxia no voo da poesía.
Hai arte e sortilexio, procura dunha porta
Que dea para un prado con lúas acendidas,
Que dea para un pozo con auga de diamantes.

II

O mago só pretende abrir unha ilusión,
Levarnos para un porto distante e confesar
Que o barco e máis as augas non eran verdadeiros.
Non hai ningún disparo nin cólicos de cinza.
Aqueles que, porén, se entregan á linguaxe
E seguen os camiños dos signos e da tarde
E van por unha estrada de brétema e carbón
Portando a súa bagaxe de follas impregnadas,
As follas que deitaron as árbores no chan,
As follas que escribiron os meses devalando,
Oh eses nunca chegan, xamais arribarán
A portos que non teñan area nin salitre.
O curso das súas linguas irá de frase en frase
Seguindo un río lento de augas enlamadas
E logo dunha longa, escura travesía,
Por illas como verbos e bosques adxectivos,
Verán aneis de ouro xacendo no fondal
De vidro transparente dun cálido meandro.
E iso será todo.
As augas levarano

Despois cara a Ningures, o reino no que impera
Penumbra, esquecemento.

III

Por grande que se mostre en número e valor
A maxia está cinxida a enganos e accidentes.
É fume que se esvae, fariña que non queda,
Disposta ante a mirada soamente algún segundo.
O froito do poeta, tal árbore de outono,
Madura co vagar das letras máis escuras
E forma signos brancos, rotunda exhalación
Que deixa unha pegada de lúas e mazás
Na carne da tristeza.
Os magos e os poetas habitan illas grandes,
Remotos santuarios erguidos para a luz,
E levan o desprezo do outro como emblema
Pois saben ben os magos que nunca erixirán
Máis fábulas que un leve disparo de beleza,
Materias tan caducas que viven na lembranza
Soamente algún segundo.
Se os magos teñen luces, escenas, auditorios,
Os pozos dos poetas son torres afundidas,
Lugares imposibles, sen lámpadas ou vidros,
Tal minas ou cavernas de rara estalactita.
Ninguén quere saber das obras que executan,
Mais eles non recúan, seguros erguen voos
Por riba de palacios, bazares e teatros.

IV

Innúmeras resultan as décadas precisas
No asalto dos castelos que gardan o poema;
Sen cómputo posible as horas necesarias
Na loita por abrir da lingua o baluarte.
Que escasos son, porén, os días relativos
Á fábrica do engano. Que axiña se executan
Falacias, ilusións, fantasmas irisados
De asombro ou de sorpresa.
Percorres os camiños
E dás con moitos magos, rotundos na súa farsa
De luces e de brillos fulxindo no teatro.
Mais raros son, porén, os días do poeta.
Embarcas nunha nave e escoitas o cantar
Dun lento acordeón, as fráxiles secuencias
De pauta escurecida, as liñas que abre a néboa
Dispondo o seu vagar de soños sobre a música.
Daquela sentes dor, espiñas de tristeza,
E vas entre os salgueiros no curso dalgún río,
Febril e condenado, por veces disparando

Palabras contra a tarde no fondo da distancia.
E sabes que esa foi a luz da túa xornada.
Celeste epifanía que afunde o cadaleito
De maxia entre envoltorios inútiles de plástico.

V

Propoño que sitúen os magos contra un muro
E deiten logo as caixas con panos e barallas,
Con pombas e coellas, chapeus e longas cordas
No fondo dos seus túmulos cavados con aplausos.
Que sexan esquecidas as fórmulas atroces
Que ousaban propagar, os trucos e os enganos
Que tiñan como fonte de soldo e alimento.
Que sexan castigados tamén os que formulan
Inéditas manobras falaces para os ollos.
Que erixan pola contra teatros para o canto
E neles avenidas con ríos de tristeza,
Docísimos meandros de frautas e de harmonios
E músicas fervidas en órganos de auga.
Que alguén comece xa o fío das proclamas:
Proclamas contra as luces, metralla contra os brillos
De falsos ouropeis, granadas que derruben
Os círculos de cinza da caixa dos espantos.

VI

As torres erixidas, os pozos escavados,
Os ríos, as murallas, os bosques, os palacios,
Son signos de tristeza, do esforzo por chegar.
Mais nunca chega nada, Ninguén xamais encontra,
E o mundo vira e vira, perpetua virazón,
Os astros contra o fondo da noite entre planetas.
Por iso os magos gañan insólitos denarios,
Tesouros arrincados da carne entre pregarias,
Pois teñen a valía da tráxica ilusión,
O prezo acrecentado da fábrica do engano.
Maldito ilusionista aquel que se fornece
De roupas e atavíos azuis para a falacia,
Maldito quen proxecta con luces sobre o fondo
Da vida unha mirada de túnicas e brillos,
Aquel que desdebuxa a lúa sobre o mar
E erixe longas flores do amor e da esperanza.
Que nada está detido e todo cesa e cesa.
E os triunfos son instantes. E eternas as saudades.

VII

O tempo que se abre despois da primavera,
Nos días en que o signo do estío se espaxe,

É sempre unha silente mensaxe de fulgor,
O xeito en que a harmonía dos astros me convoca
A entrar nos arrecendos da sombra das maceiras.
Son ordes deliciosas, mandatos sen espiñas,
Rigores que no corpo encontran sempre un eco,
Pois van desde a distancia tanxendo vellas harpas,
Os campos procurando coa raiba dun arroyo.
E as nubes que desprazan volumes de algodón
Manchados con inverno non saben que están pondo
Un trazo de distancia nos límites da tarde,
Non saben que me deixan atrás nestas fronteiras
Se vou seguindo un lume de soles en crepúsculo,
Camiños vomitados por ventos fuxidíos.
Por iso teñen formas de sono e de preguiza,
Figuras de deformes penínsulas ou illas,
Estraños continentes perdéndose entre a néboa.
Son corpos arrincados aos ríos coa calor,
Fantasmas erixidas da terra humedecida,
Fragancias trastornadas na terra cando seca.
As nubes cos seus brillos fuxindo para o sur,
As nubes debuxando efémeras paisaxes.

Cántico espiritual

Daquela decidín perderme nos navíos,
subir a un paquebote e ser puro naufraxio
varar nos arrefices remotos da distancia
sen outra compañía que a noite e a soidade.

Non era só un desexo senón algo que ardía
un xeo que se acendera no solpor
en chíos de gaivota, en ondas que quebraban
e marco do silencio con harpas ou palabras.
Sentíamos o brillo do frío no seu centro,
un límite de lume, un témpano de tempo,
os meses conxelados quecendo no seu niño,
os anos que iniciaban a flor do seu devalo,
os días como hortensias feridas de setembro.
Ninguén podía abrir os ollos sen deixar
a vida na mirada. Pois todo o que se vía
non era máis que tempo, espido e sen linguaxe,
o tempo que perdera os seus vestidos,
o tempo sen máis forma que a pura exhalación.
Por iso fomos cegos, a noite a debuxar
carautas de misterio.
Por iso descubrimos na noite unha mirada,
un ollo eternidade que vía para nós
e, cegos, contemplamos de súpeto o fulgor.
Alí moraba o deus
da tarde, o que espaxe
figueiras polos campos e murcha a madre selva,
o deus que perseguiran con pedras como versos
poetas afogados en absentia,
o deus que daba flor en maio como as plantas,
o deus que puña ouro na luz sobre as areas.
Un deus como unha ollada deitada sobre o tempo,
un deus que tiña un ollo enorme de imposible,
fotógrafo dos aires e as brétemas e os fumes.
E vin alí deitadas as sombras dos poetas,
cabalos a pacer no límite do ollo,
améndoas para as aves que algunha vez chegaban
cargadas con memorias e con libros.
Poetas derrubados na crenza da linguaxe,
poetas que partiran en naves de vapor,
feridos polas flores e as lágrimas da brisa.
Poetas como trigo soñando unha tormenta
de sol tan abrasados que mesmo parecían
desertos ter cruzado en longa camiñata
dormidos sobre o lombo dalgunha nube errante.
E o deus miraba deles a sombra e a mirada,

perdíase a fitar delirios entre lirios,
e nada se escoitaba, silencio aparecía,
as vacas a pacer nos prados e nos campos.

Visión do Connemara

Os prados que hoxe vemos durmindo baixo a néboa
con vacas preguiceiras deitadas a soñar
coñecen o devalo das músicas de Irlanda.
Aquí foron pastores e frautas e guitarras
aqueles que lle deron á flor melancolía
o eco doutro eco dun eco esvaecido
fundado polo vento, erguido polas queixas,
acaso arrebolado con furia contra o ocaso.
E levan esas herbas de chuvias e de orballo
a máquina gloriosa da luz da tempestade
e as sombras do que fora un barco abandonado.

Oh Irlanda, grata orixe de tantas despedidas,
ti, berce do silencio e nai do esquecemento,
misterio recortado ao norte entre o solpor,
achégame outro vaso escuro de cervexa
e toca un aire antigo de xentes que partiron,
de sombras que perseguen un vello cervo branco.

Agradecementos dun día de verán

O pan que hoxe comemos, o viño que alguén verte
deixando o seu ronsel de tinta pola mesa,
a brisa que fecunda as nubes sobre o mar
e forma esta distancia do límite do mundo,
o xeito en que me premes a man para dicirme
chegamos cando a tarde, que cedo veu a noite,
son signos todos eles, e máis que evocaría,
da roda que dá voltas ao círculo sen fin,
sinais de que a existencia foi grata para nós
e quixo regalarnos tamén a súa benzón.
O libro que me ocupa e a música que acende
partículas de vidro no norte da conciencia,
a forma en que o solpor proxecta as siluetas
da terra sobre o espello do mar que se escurece,
o pouso que nos deixan nos ollos estas tardes
fundidas como estrelas queimadas de claror,
o frío da poalla levísima que cae,
son mostras dos camiños diversos que procura
o tempo co seu leve devalo cara ás sombras,
os portos en que o barco dos días se refuxia
e non porque precise amparo ou acubillo.
Mil grazas debo dar por todo este agasallo,
por flores, por aplausos, por músicas e luces,
por ventos que arrincaron palabras do poema
e fóronas perder en pozos e caborcos.
Mil grazas pola auga que soubo esparexer
o abrazo dos seus líquidos no corpo e na mirada,
tamén polo sabor da froita e do silencio,
tamén polo rumor da terra cando chove.

Cirúrxica morfina

pousei a miña boca na palma das túas mans
e dixeran dáme alento preciso de saber
que aínda sigo vivo que van os días novos
camiño dos estíos levando un voo de noites
de tardes consteladas que habían de murchar
pois todo murcha e deixa sabor de hortensia escura
e dixeran cando vén que hora está marcada
que prazo teño agora e como se presenta
e ti como unha sombra deixáchesme pousado
nun leito que se erguía que daba para o mar
e viñas a sentir que a vida andaba lenta
que a morte debuxaba camiños de penumbra
leváronme daquela por longos corredores
por páxinas que lera por fíos que deixei
vertendo dun novelo de líquidos e sombra
e souben que eran días caendo para atrás
reloxos que soaban a pan de trigo verde
a ponte inacabada
e díxenme dicíndoche que noite máis estraña
que tarde se nos fixo que lonxe fica o mar
que lástima de cuartos de hotel ensanguentado
quen limpa tantas horas caídas por aquí
quen enche con lixivia os baldes e as cisternas

Promesa

o inverno xa se foi baixou por unha encosta
de flores e de lama seguindo unha laberca
con rumbo cara ao norte e dixo adeus amigo
verémonos o ano que vén se o mundo segue
virando como viran as rodas e as esferas
acaso chegue tarde ou pode que se adiante
o barco en que viaxo o tren que me arrebatou
por neves e montañas mais xuro que virei
non chores esta ausencia nin reces polos ventos
que sopran polo inicio de outubro o meu anuncio
serás feliz de novo comigo che prometo
por sorte non chegou aínda a primavera
e andan asubiando nos aires desolados
escuro acordeón e doce mandolina
sen dúbida interregno ronsel que nos ficou
do barco cando ía silente contra o fondo
do fondo da distancia

Palabra

conta a lenda que unha tarde
Xavier o meu amigo Baixeras o poeta
subiu nun tren lixeiro camiño da cidade
das Burgas e chegou
a tempo de seguir
o fio de avenidas e de rúas
de prazas e almacéns de fontes e de sombras
e todo por buscar unha palabra
un único vocábulo
a voz máis solitaria que caiba recordar
un eco doutro eco
no escuro labirinto de espellos que devolven
imaxes das imaxes das imaxes das imaxes
e alí pasou uns días nun cuarto de aluguer
deitando o seu vagar no espazo da cidade
á espera de que o eco se achegase
suponse que a encontrou
suponse que foi hábil no esforzo dilixente
que a lenda como lenda é sempre debedora
dun pouso de verdade
Xavier e unha palabra
os dous a camiñar nas néboas que abre o signo
e o río a devolver a música e a noite

Teoría do espazo

son poucos os espazos que pode atesourar
coa sombra debuxada do estraño peregrino
aquele que errante vive seguindo unha derrota
deixando atrás un val incerto na procura
de sombras e silencios no fondo da floresta

o grato é camiñar sentir o espazo mesmo
seguir sempre a distancia alén daquel alén
encheres a mirada co vivo cromatismo
das augas e das algas dos aires e das plantas
e non premer as teclas da noite no piano
nin ter da grave tuba un longo escuro eco
que todo son camiños non hai máis que distancias
non hai máis que percursos á espera dos teus pasos
e todo o que transportas cangado co fardel
dos anos que gañaches dos anos que perdeches
é pouso de tristezas o lastre de ter ido
de feiras en mercados de festa en romaría
levando as túas palabras e un vello traxe gris
igual que se levases o estoxo dos misterios
a caixa en que repousa o lume do vivir
o negro cadaleito da néboa da existencia

Xa veñen

De novo están aquí, semella que non houbo
un tempo en que a distancia abría a longa ponte
dos ecos da soidade, aquel reverberar
das augas contra a pedra, do vento contra as flores,
e veñen coas súas cores na altura das bandeiras,
e traen os seus camelos cargados con pianos,
con páxinas escuras de ignotos pentagramas.
Están de novo aquí. Alguén lles debería
facer un bo retrato, pedirilles que parasen
acaso algunhas horas e desen de beber
aos mortos e afogados, aos tristes, aos sedentos,
aos músicos deitados na sombra dos seus pozos,
sombrios violinistas tocando a súa pregaría,
igual que as aves tanxen a sombra do solpor,
o mesmo que as tormentas nas noites interpretan
antigos desconcertos de vento e percusión.
Que deixen de correr, que acouguen unhas horas,
que pousen os oboes, os altos contrabaixos,
e digan o dicir, e falen o falar,
que dean en mostrar a chave que abre as bocas.
Que garden contra as pontes as caixas do silencio,
do mel que se derrete de oír na escuridade
os melros embriagados.

Seica

pode un libro ser tamén unha torre na distancia
unha altura que te afaste
que te deixe adormecer
sen o afogo dos bandidos
dos ineptos
da xentalla

pode un libro debuxarte como un faro escurecido
unha luz que non se ve
mesmo un lóstrego de cinza
toda páxina un disfrace
cada liña algunha máscara
e escribir só para ti o cultivo do silencio
oh celeste agricultor de leitugas como bocas
oh labrego a traballar cun arado o longo hiato

pode un libro espaxar as sementes calcinadas
e dar froitos consumidos
e dar febres no deserto
e dar leite envelenado
e dar borra
lixo
plástico

pode un libro ser tamén un solemne despropósito
un fracaso moi pensado
a desorde da linguaxe
o naufraxio do discurso
o disparo que dirixen inimigos contra ti
desde o fondo dos misterios da tristeza

Ao cumprir cincuenta anos

tempo atrás cando era novo
e fervían no meu sangue as incógnitas o voo dos silencios e os enigmas
cometín os graves erros que se deben cometer
eu pensaba que sería
mozo sempre
que os meus anos sen cesar prolongarían o seu eco polo tempo
que perenne arrincaría dunha longa mocidade
os segredos para ser
pertinaz ilimitado
era tanta aquela forza
tan inxente o seu fluír
que o fugaz e o transitorio
e o breve e o finito
eran farsas e disfraces
subterfuxios ou enganos
mais axiña houben de ver como o tempo derrubaba
altas árbores empresas tentativas e designios
e a ousadía ese defecto tan feliz na mocidade
foi virando nun amargo desconsolo e pesadume
hai quen di que a idade cura o clamor do tempo novo
eu máis ben creo que acende o seu grito contra a morte

Luz

da luz que deita agora
o sol sobre a cidade envolta nun lixeiro sopor de mañanciña
erguendo bafos leves na pedra e nos tellados
admiro os moi distantes motores que se escoitan rotar sobre a distancia
as rodas siderais que viran empurrando o lento sol de marzo
e pousa nesta man
a mesma que che escribe sentada a contemplar a praza da Quintana
a tépeda qentura de ir deixando atrás a sombra doutro inverno

non é das luces bravas
que axitan na retina o inferno ou o delirio da cega fotofobia
tampouco aquela cálida
que dabas en prender nos cuartos en que formos deitando os nosos corpos ao longo da
incesante viaxe destes anos
senón ese claror acaso da alegría
materia que mestura o azul tamén o branco
dispondo na paleta vivaces cromatismos igual que se pintase un cadro impresionista
a luz como un foguete que fose transportarnos alén das varias sombras
a sombra en que navego no espazo do interior
aquela que proxecto na terra como un grave silencio ou un misterio
e aínda aqueloutra tan negra que se torna
afogo abafamento baleiro desmesura

Unha canción

a canción que maldicimos
a que canta desde a sombra
a que leva unha gaiola procurando unha distancia e derruba o seu silencio sobre as láminas da
noite
a que foi chegando tarde
porque nunca será cedo para aquel que agarda o canto como un barco ou unha carta
a canción que non chegou
porque disque foi roubada como son algunhas veces arrincados do destino flores árbores e
sombras ríos lápidas misterios
a canción esa que digo
a que nunca me escoitaches
a que un día e outro día pretendías que escribise porque eu era o que cantaba porque daba luz
á sombra
a canción esa que sempre mencionabas nas túas cartas
a canción si esa canción que non souben dedicarche
aquí está desenredouse das cadeas do misterio e foi dando notas breves
clarinetes polo baixo xa espárense o seu voo o rumor do seu incendio
sexan graves para ela os vapores da fortuna
e o rumor do esquecemento

Estación marítima

chegaban polas tardes os barcos de regreso
as quendas dos obreiros que foran traballar a terras da distancia
felices de volver fumando sobre a popa
sentindo como a noite furaba nos seus corpos un día da semana

eu era dos que andaban coa ollada no horizonte
un máis dos que deixaban pasar o tempo alí seguindo o voo das augas
a chuvia de paxaros

que luxo espaxer os meses daquel tempo
o mesmo que se deitan espiñas para os gatos
o mesmo que ofrecemos meixelas para os bicos

non viñan consumidos vestían a discreta insomne perfección
do gris do azul mariño
levaban as bufandas tapando algún silencio
e abrían unha lenta solemne procesión de cinco ou seis minutos

depois todo volvía a ter esa humidade que soñan os invernos
os meses que viaxan verán e primavera
escura e portuaria digo esa humidade
que prende pola pel o mesmo que se prenden as culpas os pecados
a dor pola derrota

chegaban os obreiros que foran á distancia
fumando polas tardes un día da semana

Luz de sombra

as noites que durou a lava dunha flor as bágoas que vertemos
querendo que vivise restarlle algunhas horas ao voo da murchedade
ficaron na memoria gravaron o seu voo
o mesmo que alguén grava con ferro de cincel
un signo sobre a pedra
as noites que levaban torrentes de preguiza no corpo dos amantes
facían emerxer dos cálices o viño secreto do silencio
tesouro ben calado que dorme sobre as horas e acouga no misterio
un líquido que arde
por elas fomos dando traspés mentres vivimos
por elas derrubamos o corpo sobre os pozos
por elas a materia carnal arrefeceu
e foi ficando xeo un vidro con mercurio
sen elas non soubemos que rumbos procurar
as cartas que puidesen guiar a singradura
o límite que impor ao voo sobre a memoria
as noites xa esquecidas agora aniquiladas
na caixa das materias incertas que un non sabe
deitar no esquecemento tiralas para o lixo
acaso rescatalas da sombra e do misterio
brillar de novo agora coa luz que espaxaron

O tempora o mores

tamén na miña idade erguéronse palacios
que logo foron pasto da néboa e da ruína
tamén naqueles tempos medraron vaidades
e houbo mil afrentas escándalos orgullos
fixéronse poemas por sempre inesquecibles
que xa ninguén recorda pintáronse materias
de cores refulxentes que agora están de saldo
e vin pasar desfiles de deusas e de heroes
que axiña foron carne da derrota
fantasmas desolados que a noite arrebatou
oh tempos xa perdidos idades que voaron
tal xílgaros inzados de cores e de canto
oh hábitos ociosos costumes esquecidos
qué cedo veu a tarde qué rápido o solpor
veloces foron indo os meses as semanas
disparos foron días e lóstregos as horas
e nada do que outrora brillara como o ouro
gardou ese fulgor mantivo a refulxencia
que todo foi camiño da foz e do sepulcro
o mesmo que os regatos escuros precipitan
o voo no mar da morte labercas de auga doce
que afunden entre o sal de inmensos oceanos
tamén na miña idade erguéronse belezas
que logo foron cinza do cancro e do delirio
oh deusas que eu ameí fugaz por entre as sombras
oh torres de poetas que o século abrasou
escuros refugallos de cal e esquecemento

Diante dunha foto

A pausa que precisa a nobre artesanía,
o pouso de semanas á espera do detalle,
o fondo pensamento que rexe sobre a man,
a pauta que amañece de noite xunto ao insomnio,
están nese retrato, no gris desa instantánea.

Non foi un gran pintor quen puxo a súa mirada
no fondo ou nos enfoques, na luz ou no contraste,
senón que foi o dedo premendo sobre a máquina
de xeito irresponsable, acaso procurando
obter outra ficción. Que Azar brilla por veces
na arte fotográfica.

De feito, como a vida, que sempre nos supera
e dá en ofrecernos mensaxes tan complexas
que longos son os días, as décadas, os meses
precisos para obter acaso algún delirio,
tamén na maquinaria impuxo o seu imperio
Azar, o vagabundo, o sabio que anda errante,
aquele que rexe a terra sen lei e sen afecto
e reina sobre as formas e a arte das imaxes.

Es ti, por tanto, o amante dos signos da retina,
aquele que fai constar presenza de beleza,
aquele que se arrebatou ao ver como se funden
a insólita visión da máquina nun intre
e a longa, coidadosa, mirada que pousaches
acaso por preguiza, desleixo ou abandono.

A última pregaria

A torre que perdín, aquela que está feita
de lámpadas e outono, acaso porque forma
incerta unha unidade de cinza ou de tristeza,
non pode xa consigo, tamaños son os pesos
que leva na canción, o mesmo que alguén leva
un pano para abrir na flor da despedida.
A torre á que subín, aquela que ensinaba
as luces do crepúsculo no fondo da distancia,
a casa que na altura deitaba sobre o mar
as aspas do seu voo de luces longas,
o aberto mirador do ocaso sobre o mundo,
o cuarto ao que chegaban as noites desde lonxe,
comeza a derrubarse, escóitanse os cascallos,
e as chuvias van furando nas fendas sobre a pedra.
Teremos que partir, buscar as novas torres,
os templos doutra fe acaso ir construindo,
deixar que o tempo abata as outras que se ergueron,
que o vento arrinque as laxes, que renxan ben as portas,
que pase unha enxurrada por dentro das paredes
que roube no fluír a arte das estátuas,
os libros que aínda dormen na vella biblioteca,
antigos instrumentos sen música fechados
na sombra dos roupeiros, na tebra dos caixóns,
e todo vaia entrando no asombro da ruína,
que a lúa nos sepulcros eleve para eles
a última pregaria.

Epifanía

Sentir un pouso grave de man sobre o teu lombo,
virarte para ver e só encontrar a néboa,
saber que alguén procura a luz da túa mirada
e vai sen corpo visto,
a pura exhalación acaso dun fantasma.
Oír como unha voz che fala xunto á orella
e trenza unha canción antiga en italiano,
un músico devir de apenas dous segundos
vertido sobre ti en forma de pregaría.
Seguir o teu camiño sen dar a media volta
carente da vontade precisa de correr
raptado polo voo da melodía
e encher vellos cadernos tentando recordar
o eclipse da presenza moi próximo de ti
o mesmo que se a lúa que leva por cabeza
vagase na unidade da túa sombra.
Saber, despois de todo, que a pura exhalación
é forma da linguaxe e vive na fronteira,
no muro que separa o corpo das palabras.

Carta de viños:

Chandon de Briailles

Chegada foi a tarde do príncipe dos bardos,
o día que as idades soñaron coñecer,
o tempo prodixioso das lámpadas escuras,
a época feliz do canto e da memoria.
O viño que preludia o tráxico da hora
ten nubes que aventuran acaso unha tormenta;
o vento sobre as harpas derrama os seus acordes
e volven violetas e tintos xa esquecidos.
Que foron derrubadas as portas de Noé,
que alguén chegou rompendo cancelas no solsticio,
que foron masas longas de xente a procurar
os índices das vellas colleitas abatidas.
Oh épico e feliz o tempo das hortensias,
oh lento o seu murmurio de lámpadas e canto,
as luces que preludian o tempo prodixioso,
e as portas de Noé, cancelas no solsticio,
cos viños a emborcarse na rúa sobre as horas.

29

Muscadet

Non sei de que están feitas as uvas, de que lúa
provén esa dozura que deitan polos labios
no instante de perder a vida, ese clamor
rotundo dos seus corpos como esferas.
Tamén son ignorante das vellas variedades,
aquelas que bebían nos ágapes de Baco
as deusas, as escravas, os bardos de occidente.
Mais poucos son os viños que puiden derrubar
na alma como un río de froitas e silencio.
E menos, entre estes, aqueles que sentín
perderse pola lingua nun hálito de música,
o mesmo que se a noite solemne me espertase
e andase coas súas lámpadas furando a escuridade.
E, acaso, deses poucos, ocupa o sobranceiro
lugar aquel tan cálido, espeso, esvaecido,
que alguén nos regalou chegando a Montlouis.
Catar aquel xarope oh fíxonos oír
as augas preguiceiras do Loira cara a Nantes.

Medoc

Dos pousos que deixaron os viños que bebín,
aqueles gorentados no inverno na distancia
ou eses que soñaban a luz do sol de Grecia,
ningún máis acabado, máis limpo no padal,
que aquel co que brindamos nas terras do Medoc.
Se agosto estaba cheo de feiras e de festas,
o día derrubando no cénit do seu brillo,
ti andabas concluindo a vella ladaíña,
roendo unha mazá de soños, a laranxa
que a tarde derramara no rumbo cara a Francia.
Non foron ebriedades de viño o que sentín
senón unha lixeira fatiga, un arrebatado,
un círculo fechado, vertixe polas mans,
estrelas que distantes deixaban a calor
da luz do mediodía no peito transpirando.
Así que non xurei, non dixen. O silencio
abriu como unha carta o voo da eternidade.

30

Das Rheingold

Non era deses tintos que soen permanecer
na boca como orballo de cinza ou de silencio
nin tiña esa frescura das lamas invernaís,
a lírica alianza de terra e flores murchas,
mais lía a pel dos labios co tacto dunha uva
e mesmo acariñaba o fondo do teu ventre
deixando un voo manchado coa borra do delirio.
Non sei de onde proviña. Si sei que era do Rhin,
das terras en que a serpe do río se fatiga
lentísima en meandros de viña e cereal,
da terra en que a fronteira agarda máis alá
en campos disputados en décadas sen conta.
De todas as garrafas que abrín na miña vida,
aquelas que me deron acougo na tristeza
ou esas que empreguei no brinde ou na derrota,
ningunha máis distante da néboa ou do luar
que a escura, case negra, bebida xunto a tí
a noite en que chegamos a Alemaña.

Estampas clásicas

Aquiles ante o ocaso

Das flores que promete abril desde a distancia
con longas enxurradas de augas a caer
nas abas dos outeiros, semellan estar vivas
algunhas que esquecín, tamén que descoñezo,
esoutras debuxadas nun cadro ou nunha ánfora
e aquelas que torceron de tanto florecer,
viradas para sempre a un sol que esmorecía.
Vereinas desde o alto da torre engalanada,
o mesmo que se ven crepúsculos, tormentas,
camiños ao pasar nun coche de cabalos.
Mais xa non hei de ter a vida que demandan,
os anos que perdín gañando a madurez,
os meses que afundiron nun longo pozo branco.
Ah, Zeus, que expiación debera o pecador
por tanta vida habida, por tanto camiñar,
que pago polo tempo bebido como un viño,
deitado polo chan na festa e no banquete.
Que débeda imposible xa nunca de saldar.
Que empréstimos tan caros, a vida e a beleza.

31

Monólogo de Sócrates á espera da cicuta

Eu mesmo teño dito en contra da certeza,
en contra dos que afirman e nunca teñen dúbidas,
en contra dos que xuran por deuses e verdades,
en contra dos que, aínda, prometen desde a fe,
seguros posuidores dun dogma e dunha estrela.
Aquí, sen ir máis lonxe, nos mármore da ágora,
deitei a miña escasa facenda de esperanza,
dispuxen moita noite e pouco mediodía.
Mais digo agora en alto, que todos me interpreten,
non doe este camiño sen pedras que pisar,
sen herbas que amolezan o peso dos meus anos,
sen augas que refresquen o corpo do cansazo,
ben máis que se voase lixeiro como a brétema,
fugaz como o pardal, sutil como o estorniño?
Oh fáciles as vidas daqueles con razón,
daqueles con discurso de pedra e dominante,
daqueles que pretenden, oh, seren as palabras

certeiras realidades, amparo onde acollerse.
Mais tráxicos, terribles, os golpes contra o mundo,
batendo coa ilusión nos muros da tristeza.
Escoita, pois, se queres, lección deste exiliado:
Dubida mais non deixes por iso de queimar
o soño dos ladróns, dos loucos poderosos.
Erguida esta consigna promove contra eles
a única batalla sen marxe de derrota:
o mundo segue a dar mil voltas cada pouco
e todo vai caer, as torres dos imperios,
as portas dos palacios.

De amore

Falei algunha vez das torres que caeron,
do triunfo do devir por riba dos palacios,
de como o tempo impón sereno o seu destino,
pisando as cidadelas, os fortes baluartes
que fican estragados, en cinza a derramarse.
Tamén falei outrora daquilo que perdura,
de como o tempo deixa sinais e cicatrices
e marcas en lembranza de antigas primaveras
e cartas como anuncio de invernos do porvir.
Mais non falei abondo de Amor, ese inimigo,
nin dixen claramente dos roubos que executa,
tampouco dos seus crimes, estafas e vinganzas;
dos miles, dos millóns de vítimas que deixa
chorando sen consolo incendios, desmesuras.
Nin souben advertir tampouco de Tristeza,
a noiva que Amor leva cantando no seu carro,
a vella prisioneira que adora e que tortura,
que goza cando o látigo nos aires asubía.
Que Amor vai namorado e nunca ha de pousar
as mans sobre o teu lombo, a lingua na túa boca.
Si, si, ese cantante de Amor, o foraxido

32

Nietzsche ante a loucura

Xurei algunha vez que había de deixar
o hábito infeliz de frecuentarte
e ir por outra senda camiño da beleza.
Mais vexo que non puiden cumprir o xuramento,
ser fiel a unha promesa estúpida e febril,
e sei que, pola contra, ti es a preferida,

aquela que adormece comigo nos seus brazos,
e leva a miña mente por túneles e covas,
por pozos, por eclipses, por prados no luar.
Acaso non debera. Tería que coidarme.
Os médicos anuncian que podo recaer,
pasar a derradeira etapa da existencia
sumido no silencio nalgunha institución
penando por vivir tamaña desmesura.
Mais eses son os fados e os astros que me orientan,
mariño a contemplar a azul cartografía
da noite que te enche, oh crise da razón.

Insólitos monólogos: Adrián Solovio a Marlene Dietrich, Berlín, 1930

Os días que me queden aínda por vivir,
os meses ou os anos que deba de agardar
cargando a doce mole do peso da existencia,
quixera eu derramalos á beira da túa luz,
sentindo o voo melódico da música a zunir
o mesmo que unha abella en prado delicioso.
É luxo que me impoño, exceso innecesario,
acaso un arrebatado, un rapto de desexo.
Mais nunca fun alleo de Venus aos caprichos
e sempre fiel seguí o curso dos seus pasos.
Dirán que andei perdido, que erreí a miña vida,
que torpe me adentrei en selva pedregosa,
que inxel dilapidei fortuna e existencia.
Mais esas son as regras do xogo da ruleta:
ou gañas e consegues imperios e facendas
ou perdes e arruíñas a casa e o negocio.
Arríscome a gastar o resto dos meus anos
seguindo a longa estrada camiño dunha feira,
camiño dunha festa en noites de verbena,
camiño de teatros no inverno máis fecundo.
Arríscome a volver de novo nun cruceiro,
andar de porta en porta pedindo algunha esmola,
seguir desde unha aldea o rumbo cara a outra,
feliz como os moinantes, os pobres, os saudosos.
Non outros os destinos que sempre desexei:
un voo de ave lixeira na tarde polos campos.

33

Crónicas do sochantre

Ninguén para a pensar que pasan estas cousas.

E un día, sen sabelo, despois de moitos anos,
Descobres que xa tes comida e gorentada
A parte que che toca da torta da existencia;
Que, acaso, se vivises aínda un pouco máis,
Coa sorte de poder compor outros poemas,
Xa non te arriscarías igual que te arriscaches,
Que nada se repite, que o tempo xa pasou,
E agora a percorrer aínda o que che falte
O moito, ou máis ben pouco, que teñas que esperar
A negra dilixencia daquel bombardinista
Por terras de Bretaña.
Que goces da súa sorte, que sexas como el,
E poidas regresar,
Feliz,
De novo
A casa.

Ariadna

O vento que abre o inverno provén dunha distancia
disposta polo lenzo da tarde contra o ocaso,
un punto en que converxen a liña do silencio
e o círculo do son que espera pola noite.

O vento xace alí soñando unha chamada,
á espera dunha pinga que caía para alén
das árbores e os cisnes nos cólicos do espello.

Eu vexo ese lugar ollando para o sur.
Non vexo a miña imaxe, o asombro do meu rostro.
Só vexo un eco breve de músicas perdidas,
cancións que se vertebran nas páxinas do mar
e soñan con deterse xa tarde nunha dársena.
Non vexo aquel salgueiro que hai tempo deleitaba
nas sombras da conciencia un lago de auga gris
silente a espaxear nas ondas o seu verde,
escuro como un voo, brillante como a noite.
Nin vexo como afunden os barcos consumidos,
as páxinas gloriosas, os ecos daquel longo
discurso derramado, as flores da tristeza.

Mais vexo como atacan o centro da canción
un voo de orquestra grave
e o fío que unha fruta deixou andar perdido
en busca dos enigmas nas vértebras de Ariadna.

Narciso

A torre foi entón un oco fronte ao mundo,
Lugar para o silencio, estancia do baleiro,
Un cuarto sen ornato, o branco das paredes.
Alí ninguén chegaba. Só un día atrás de outro
Saían as palabras, os soños, os recordos.
E pouco máis había naquel desdebuxado
Recanto para o olvido.
Así, desocupado, sen mobles e atavíos,
Fiquei libre de min, señor e maxestade
Dun reino que perdera confíns e territorios.
Imperio reducido a un mínimo lugar,
Dominio sen herdade ou patria sen facenda.

Por iso unha mañá logrei ollar o espello,
A lúa que fulxía no azougue do cristal,
O vidro máis opaco fundado nas orixes.
Perdera no camiño celestes municipios,
Provincias desoladas, distritos doloridos,
Comarcas abatidas, palacios de fatiga.
E aínda outros enseres, trebellos, utensilios,
Inútiles e tristes, caducos, inservibles.
O espido viaxeiro, xa náufrago e perdido,
Chegaba entón ao núcleo, á médula do centro.

Hamlet I

Entón mirei que viña a sombra de meu pai
feliz entre os murmurios dun antigo clarinete
e souben que eran días de presenza.
Non tiña a luz azul dos corpos consumidos
tampouco a sombra ingrata dos ollos esgotados
nin voos de antigas aves a furar
as tardes sobre a lámina do peito.
Mais ben era un silencio unha ferida
un canto que baixara a camiñar
no vento que fumega entre os salgueiros.
E vin que atravesaba unha palabra,
a sombra dalgún nome ese vocábulo
da música feliz.
E púxenme a dicirlle catro cousas.
Acaso algunha menos. En fin
que conversamos.
Corría polas augas o outono sixiloso,
espellos dun verán que se perdera

e o mundo tiña séculos de sede.
Chovese o que chovese xamais cancelarían
as chuvias unha débeda sen fin.

Hamlet II

Daquela fomos dando mil voltas ao naufraxio.
Turraban os cabalos dunha escura dilixencia
e nós, como unha harpa, seguíamos detrás
deixando que o camiño se alongase,
que o tempo fose dando unha virada
por fontes e por pontes.
As fontes de saciar aquela sede.
As pontes de salvar aquelas chuvias.
E todo viña envolto no silencio.
As áncoras que outubro pondera nos inicios
do outono gorentoso
tensábanse coa forza da enxurrada
e tardes puiden ver no límite do tempo
a arderen como fachos de nostalxia.
E templos derrubaron as augas no percurso
e torres vin caer e pórticos e casas
pois era o mes azul da apocalipse,
o túnel que vertía no íntimo dos pazos
un voo de fume absurdo pola herba.
Eu tiña por entón o corpo consumido
nun baño de fatiga,
vertía entre os meus dedos a cinza das hortensias
e a palma estaba branca das mans como un milagre.
Oh dime que non foron tan certos estes feitos,
que minto como menten as lágrimas e as horas.

36

Das fliegende höllander (O Holandés Errante)

A nave esmacelada, as velas afundidas
na antiga desventura, no íntimo desastre
dos ecos da soidade, aquel reverberar
que agora rexe a terra sen lei e sen afecto
como un pó que o vento fose solitario a espaxer
sedento como o sal e triste tal Saturno...

a nave esmacelada, digo, insisto,
chegou ao porto ingrato das últimas feridas,
despois de andar perdida nos pánicos da néboa,
na sombra a cunca erguida de brindar,
na voz unha laranxa florecida
en maios que pasaron e perdemos.

Coñece ben o río destas augas,
o xeito en que a harmonía dos astros nos convoca
a un tempo de esplendor
a década que dorme no fondo dos faiados
desde hai séculos e séculos.

Non son máis que dez anos ou cento vinte meses,
dous lustros de instaurar
a antiga redención.

A nave esmacelada na antiga desventura.

As velas afundidas no íntimo desastre.

Pervivencia de Van Eyck

das táboas que pinteí alá polas holandas
hai moitas moitas chuvias
regresa algunha vez nun sopro ou nun tremor
a luz daqueles rostros á beira da xanela
tecendo a flor do ocaso nun soño aristocrático

eu era só o pintor nun mundo no que había
cancións como laranxas e túnicas caídas
e lentas augas murchas paradas no canal
ao pé daquelas casas tan baixas como a sombra

eu era só aquel home que errante retrataba
as damas e as familias da nova burguesía
e as clases que aos poucos medraban co comercio

non tiña o meu oficio máis mérito que aquel
de ver pasar os días nos rostros que pintaba
e ser quen sinalase nos tránsitos da pel
a flor que murcha abría un voo de inspiración
minúsculo arrebatado do aire sobre o peito
o instante en que se paran os tempos e devén
a morte como algo incerto e moi abstracto

das táboas que pinteí conservo só a memoria
as longas humidades que os músculos herdaron
dun tempo que era néboas e chuvias e poallas

Francesco Guardi

Todo aquilo que fundaron os humanos, con traballo,
con vontade, con astucia,
con esforzos, con afáns,
con desvelos, con xexúns,
con talento e dilixencia,
ha pasar.

Como pasaron os imperios
e os exércitos gloriosos,
os monarcas coa súa pompa e as princesas,
grandes cortes, comitivas
con escravos, con leóns,
con xirafas e elefantes,
estandartes dunha gloria.
Todo foi vertido en cinza,
refugallo dunha época.

Por que ti, maldita arte,
habías de durar,
arrastrada polo vento
nos depósitos de pó.

Enigma

As flores que dá Enigma son sempre deliciosas.
Ignotas ata o día de velas florecer,
os talos que as sosteñen e os ventos que as abanan
son forzas que litigan, que buscan a victoria,
o mesmo dá que sexan magníficas, vermellas
ou tristes e ruíns morando polos prados.
Enigma sempre ensina algunha na lapela,
ningún dos atavíos que soe presentar
carece dese toque distinto de elegancia,
refuga esa presenza cromática de flor.
Por iso anima Enigma a luz polos camiños,
as brétemas e as chuvias lixeiras como o orballo,
o longo atardecer de sol case amarelo,
prendido polas froitas das árbores floridas.
Enigma, o melodista de arcano canto escuro,
aquele que derrubaba a voz contra as adegas
ou viña con sombreiros tapando todo o rostro,
feliz compositor de limpas partituras,
sen mobles a súa casa, sen cama onde durmir.
Enigma, o vagabundo, o músico falaz,
que toca con sordina cancións do esquecemento.
Enigma, ese que morre e, ao pouco, resucita.
Enigma, o que se perde nos cruces dos camiños
e vai deixando fitos de pedra polos campos
e pedras esculpidas con fondos xeroglíficos.

Rap de Nova York

Estábamos daquela baixando por un río
e o vento espreguizaba as árbores con voos
lixeiros e constantes. O barco era unha casa
de nubes, unha folla deitada sobre a lámina
das augas e chovía, caían entre harpexios
de pingas soidades, refuxios afastados
dos límites do mundo. E ti sempre feliz
a ollar para o horizonte, deposta da túa longa
secreta mocidade, deixando que entre as augas
ficase reflectido o corpo como un eco
que o espello repetía. E ollar o teu cabelo
caíndo sobre as costas, un veo que limitaba
coas nádegas en flor, non era máis que un xeito
de abrir a anoitecida, o fio de relatos
que acenden o solpor, aquel solpor de América
inzado de distancia, enchido de camiños
de ferro polos campos, camiño da metrópole
das torres derrubadas.

Por iso perseguimos o río ata chegarmos
de novo a Nova York. E fomos baixo as pontes
ribeira de Manhattan, as pontes que atravesan
o río cara a Brooklyn, o río cara a Queens,
Manhattan como un longo distrito de tristeza,
con rúas e avenidas de andar sen dirección,
Manhattan como un río de torres sen caer
furado por abaixo con rápidos comboios,
os túneles que baixan ao estómago da urbe,
os pozos que encamiñan o voo da multitude,
nun rápido disparo de carnes e de razas.

Así que abandonamos o barco e comezamos
a liña do verán e fomos ata un punto
de hortensias inda en flor, de lagos reflectindo
as torres máis titánicas.

Ninguén nos perseguía, ninguén quería darnos
un beixo, unha tristeza, un disco que soase
con ecos de distancia na tarde derramada,
pois todos ían sós seguindo unha promesa,
feridos pola crenza da Estatua e as imaxes,
imaxes como vidros das casas e os teatros,
imaxes sen cesar.

Daquela concebimos a idea de ficar,
de abrir esas urdimes de ferro e de cemento
fundando un horizonte. Mais era tarde xa.
A noite consumira espellos e fundira
as lámpadas no fondo dos soños da aflicción.
E tempo non había. Xa todo acontecera.

Por iso regresamos na máquina con ás
blindadas de paxaro . Na máquina lixeira.

Danza

Das moitas melodías que os corpos interpretan,
fugaces labirintos de carne ou de cristal,
a danza está composta de brillos e de espellos,
estrañas metonimias do mundo e do devir.
Por ela pode un corpo fundarse na ledicia,
torcerse nun afago de ventos, regresar
con aves dun inverno, fuxir cara a unha illa,
sen tempo de escoitar a música ou saber
se chove ou veñen barcos cargados con hortensias.
A danza está nas aves durmidas ou no vento,
no río que nun punto solemne precipita
as augas e adormece nas pedras como un voo
insonme que ficase ás ondas entregado.
A danza das estatuas inermes do verán
que dorme amortecido nos corpos sobre a praia.
Estatuas que se achegan ao mar para durmir
e van deitando cunchas na rochas entre as algas.
Deteño agora a ollada nun corpo que se perde.
Os corpos como as aves son sempre unha canción,
un son que se espaxa, un vento que se abre
e arrinca entre as materias vermellas o crepúsculo.
Por iso os corpos poden fuxir ou desfacerse.
Ninguén posúe nunca sequera o propio corpo.
Oh danza, evocación da incerta propiedade.

Tristes

Ninguén che ha de roubar xamais a túa tristeza.
Deféndeala como propia. O último castelo.
Bandeira e baluarte erguidos na derrota.
Ninguén ha de querer entrar nesa cidade,
tomar eses outeiros, por riba das murallas
impor o seu brasón, no cimo dos tellados
os lábaros arriar, o viño ou as laranxas
levar como lembranza.
Por sorte para ti estás ben amparado.
A sorte de andar triste radica na soidade.
Non é pouco proveito en tempos de mudanza.
Non é mala colleita en anos de ruína.
Se alguén quere levarcha non teñas máis reparo.
Regálalla, concede o ben que tanto aprezas.
Ten conta, en todo caso, do rostro que che mostra.
A Morte moitas veces emprega algún disfraz.

Crononimia

O espazo que nomeas, camiños, territorios,
aldeas e lugares, a longa procesión
de casas, arboredas, montañas e palacios,
reúne a cada pouco mil nomes e apelidos,
e todo son palabras formando unha extensión
de letras sobre os mapas, de grafos xunto aos ríos,
ciudades e comarcas, países, continentes.
Mais nunca ninguén soubo disporse a nomear
o fluxo das idades.
Ninguén daría escrito no estraño dicionario
os meses cos seus días, os nomes das semanas,
o longo apelativo das noites e as mañás,
os títulos secretos das tardes e os mencers.
E quen diría acaso os nomes dos minutos,
das horas, dos segundos, as sílabas que mesmo
puidésemos cifrar contando a sucesión
infinda dos instantes.
O tempo non ten nomes.
O tempo vive alén das fendas da linguaxe.

Arte povera

Debuxo sobre a area un círculo fechado
E poño nel un pau, un resto de naufraxio.
E fico a contemplar a obra que me une
Por sempre a este escenario, lugar no que as mareas
Regresan e descansan. Despois camiño un pouco
Tentando non mollar os pés no lento baile
Das ondas a abater un ritmo acompasado,
E sinto como, espidos, imprimen sobre o chan
A liña dun camiño, a sombra dunha vida.
Son estes os trebellos que cabe utilizar
Na busca dun sentido. Non outros son posibles
Se queres empregar a forza do naufraxio.
O resto xa son cousas de máis sofisticadas,
Complexos artiluxios que buscan, entre enganos,
Borrar da nosa mente a morte, a inevitable
Irmán da serenísima, da tétrica soidade.

Dream 9

Dos soños que ficaron ciscados polo chan,
roídos polos vermes do outono e a tristeza,
hai varios que inda gritan felices de vivir,
despois de longo exilio, despois de agonizar,
e mostran sobre o corpo feridas cicatrices
a xeito de bandeiras, de erguidos estandartes.
Son teimas moi antigas, retábulos de outrora,
dispostos sobre a fronte, no centro da cabeza,
e deben de levar comigo tantos anos
que xa non sei se foron vividos ou soñados,
se un día aconteceron ou teñen, pola contra,
a onírica raíz dos soños verdadeiros.

Ti estás en todos eles levando unha equipaxe
de frautas e paraugas, de músicas escuras,
o mesmo que se foses casar cunha tristeza
e un voo de noites aves viñese procurar
de ti algunha améndoa en coche de cabalos.
E eu vexo como chegas dereita contra min,
dereita contra a foto que puxen sobre a pel
armada de extintores e líquidos e camas.
Non queres que me arda a noite cando miras.
Non queres a mirada, o pálpito do mar,
as rúas baixo a chuvia, o pánico das horas.

Advice

Aquelas vellas prazas que outrora camiñei,
seguindo un rumbo exacto na busca do pasado,
de imperios que caeron, cidades derrubadas,
e templos que acendían o cólico da fé,
deixáronme esta forma de andar contra a distancia,
un xeito de entregarlle silencio ou melodía,
verter acaso o mundo en forma de pregaría,
pousar en leito escuro o corpo de tan canso.
Tamén aqueles ríos que souben debuxar
deitando a longa alpaca do inverno na corrente;
as árbores de sombra que foron regalando
mazás como memoria, laranxas como olvido,
leváronme de présa seguindo algunha sombra
a aldeas consumidas ou vilas a crecer
na industria que dá froitos da flor do esquecemento.
Así foron os días que tiveron que vivir,
as ansias que criei soñando contra o mundo,
as chagas que formaron as pedras das estradas,
roendo sen preguiza na planta dos meus pés.
É este o meu consello:
Non sigas este rumbo. Procura outra viaxe.
Aquí non se celebra máis festa que o solpor.
Que a sorte ou o destino che sexan máis propicios
e poidas aínda moza sentir como che rolda
a sona que mereces, o gozo de vivir.

O canto das sireas

Dos barcos afundidos en tempos ancorados
nas páxinas da historia non son estes baixeis,
que o mar guindou furioso na fronte dos rochedos
e fixo espaxer en láminas e anacos
ao longo dun sen fin de praias desoladas,
aqueles que han de encher de gloria e de renome
o sabio que se empeñe no afán de descubrilos.
Máis ben deben ficar ocultos e esquecidos,
remotos no seu fondo de lama e desmemoria
igual que os condenados, os mortos da xustiza.
Que nada asome nunca dos días en que foron.

Eu ía neses barcos. Movía algún temón.
Sabía o rumbo exacto. Os mapas manexaba.
Tamén era consciente da forza das tormentas,
do longo furacán que viña contra nós,
do inútil daquel último esforzo innecesario.
Ninguén baixe comigo aos fondos abisais.
Ninguén queira buscar nos restos un anel,
a lámpada que un día encheu de luz a estancia.
Que sexan estes versos a única noticia,
o canto das sireas, o incerto telegrama.

Poema definitivamente inadecuado para a gloria do seu autor

Agora que no fondo da tarde se derruban
as luces do solpor e o Miño prateado
de plácida maneira repite na súa lámina
a mesma combustión de brancos, de vermellos,
azuis que se escurecen, e eu teño nunha man
un cálice dourado de viño delicioso
e na outra man a túa tecendo unha grinalda
de días que han de vir, permíteme que deixe,
sequera por un intre, tan grata situación
e, absorto na linguaxe, celeste, conmemore
o triunfo da túa pel, o gozo de xa ter
gañado esta batalla, o xúbilo que ofrecen
as chairas alongadas do ventre e os outeiros
redondos do teu peito a un vello combatente
que en outros horizontes feridas recibiu,
perdida a súa bandeira e os ferros do poder
e o escudo da milicia, e soubo da fatiga,
do peso da derrota, do longo dos camiños
que debe un moribundo, insomne, percorrer,
por ver de achar remedio, resposta, explicación,
á infame balacea do desprezo

Comentario de texto do poema anterior, intitulado “Poema definitivamente inadecuado para a gloria do seu autor”

Estase a constatar que o vello que apregoa
as épicas da vida, as glorias da existencia,
prefire lembrar os males coñecidos
que abrirse ao limpo gozo das augas do presente,
obter do tempo vivo o seu proveito.

Así que a fermosura, a plácida beldade
da dama que o acompaña, suposta moza branca,
mal pode compararse coa fusca, coa soturna,
sombria marabilla das dores padecidas,
deleites da derrota e do fracaso.

Por iso o que se canta non é o tempo grato,
non son as doces horas, minutos de pracer,
senón os distintivos, emblemas e estandartes
que os anos foron pondo no peito do varón,
matices que engadir ao gran significado:

É certo que merezo nupcial gacela branca
en horas de vellez pois souben resistir
da morte os seus embates, do óbito o seu signo.

Poetas, compredede. É tempo de deixar
ridículos lamentos, narcísicas medallas,
materias do delirio que acende a biografía,
e xa dese tiránico suxeito liberados
o mundo comprender coas artes como vidro,
cristal que, transparente, amóstrenos baleiro
o tráxico escenario do teatro.

A ti, autor do texto, só podó censurarche
que empregues o teu tempo en artes tan carentes
de outono e melodía.

Nieges d'antan

Mabel Normand 1892-1930

Dispuxo o corpo alí, no centro da pantalla,
e foinos debuxando nos ollos un solpor,
un voo que espaxecía a luz sobre o horizonte,
pois era con certeza da parte máis sombría,
das terras en que emerxen os cólicos das tebras.
Os panos que vestía, as roupas que deixaba
ciscadas pola herba, as luvas ilustradas
con noites que gañara en xogos de casino,
a flor da boca enchida con cinza e refugallos
de antigos amoríos, deixábana de pé
no centro dos insomnios,
chorando por un día que nunca máis volvera,
soñando con fracasos de viños moi escuros.
Non dixo nunca Eu, quizais porque gozou
premendo nos pianos as teclas da tristeza.

51

Gloria Swanson 1899-1983

Ela foi como ningunha o solpor das divindades.
Non houbo vento frío, nin xélida mañá,
nin barco naufragado, nin roupa a clarexar,
que abrise algunha porta ou sombra sen permiso,
sen venia para encher o corpo de tristeza.
Pois todo estaba aberto no pozo dos incendios,
o saco en que deitamos as tebras que se acenden,
a alfombra en que pousamos os pés para chorar.
E todas as mensaxes pegadas nun espello,
pegadas na xanela que daba para o sur,
que daba para o campo da flor do esquecemento.
Non houbo corpo frío,
nin roupa de mañá,
nin porta naufragada,
nin vento sen permiso.
Ela foi como ningunha a xanela dos incendios.

Theda Bara 1885-1955

Houbo neves que xamais se derreteron.
Só deixaron de chorar.
Unha delas puxo un dedo sobre o rostro da tristeza
e filmou como chovía pola fronte dos invernos
e pintou como vertían as semanas o seu pranto.
Fixo tantos fotogramas que ata o tempo se parou
ata o sol ficou deitado a contemplala.
Era branca e tiña o peito florecido de cipreses
e as palabras con cabalos como espazos sen distancia
as palabras como un pozo de misterio.

Clara Bow 1905-1965

soñei que regresaba con ela a outro país
un barco transportaba na néboa a nosa voz
e eu tiña unha carteira con símbolos gardados
un saco con especies e restos de mazás
non sei o que dicía mais podo recordar
que ardía entre o cabelo e a luz dalgún silencio
e ás veces cando entraba no inmenso restaurante
botábase a bailar botábase a sentir
a música que viña nalgũa caixa rota do sur do esquecemento
non puido ser durou o que duraban daquela as travesías
mais sei que alá no fondo dos bosques da memoria
no límite da fraga que un poida camiñar
ardendo como un faro no inferno dos recordos
están os nosos corpos escuros e abrazados
escuros e dispostos de novo para o século

52

Edna Purviance 1895-1958

alguén debeu pensar que aquela era unha boca distinta e sen carmín
os labios como un froito da árbore do amor
o queixo como a proa dun barco moi antigo
os ollos como lúas satélites a dar
mil voltas sobre o ceo que a cámara filmaba
mais todo era ficción o voo dalgún fantasma as luces estreladas
e a flor que se esparexe en pálido xardín seguindo unha derrota
e vai ciscando lavas de abril e primavera
ciscando unha guitarra que arde e fai fuxir
paxaros como hortensias no límite das augas

porén todo se apaga por hoxe xa chegou
mañá será outro día
así traballa a industria de filmes de ilusións
así se inventa o mundo
tamén por iso brillan as sombras desta dama

Constance Cumming 1910-2005

Non houbo nada nela que houbese que esquecer.
Un rostro pode ás veces gañar esa brancura, verter a palidez
do tempo derrubando castelos e palacios, gobernos e fronteiras,
e ser como un milagre de lóstregos soñando,
de lóstregos rompendo os círculos da historia.
E nela foi a luz un río de prodixios.
Lembrámola facendo *Glamour*, unha película
de músicos e mozas coristas que procuran
a lámpada da gloria.
A neve tivo nela un eco e un espello.

Barbara Lamarr 1896-1926

Dicían que levaba tatuada unha canción na fronte da súa alma,
un voo de clarinetes nevando sobre a chaira da década feliz,
un vento de motores batendo contra o fondo dun mar sen horizonte.
Tamén que padecía exceso de beleza e o vicio sideral
do azucre e dos narcóticos.
Deixou vinte miradas e un xeito de pintar
os labios como entrando nun templo ou nunha torre.
Dos filmes que gravou lembremos este título:
O Corazón dunha Sirea.

ZaSu Pitts 1894-1963

o corpo que levaba na altiva primavera
non era o que deixaba caer pola lembranza

perdera algo de masa muscular
tamén o corazón
batíalle máis forte
e vía algunhas nubes pola sombra
parásitos estraños
fragmentos dunha néboa tan antiga

que dera en situarse no centro da mirada
e o mesmo que un solista nun concerto
solemne lle impedía oír o voo das trompas

o resto era inocente
fervía por agosto
e tiña nas laranxas os obxectos
de todo o seu desexo

o rostro que mantiña oh si era un engano
o pouso que deixaran nas meixelas
dous cólicos de sombra
e o medo
o medo que abre un porto a unha tormenta
e esquecese do acougo

tamén levaba un pouco de derrota
sabor de antigos días
prendidos polas beiras dos labres
o signo sideral das rodas dos planetas
caídas entre os beixos que non dera

e ardíalle o misterio igual que unha faísca
un lume orixinal unha tristeza

Un vello electricista

É certo que o solpor que medra por outubro
Ten páxinas de longas distancias coroadas
E flores con espiñas na música da tarde.
El trae os seus cadernos, con notas e debuxos,
E vainos espallando no asombro destes campos,
Deitando algunha pinta na liña do horizonte,
Tamén espaxando palabras sobre o mar.
E faino con silencio por máis que algunhas veces
Paxaros e salgueiros ao son do vento sopren
Cancións que se perderon, insomnes serenatas
E cólicos de aire que buscan a frescura,
A liña que un agudo piano desenvolve.
E é certo que o solpor vén canso derrubando
Os líquidos escuros con lenta inspiración,
O mesmo que se fose un vello electricista
Que acende as luces murchas dun campo para a festa,
As lámpadas que logo darán esa visión
De sombras e de brillos, de asombros na alta noite.

Istanbul

O mesmo que alguén entra a lombos dun cabalo
Seguindo algún destino na luz da primavera,
Na sala dun palacio con música a soar,
Ferido polo vento insomne dos camiños,
Deixando atrás un día de sol sobre o deserto,
Un beixo derramado por labio de muller
E tres ou catro cartas escritas unha noite
De lúa xunto ás torres fendidas polo raio,
O mesmo, digo eu, que grita embebedado
“aquí poño o meu peito, podedes disparar”,
Así dispoño agora na escrita destes versos
As ánforas e os barcos, o estío en que cheguei
Ao fondo da túa longa efixie derramada,
Oh máxica Istanbul.

O símbolo da morte

Dispón o corpo alí na liña da parede
Debaixo destas sombras de cales estragados
E posa para a flor de luz que xa espárese
A cámara deitando os lóstregos do flash,
A pértega de prata que arrinca un brillo azul
Enriba da súa pel branquísima e espida.
Celebra logo en danzas a lúa que se acende
Nos peitos e no ventre acaso derrubando
A luz en branco e negro o mesmo que se fose
Satélite de cinzas distantes a rotar,
O corpo capturado insólito en acenos
De asombro, en imposibles cadoiros polos brazos.
E na fronte leva escrito o signo da tristeza.

Parada logo en vidros, espellos que devolven
Un círculo de cinza, un cólico de luz,
Apura os viños densos, de sangue culminados,
Dispara algún foguete nun soño de mirada
E sente o desarraigo do corpo tan espido,
O corpo que se prende ás vellas luminarias,
O corpo que abre zanzas de sombras cicatrices,
E asoma un beixo leve do encontro dos seus labios,
Os labios que separan o mundo unha fronteira.
E na fronte leva escrito o símbolo da morte.

Monólogos Chopin

I

Son moitos os que pensan que debo debuxar
figuras máis felices no voo dos meus murmurios,
acentos máis agudos alén da orquestra en sombra,
e xa non consumir as tardes entre hortensias,
as tardes entre pingas de chuvia no piano.
A música que xero é sempre tan modesta,
dilúese entre os ecos das frautas apagadas,
que nunca chega alén dos bosques acendidos,
das liñas que debuxan as ás dalgúns paxaros.
Mais nada me preocupa. Quen teña o corazón
no cárcere penando, cumprindo unha condena
de antigos remorsos, gastando os seus aforros
nos grandes almacéns que habita Escuridade,
saber ben saberá o incerto da consigna,
o pouco agradecida que é sempre unha linguaxe,
o peso que executa o tempo sobre os labios
deitando o seu discurso de queixas tan amargas.

58

II

Achega nese vidro que ergan as túas mans
En brinde de agasallo ao tempo misterioso
Un voo de viño azul, escuro até o vermello,
Sabor de arxila vella e vides baixo o sol.
Serán os novos xeitos que teña o firmamento
De entrar coas súas fogueiras no límite dos ríos
A impor un lume escuro de áncoras nas augas
Acaso esparexendo un sangue vexetal,
Ou pedras diluídas en prantos milenarios.
Despois regresa ao leito e dorme compracida
Por ter amoreado nos labios, polos brazos,
Un voo de beixos cálidos, sonoras percusións
Das bocas contra a carne.
E pousa entre os misterios dos soños a ferver
Azucres que verteron as linguas con paixón
E restos de tristeza nas beiras derrubada.
Pois todo pasa e muda e nada ha de manter
Os mesmos alicerces, idénticos cimentos,
Prepara a túa bagaxe, feliz, para ese día
Do inicio do mar e o camiño nas augas

Á procura das illas dos mortos no ocaso.
E cesen bagatelas, os fáciles presentes
Que honran a túa estancia, os cuartos en que vives,
Cargada de atavíos, de roupas infrecuentes
E tintes para os ollos, e máscaras, disfraces.
E deita o corpo espido sen nada que o separe
Dos aires que han levarnos ao indómito fracaso.

III

Ninguén che roube nunca de Noite a serenata
Pois son as súas melódicas, mistéricas cancións
Sinais de que no escuro existe unha linguaxe,
Un código roubado ás brétemas do ocaso
Con barcos transportando bodegas de mercurio.
Ninguén poida cegarche a ollada contra Noite
De tanto como fere a luz dos seus contrastes
Nin teñas dos seus labios máis beixo que o das tebras
Pois son os seus galantes, estraños agasallos,
Materias que han ficar no límite das horas
Deitando escuridade.
Que Noite che regale un pouco do esplendor
Que incendia na distancia, queimando acaso naves,
Secretos almacéns con caixas de carbón,
Paquetes que se envían ao sur do esquecemento.

59

IV

Escoita o longo exilio da tarde sobre o mar
Agora que este tempo xa esvara de preguiza
E pon metais candentes e máquinas de chuvia
Nos templos en que dormen ausentes os cabalos.
Escoita como chega, os días derrubando,
En láminas de antigos diarios e almanaques
Gardando entre os misterios da brétema unha voz
Que grita como gritan as aves contra as casas.
E soña que esa escoita de música e silencio
É sombra que esparexe a noite en porcelanas,
Un voo de vidros rotos caendo entre os pianos,
Azul como un harpexio de líquidos e chagas.
E escoita a luz do corpo chegando para dar
Leccións de melodía nas vellas alamedas
Erguendo en tubas altas o brillo da cervexa,
En cordas aforcando o pranto do violín.
E deixa que che entre na casa dos oídos
Aquel bater de ondas e naufragos pianos

Sen illas en que atar as cordas dos navíos,
Sen portos para abrir as caixas da tristeza.

Arte de afinación

Afino as cordas vellas da tarde no piano
E prendo unha candeia de cinza ou de solpor.
Atrás fican impresas as túnicas de auga,
O lento refrixerio das notas a pingar
Un longo acorde fresco, sinais de que ha chover
Se antes non regresan as aves consteladas.
Levanto a tapa enorme da caixa sonora,
A caixa na que dormen os xeos e o fulgor,
E pónome a pensar se acaso non serían
Benéficos lugares pra darmos acollida
Ás aves africanas, aquelas a soñar
Nalgún lugar remoto cun voo de sono fráxil.
E así pasan as horas, seguindo a proporción
De escalas e de harpexios, o mesmo que se fose
A tarde unha columna do templo da existencia
E a noite un vello altar con deuses invisibles.

A sombra do camiión

Daquela oíu chegar a sombra do camiión
Un buque devorado de chuvia e de ferruxe
Portando unha mirada de incendios imposibles
Un buque que era nave Ninguén para a tristeza
En caixas case rotas os líquidos da tarde.
Ninguén era moi neno choraba de vagar
Non tiña máis que lágrimas de vidro devalando
E fóra estaba escuro chovía sobre os ríos
Mollábanse de néboa de frío aquelas augas
E todo estaba alí disposto sobre o buque
Subido no camiión do último transporte
Levado polo río no barco do silencio
As caixas que gardaban a chuvia cos seus vidros
E os vidros que levaban as fotos da tristeza.
Así que oíu daquela a sombra do camiión
O buque debuxando a sombra que chegaba
A sombra como un frío de chuvia e de ferruxe.
E a tarde estaba alí parada contemplando
Parada a posuír cos ollos a tristeza
As caixas que levaban a néboa cos seus fríos
As caixas que gardaban as lágrimas da noite.

Interpretacións de Claude Lorrain

I

Lorrain sempre proclama que nada ha de pasar,
Pois todo aconteceu e o tempo está detido
Por máis que aínda sucedan discursos e pregarías.
O río que xa flúe non é máis que unha forma
Espuria do devir, as falsas aparencias
Do ritmo constelado.

Mais todo fica quieto.

Parada estrelecida da noite sobre os campos.
Despois pode chover. A morte ter lugar
Nalgún corpo ferido. Recentes animais
Xuntarse a copular debaixo da luada.
Mais nada que deteña a paz desta quietude.
Lorrain está parado. Non ten outra tarefa
Que ollar como se perden as aves na distancia.

II

Xamais comprenderei os signos que me cercan:
Os montes, o solpor, as praias consteladas
De néboa, os arrecendos das flores e dos peixes.
Xamais. Inda que a chuvia se achegue e desdebuxe
Algúns dos seus perfís. Eu sempre ignorarei
As músicas xeadas que adornan os seus mantos.
Pois todo está disposto a xeito de mensaxe.
Que inútil, pois, Lorrain, oh ti que tanto escoitas,
Tentar sequera un intre algún deses sentidos
Que o mundo vai cobrando, segundo tras segundo:
Que todo vai moendo a roda do devir,
A roda xigantesca dos lumes do crepúsculo.

III

Acende agora un lume con restos de naufraxio,
Madeiras que chegaron de barcos afundidos
E caixas arribadas á praia no solpor
Levando só misterio, enigmas de salitre.
O mar aquí deitado depáralle unha voz

De ritmo no seu lento discurso acompasado,
O ritmo dunha onda que chega e desdebuxa
As marcas, curvos trazos, de ondas anteriores.
E así pasa unha hora,
O lume a espaxear o gris das fumaredas
No esmalte da distancia e os restos dun azul
Disperso, esvaecido, sumido na tristeza
Da tarde case rota, farrapo da xornada.
Feliz quen prende un lume, medita para si,
E ten para quentar o corpo algunhas táboas,
E o mundo aquí disposto, xacendo nesa alfombra
Infinda dos camiños. Felices os que agora,
Idénticos a min, os homes interpretan
Ben lonxe do seu trato.

IV

Empéñaste en dicir palabras que de certo
Non han ficar escritas nas páxinas da historia
Mais sabes que é preciso, Lorrain, espaxear
A prata que refulxe no fondo dos vocábulos
Igual que se espaxeen sementes sobre os campos,
E logo, polo outono, nas tardes en que aínda
Setembro se arrebatada de sol e de calor
Pasares coa carreta e os cestos a coller
As flores que xurdiron, os froitos madurados.

V

Erguido entre as materias que a tarde foi pousando,
Celeste no arrebatado do corpo a regresar
Por hortas e por viñas a un templo derrubado,
Celebras nese tinto que os labios condecoran
Os séculos de amor, os longos decorridos
Dos brazos e dos beixos seguindo unha fragancia.
A pel dispónse clara, asume cada val
En rápidos meandros, e chega sinuosa
Á terra de Ninguén, Ningures, o lugar
Das uvas deliciosas e as vides da ebriedade,
O sitio en que os cabalos regresan a deter
A flor dunha carreira de ríos e distancia,
E ti, vello Ninguén, alí sempre deixando
O espello da nudez nos longos territorios
Dos viños decorados, os viños que inspiraron
A brétema do val.

Ninguén a percorrer as néboas de Ningures.

VI

Que lentas estas néboas que a tarde devalando
Xa arrinca do solpor.
Percorren o camiño, salgueiros xunto ao río,
E van pola distancia deitando unha fariña
De albas ou de aves, acaso unha tristeza.
Semella que a calor erguese desde a terra
Un súpeto arrecendo de fantasmas,
Espectros que se deron a errar polos camiños
Seguindo algún farrapo de brétema nas xestas,
Lixeiros atavíos no mar da transparencia,
Agora que o declive do día xa esparexe
As pontes derrubadas de marzo para abril.
Que fas, vello Lorrain, que a nada xa te arriscas?
De quen depende agora o río que se abre
E segue o leito denso da boca entre palabras?
Son restos dun incendio ou música calada?
Son aves achegadas das Áfricas distantes?
Que lentas estas horas que as néboas devalando
Culminan de solpor,
Lugares para entrar no sono e na preguiza
O mesmo que alguén entra nos templos entre flores,
O mesmo que alguén foxe das praias entre sal.

64

VII

Deberon regresar entón aqueles barcos,
Os barcos que Lorrain gardaba sobre a pel,
Os barcos que fixeran mil millas debuxando,
Deitando sobre os sucos das augas a moeda
Do sol como unha efixie de incendios e de ouro.
Máis el non os mirou, non soubo contemplalos
De pé sobre as torretas do vello invernadoiro,
Do templo en que se dera un día a cultivar
As rosas da mirada, dos anxos abatidos.
Estaba tan absorto, chovía algunhas tardes,
Que nunca procurou o mar sobre a distancia,
Xamais se lle ocorreu abrir unha xanela,
Abrir aquela néboa en busca dunha nave,
Seguindo a singradura no curso das gaivotas,
Pois tiña que chorar e os ollos se lle enchían
De chumbos e de ferros, de xofre e de salitre,
E as rosas non medraban, querían que esas bágoas

Servisen de alimento, nutrisen o seu voo,
Camiño dunha altura de pétalas abertas.
Por iso non ousou gritar que xa chegaran
Os barcos ou as rosas, os anxos e as miradas.

Roupa

Derrubo nos meus soños a torre de Ninguén,
O sopro de distancias que un día se erixiu
A xeito de soidades.
E escoito o fumegante
Estralo de abater os círculos de cinza
E as caixas para a sombra.
No chan fica dispersa a erguida construción.
Xa nada existe agora que poida contemplar,
Silentes edificios ornados de tristeza,
O espello no que vía os corpos dos fantasmas.
Adentro entón a boca no fondo dos roupeiros
E beixo aqueles traxes que un día me vestiron,
Chaquetas e gravatas que puxen para entrar
Nos templos entre flores e músicas e canto.
E vexo o seu baleiro, a insomne proporción
Das mangas e a cintura, das pernas e do colo,
Figuras e perfís que deron acubillo
A un corpo atravesado por frechas ou espiñas.
Qué triste era portar aquelas vestimentas,
Sentir que che adornaban o peito, o tronco todo,
Ninguén alí debaixo erguendo o leve peso,
Murchando entre os azuis das sedas e a brancura
Do liño entre algodóns de túnicas e mantos.
Ninguén sempre levando a roupa para estar
Insólito, elegante, solemne, laboral.
Ninguén vestindo os panos de néboa da existencia.
E admito que non son máis que Ninguén:
Aquel que viste sombras e vai polas ribeiras
Da tarde a procurar debuxos de penumbra
Nas casas derrubadas; aquel que viste olvido
E túnicas garnidas coa Flor do Esquecemento.
Por iso son Ninguén,
Tropezo do meu curso no espello da existencia,
Rotura dos cristais que finxen a mirada
E dan para unha imaxe de brétema e de cinza.
Ninguén, o vagabundo, o insólito rebelde
Que foi por eses vales soñando debuxar
Un voo de tardes dadas nos círculos da sombra
E deu con vellas flores, hortensias e fracasos;
Ninguén, o que levaba a tráxica carreta
Do espolio dunha casa de súpeto fechada
Por longos arrepiós, tremores de distancia;
Ninguén, o cabaleiro, aquel que se deitou
Nas pozas onde paran as rápidas derrotas
Das augas devalando camiño dos seus mares;
Aquel que puxo os ollos con xeito de soñar

E dixo para si, o mesmo que se a voz
Solemne procurase un ermo na paisaxe:
“Eu son Ninguén Ninguén, camiño de Ningures.
Por diante do meu corpo só néboa se espaxe”.

O brado. interpretacións do cadro de Munch

I

Ninguén chegou un día e dixo que era tarde
Que alguén puxera música na torre de soñar
E as nubes que impregnaban o ceo de melodía
Partiran carretando a esponxa da distancia.
E así Ninguén deitouse debaixo das maceiras.
Sentía os arrecendos dos froitos a medrar
E quixo que ese doce xarope da materia
Deixase un eco grave nos pórticos da boca.
E deu algunhas ordes, Ninguén, para que todos
Abrisen as xanelas e oísen aquel grito.
E todos escoitaban as voces a medrar,
As voces que se erguían da herba do silencio,
Que viñan derrubarse no tronco das maceiras.
Por iso aquela tarde Ninguén chegou tan tarde.
Non tiña na carreta as raras ferramentas
Que as xentes empregaban nas artes de podar,
Navallas para os cólicos das vides e da hortensia,
Trebelloos afiados que poden consumir
O corpo dunha árbore, se cómpre tal exceso.
Ninguén era, por tanto, o heroe das vendimas,
Un home ou semideus dabondo habelencioso
Nas artes de empurrar abrollos vexetais
A alturas esquecidas no cimo das parreiras.
Ninguén, sempre o primeiro a oír a melodía
Das harpas que arrebatan os ventos por abril,
Tanxendo a corda aguda das pólas máis delgadas.
Ninguén o afinador de acuáticos harmonios,
O home que soprando falaba como os xílgaros,
Feliz entre asubíos de brisa, afinador
Do insólito piano da horta amañecendo.
Por iso Ninguén tiña as artes para rir.
Gardaba entre os cadernos do outono algunhas follas
Que fora recollendo por soutos en silencio.
E, ás veces, a visión daqueles manuscritos
Con signos inspirados na límpida embriaguez
Das seivas percorrendo o tronco dun carballo
Tamén dun castiñeiro, acaso dunha faia,
Facíalle perder, sequera algún instante,
A praia da conciencia, o mesmo que se fose
De súpeto raptado por viños madurados

No cerne da tristeza.
E entón Ninguén fuxía, perdíase no monte,
Deixábase levar por versos e mensaxes
Camiño dalgún río no alto bulicioso,
Un río que nacía fervendo entre penedos,
Seguindo a prefixada derrota da paisaxe.

II

Ignora en que momento da vida comprendeu
Que todo está impregnado de cinza e de tristeza,
O mesmo que se un día a néboa se abatese
E lenta espárese o corpo contra as casas.
Debeu de ser moi cedo, acaso cando aínda
Había nos seus ollos sinais de mocidade,
E, inxenuo, transportaba bagaxes de alegría,
Carretas con fragmentos de outono na vendima.
Debeu de ser alí, naquela casa antiga,
Que adorna co seu corpo algúns dos vellos soños.
E acaso coincidise coa morte do verán.
Non sei que libro lía, se acaso era un volume
De páxinas ou tardes.
Mais pode que nalgunha
Daquelas personaxes erguidas da preguiza
Houbese unha trompeta, un signo de emoción,
Algunha melodía fundida no silencio,
A queixa dun oboe, o grito dunha tuba,
Pois tiñan esas vellas historias unha música,
As longas harmonías da tarde e do solpor.
Por iso lía tanto nos libros da tristeza,
Nos libros que gardaban os días como páxinas,
Volumes que impregnaban de torres e de pozos,
Tamén de chemineas, tamén de soidade,
Aquel entrar no mundo que logo foi fuxida.
Así que lía moito nos versos do solpor.
Chegaron logo néboas e incendios que duraron
O mesmo que duraban castelos e murallas,
Mil días xunto aos ríos que había atravesar
Despois de que selase con pánico os seus labios.
Por iso cando logo chegaron as cancións
E algunha cantinela no íntimo das tardes
El soubo que se abría por fin unha distancia.
E fíxose feliz e viaxeiro, fugaz como unha ave,
Seren e fuxidío seguindo unha derrota,
Seguindo algunha estrada de costas ao silencio,
Por veces un guerreiro con verbos como armas,
Por veces eremita no centro das cidades.

III

Aquel abriu o pozo e púxose a mirar
Se dentro había espellos ou xílgaros ou tardes
E así pasou o día, sen nada que enturbase
Algún reflexo fondo das augas xa durmidas.
A música que viña do fondo do verán
Seguindo unha derrota de orquestras e verbenas
Erguíase en distantes cadencias luminosas
Deixando un son absurdo con ecos de motores.
Porén Aquel seguía ollando para o pozo,
Dispondo a súa mirada naquela estraña sombra
Que ás veces refulxía deixando sorprenden
A foto aparatosa da efixie fulminada.
Por iso ninguén quixo ficar a noite toda
A oír o son do pozo igual que se escoitase
A noite desde a altura extrema dunha torre.
Aquel, o peregrino, sentindo esa atracción
Dos fondos e dos lindes escuros da materia,
Ollando as estaturas inversas dun furado;
Aquel, o sibarita, a ver se se pousaba
A negra bolboreta dun cólico de sombra.

Saturno

I

Ninguén deixou de ser o día en que se viu
Sorbendo o viño vello dos cálices da sombra.
“Aquí chegamos”, dixo, e púxose a mirar
Por dentro as roupas tristes que había nos armarios.
Daquela alguén regou a Flor do Esquecemento
E todos, con Ninguén, sentiron que brotaba
A lava silenciosa das páxinas do olvido.
“Oh torpe relembranza que sempre nos enganas,
Que alguén dispoña agora en círculos de sal
O magma da memoria e acceda a consumir
Os corpos ataviados que danzan sobre ela”.
E todos proseguiron cantando a ladaíña,
A escura cantinela dos viños en penumbra,
A negra sinfonía das pedras melancólicas.
Ninguén, o celebrante, sombrío sacerdote
Dos ritos da tristeza, cantando o salmo azul,
Aquel no que as palabras son brétema nun túnel,
Fariña a espaxarse no cárcere sen luz.
Saturno desde o alto, o astro de chorar,
Guiaba os nosos cantos.

II

Durero está sentado ollando para min
E eu miro os louros bucles, a barba constelada.
Pregunta por Ninguén, igual que se soubese
Quen é e por que vaga as pontes dos países
Seguindo algunha rota de cadros que admirou
E eu póñome a pensar se acaso non será
Ninguén este Durero devoto de Saturno
Que agora me entrevista, curioso, interrogante.
Pois pode que Ninguén, debaixo dos seus veos,
Aspire a este fulgor de séculos pasados
E veña por un río dobrando algún meandro
En barcas semellantes a sol e sacrificio.
Durero con Ninguén sentados a mirar
As néboas que abre a tarde e os fumes da preguiza.

III

Eu chego con Ninguén á casa de Durero.
A tarde asume un lenzo no fondo da distancia
E todo é moi visible, semella que deixei
Atrás a miopía e podo ollar as cousas
O mesmo que o pintor, estraña precisión
Que deixa comprender a esencia da tristeza.
Non sei de que se fala se acaso conversamos.
Ninguén deixa sentir a sede e bebe un viño
Escuro como o sangue da terra e dos cabalos.
E todo medra lento en cores opacadas,
Presenza de amarelos e de cobres,
Vermellos case grises e azul atristurado.
Durero serve o viño en vidros tan antigos
Que a luz se filtra neles deixando unha canción
De cinza e de silencio.
E fálase da tarde.
A tarde como tema dos tres iluminados.

IV

Candeas pon Durero na estancia en que ceamos
Despois de que o solpor derrube a súa penumbra
Nos cuartos e cristais que deixan ver o prado.
Candeas co seu brillo de insólito tesouro
Impondo unha secreta distancia xunto ás cousas.
E os vidros de beber manchados coa tintura
Que acenden estes lumes minúsculos e breves
Disparan manchas longas de sangue sobre o cal
Branquísimo dos muros.
E xiran as conversas levadas por un voo
De límpidos pinceis, relatos que abren cores
E tinxen o papel dos mapas e das cartas,
Centradas arredor, satélite Saturno,
Dos tristes e dos loucos, tamén extraviados,
Errantes con destino de praias e de fontes.
Ninguén deixa caer os dados sobre a mesa
E ponse a contemplar tres números vermellos
No fondo amarelado dos cubos de marfín.
Tres tres que suman nove: o número das horas
Que a lúa xa espárese nupcial ou abatida,
A lúa que ilumina a tétrica visión:
Ninguén, o rei daqueles que dimos en perder
A vida perseguindo a brétema e as nubes,
E o lúcido pintor de prístinos reloxos,

Aquel que deita a ollada nas tardes entre flores.

V

E eu póño-me a pensar se acaso este Durero
Non é máis que Ninguén,
Ninguén extraviado
Seguindo algún camiño de auras e museos.
Mais pode que no fondo non sexa máis que o brillo
Do seu autorretrato, a luz que se desprende
Do rostro xuvenil, da face sublimada.
Por iso está Ninguén ollando para min,
Acaso preguntando, talvez a desexar,
Que acerte a definirlle o rostro de Durero,
O rostro do pintor pintado para si,
Se foi, tal como din, o autor desta pintura,
A táboa en que descubre a alma e a tristeza.

Salmo da noite

Que os vermes traben forte na carne que me quede
Se deixo de ser fiel na morte á túa chamada
Oh Santa Noite excelsa, Raíña Escuridade.
Procuren os meus labios a espiña ou a pementa,
O corpo un lume aceso, os ollos unha luz
De lóstrego e cegueira, se deixo de contar
O moito que che debo, nupcial, impetuosa.
Mais antes quero a luz da lúa sobre os campos.
Oh non a luz constante do sol que se espaxe
Senón a tenue luz da lúa construindo
A fértil emoción dos corpos namorados,
A sombra melodiosa das árbores, o río
Enchido co fulgor da sombra anoitecida.
Que eu sempre acenderei candeas para ti,
Oh Santa Noite excelsa, a sempre inatinxible,
Pois son entre os devotos das brétemas que espallas
Aquel que che dedica as luces máis brillantes,
Tamén o que en silencio venera a túa distancia.
Pois sempre ficas lonxe no carro que te leva
De aquí para acolá seguindo unha derrota,
Dos astros entre ventos e brisas de galaxias,
Ninguén pode pousar os ollos sobre ti,
Os ollos sobre o lombo de praias tan amargas,
Os ollos sobre a area do río que conduce
Dos tempos e os espazos ao sur do esquecemento.
Dos longos agasallos que Noite me concedas
En forma de preguiza ou soños ou insomnio
Ningún máis venerable, máis grato para min,
Que o corpo derrubado en leitos amorosos.
Son tantos os praceres que podes regalar
E tantas as hortensias caídas contra ti
Que os días cos seus brillos e as luces da razón
Xamais darán un froito do escuro arrebatado,
Mazás como carbón roubadas da tristeza.
Por iso Noite levas as saias tan escuras,
Os lenzos do teu voo tinxidos co misterio,
Cromática de cinzas nas doas dos colares,
Oh sempre os atavíos bañados en mercurio,
Que deitas sobre as augas materias sen fulgor
E pousas longos pés en praias lamacentas
O mesmo que se foses a triste enterramento,
Mais sempre sen pregarias nin prantos nin consolo.
Que Noite sempre brillas por máis que oculto leves
O rostro por detrás das árbores e as casas.

Hibernia

I

Quen leve estes ramallos de hortensias consumidas
ao fondo da distancia
e ofrenda de solsticio celebre para o sol
en pago por quenturas e alivios estivais
e faga o percorrido do norte contemplando
o xeito en que outros pobos se agrupan polo inverno
manteña ben atentas a escoita e mais a ollada
por ver se entre a xentalla que asoma no percurso
o rostro comparece, os ollos ben antigos,
os labios coa sustancia frugal da eternidade,
daquela que está lonxe e perto ao mesmo tempo:
Hibernia cos seus longos atavíos.

Se cadra e vén ao caso, oh dádelle recordos,
estima trasladade de canto devecemos
por ter de novo o voo, o aroma da presenza,
o tacto dos seus doces harpexios sublimados,
a sombra dunha voz que o escuro me arrebatara,
o hálito febril, de neves asemade.

Hibernia con roupaxes de flores conxeladas.
Hibernia nos glaciares, os cervos enxergando.

II

Oh vén, remota Hibernia, e cóntanos, calcula
cantas décadas de frío son precisas para arder
polos séculos dos séculos no solpor da eternidade.
Demanda o que precisas, non sigas máis aí.
Os carros ataviados con hortensias
dirixe cara ao sur. Esquece o vello norte
e déitate no centro do xardín
vertendo sobre as herbas levísima xeadas.
Eu sei como falabas. Entendo do teu canto.
Coñezo aquelas breves folerpas que premían
a terra co seu peso modulado.
Tamén coñezo o voo lixeiro dos teus traxes,
as túnicas que incendias nas lámpadas de agosto
e o ferro que pondera, fai grave a túa fragancia.

Oh vén, ferruxe estraña, oh óxido das chagas,

mistérica doncela dos enigmas,
sonora fruta azul,
gastada porcelana.
O tránsito aproveita, de vires por París,
pra darlle unha lembranza a aqueles prados
e deixa que os amigos con brandy te conviden
agora que entre os ouros da tarde xa se ensinan
metais de bronce escuro e lánguidas laranxas.

Pregaria

Sen dármonos nin conta chegou aquel xaneiro
durmido sobre o lombo dunha estrela
e todo foron beixos e benzóns.

Os lumes inda ardían no lar apaixonado
e viñan flores novas caendo do silencio,
un voo de lentas aves cromáticas nevadas,
o mundo en negro e branco por un tempo.

Sen dármonos nin conta o tempo dixo aquí
estou sobre o misterio dos campos a falar
e a noite foi aos poucos decrecendo,
facéndose miúda igual que unha velliña
e todo foi de novo espaxado
igual que se existise,
o mesmo que se antes do inverno as cousas todas
tivesen xa lugar, espazos para si
e alí ferveuse o sangue doutro abril.

Sen dármonos nin conta pousei a miña fronte
no vidro da ventá e alí tan debuzado
ollei para min mesmo recei esta pregaria
e díxenme chegaches aquí tes a cabeza
e abaixo están os pés, solemnes impregnados
de cólicos de cinza,
os pés que te levaron e aínda te trouxeron,
os pés como unha lápida que enterra os teus misterios,
os pés como un sepulcro de lámpadas de gloria.

E dándome ben conta do tempo que fuxía
compuxen para min, toquei o meu piano
e vin como o xarrón cromaba as flores secas.

Disque

Porque a vida non foi máis que un brevísimo camiño,
unha sombra, un percorrido polas marxes dun espello,
inocente a procurar a túa efixie no cristal,
unha imaxe como un voo de vento apresurado,
unha brisa que corría como escorren os regatos.

Porque a vida non che deu máis milagres que o de ollarte
a través do vello azougue, unha árbore, unha torre,
unha nube fuxidía, un silencio no misterio,
unha casa, unha vereda, unha brisa por setembro.
E os enigmas da palabra,
as palabras como cinzas, como anacos de cristal,
como pedra que alguén trouxo moito antes de falar,
como lumes que prenderon polos montes da conciencia.

Porque a vida non deixou outro pouso que o silencio
ou a música perdida,
un escuro pentagrama, unha antiga notación,
unha cifra como enigma.

Porque a vida estivo aquí,
neste corpo que se foi día a día polos anos
como marchan as correntes
como foxen do fluír das augas
as ribeiras.

Porque o resto nin sequera
podes hoxe presentar
como triunfo ou testemuña,
como sombra que o sol puxo
debuxada contra a terra.

Porque a vida xa cansou
como cansan os paxaros
de voar pola tormenta.

Porque a vida estivo aquí
disque seica acaso mesmo.

Noutras augas

Quen me dera ter vivido de verdade a túa existencia:
cinco décadas cumpridas, un oitenta de estatura,
varios miles de versículos nos teus libros e cadernos.
Mais o certo é que non fun
Eu aquel que te guiaba
no percurso polos días
senón outro, ese fantasma
clausurado polas sombras dos espellos,
dalgún xeito igual a ti,
como un eco de naufraxio,
como o eclipse dun pardal.

Quen me dera ter amado coma ti nas longas noites,
prodígame nos afagos dalgúns corpos tan sublimes
que era inútil procurar a sentenza do destino.
Ter amado aqueles rostros, esas bocas, eses ollos,
debuxando no teu peito o camiño da derrota.

Mais o certo é que estiveches tan ausente, tan distante,
que inda hoxe cando alguén sen querer te identifica
compañeiro de naufraxio
xorden dúbidas misterios que non deches resolvido,
a impresión de estares lonxe de ti mesmo
ou acaso a convicción de perdéreste no tempo
como un barco que afundiou
noutro inverno noutras augas.

Aura

Ouro deixa o inverno frío debruzado sobre os campos,
ouro tráxico e amargo como un líquido de luz,
como un peixe consumido polo océano da tarde,
ouro limpo e fragmentado entre trigos e centeos,
unha ofrenda cereal que xermina baixo terra.

Ouro leva o inverno branco perseguido na distancia,
uns cabalos feitos nubes galopando sobre o ceo,
como as flores esquecidas que só son unha promesa,
como as flores derramadas que procuran ser hortensias,
ouro líquido e febril como as febres do misterio.

Ouro ten xaneiro oculto nos seus cofres conxelados.
Son lingotes que roubaron as tormentas polo outono.
Son alfaias que fixeron entre o escuro neboeiro
os ourives das semanas por novembro ou por decembro.

Ouro gardan estes meses nos seus fornos aquecidos
estes días aqueixados e con harpas, con oboes
percorridos no misterio dos enigmas pola tarde,
como un pó que o vento fose solitario a esparexer
na distancia do horizonte dos camiños xunto ao río.

Ouro longo como un voo.
Ouro sucio como a terra.

Early in the morning

É moi cedo na mañá cando o corpo inda levita
debuxando flores secas con pigmentos de soidade
cando chegan os poemas.

Veñen barcos desde lonxe. Van chegando na distancia.
E descargan caixas cheas de borralla
e garrafas de cristal oh con cápsulas amargas.
E hai un sopro de aire leve que acariña o corazón
e pon límites na tarde e horizontes e unha néboa.
E un antigo manifesto que proclama a escravitude:
“fiquen presos para sempre no seu cárcere de letras,
fiquen always ensumidos na súa lúcida prisión.
E non teñan outra vía de saída
que as palabras e as palabras.
Sexan fieis a esta proclama.
Non procuren liberdade”.

E é tan cedo na mañá
cando o corpo inda precisa mergullarse na distancia
e deixar atrás os mapas
cando chegan os cometas,
as estrelas fuxidías que perseguen outro rumbo
na derrota sideral dos camiños perdidos.
E son quen de abrir as portas do palacio abandonado
e son quen de procurar a despensa das laranxas.

É moi cedo e teño frío.
Vai decembro dando morte a este ano consumido,
a un revoltó de semanas e de páxinas e meses
sen nostalxia doutro abril,
sen vontade de regreso.
Só decembro cun puñal a pingar cancións amargas.
Só decembro cos zapatos
enlamados de tristeza.

Como un eco solitario

Pode a borra do verán ir tinxindo na distancia
a memoria do teu voo. Encher de brillo escuro
o motor que xira a roda do solsticio no horizonte.
Pode mesmo ser que chegue
ata aquí para deixarnos
a ebriedade máis antiga, a sombría lucidez
dos que enxergan o sol morto
a apagarse polas augas.
Mais non poden os teus ollos ser hostís a ese contacto.

Non son quen. Sen que medien as palabras.

Hai un pouso de verdade que se acende sobre o rostro,
un vestixio de certeza que pon brillos na pel,
un aroma de mazás, ou de flor de laranxeira.

Leve a borra do verán este tempo fracasado.
Leve. E traia na distancia
a memoria do teu voo,
como un paxaro perdido,
como un eco solitario.

Camiño de xaneiro

Non vexo alén dos prados que ao lonxe están detidos
acaso a espaxerar verdura na paisaxe
nin vexo máis alá daqueles soutos pardos
erguidos contra o fondo das augas...
que vexo para min, a sombra do meu rostro,
o xeito en que as semanas, as décadas, os lustros
oh foron construindo un pozo na mirada,
un pozo que secou e foi deitando cinza
e torres que abateron os invernos,
cristais que o vento inzou de follas e palabras
e espellos. Este espello que agora me devolve
o mar cos seus naufraxios.
O mar que habita en min e vai vertendo caixas
e redes estragadas, anacos de madeira,
vestixios doutro tempo,
verdades ou certezas que o tempo me tatuou
na pel como unha cifra,
un número secreto.
Por iso fecho os ollos, evito ser consciente
do río que se vai, pousado neste espello
igual que se esvarase,
solemne a espreguizarse camiño de xaneiro.
O río co seu chumbo, a prata do silencio,
a alpaca escurecida, os escuros metais
que manteñen o pulso da corrente.

Aves

I

As aves que hoxe murchan as flores das maceiras
aniñan no solpor do corazón.

Non son aves canoras nin tristes andoriñas
nin doces pintasilgos nin cálidos pardais.
Mais ben levan o canto pintado sobre o lombo
e buscan polos montes a sombra dun salgueiro,
un lago de auga branca, silencio de sepulcro.

As aves que me anuncian, oh van tan adiantadas.
Tan tarde hei de chegar que é inútil a distancia.

Se acaso as ves pousadas no alto dun arame
non penses que ando próximo dos corpos que proxectan
escuros contra o ceo.

Só pensa que eu irei, máis antes que despois,
oír o seu misterio de sombras e de espello,
catar o viño escuro que emerxe do misterio,
perder o meu alento na apócema de sal
que ás veces espárense xa ebrias polo ocaso.

II

Contan sabios que o estorniño
é unha ave prodixiosa.
Sabe voar con varios miles
da súa especie sen bater
nunca o corpo do contrario.
E virar en multitude
cunha extrema lixeireza.
Velaí como engalanan
o horizonte por setembro.
Sincronía en sombra.
Acrobática nación.

Solsticio

O día vai ferido de números e chagas.
Persegue unha canción. Procura unha distancia.
E vai deitando cápsulas de lástima e tristeza
alén dos muros altos da torre do desexo.

O día leva as pernas cansadas de correr
e sente que lle doen os músculos da alma.
E escoita como baten na altura do seu céntro
as cifras que regresan do mar cunha canción,
durmido como un anxo acaso hipnotizado,
narcótico dos tempos fendidos polo raio.

O día como un mar de barcos afundidos
de lámpadas sen luz, de espellos apagados,
con soles regresados dun cólico de sombra.

O día como un fento, un óxido, unha pá,
ferruxe que alguén puxo nas mans crucificadas,
tacholas construídas coa dor do esquecemento.

O día como noite. O día como espera
da lúa que navega das sombras polo espello
á espera do solsticio da máquina de luz,
a máquina que absorbe os líquidos. O Incendio
que prende polos corpos a saudade

O ímpeto da idade

Non chegan xa noticias Ninguén sabe de ti
E foron aves orfas buscarte no horizonte
igual que se vertesen un pó de cinza branco
e foron andoriñas por tras do teu ronsel
Mais nada deron visto Ninguén deixou sinal
Só cifras como enigmas Só números caídos

Non chegan cartas notas mensaxes para ler
nin música desprende a sombra das palabras
(A sombra da palabra camiño é só unha marca
dun pau sobre as areas
A sombra das palabras nubladas é un sinal
de chuvia sobre a terra)

Non veñen as cancións os límites do canto
e pouco xa me resta do pan que regalaba
Outono cos seus carros de viños e mazorcas
Outono cos seus vellos zapatos consumidos
mollados de tristeza

Non chegan xa mensaxes Non sopra o vento irado
nin sopra a brisa leve do mar sobre as escumas
nin trae o frío incerto un voo de xelos secos.

Non fales xa Conserva
o ímpeto da idade
e pousa os labios quentes aínda fervorosos
na pel que te aproximo
A pel que che regalo vestido de viaxeiro
a abrir a exploración da noite polos campos

As sete notas felices da apocalipse

Hai días en que o outono semella estar ferido
e berra unha canción, un longo harpexio gris,
un fío de altas cordas que pousan un son grave
e dá co seu misterio nos vidros da xanela
e ofrécenos un cálice de líquidos e enigmas.

Hai días. Si que hai días.
E logo vén a chuvia e borra o seu pasado
e as dársenas regresan e póñense a deixar
os barcos atracados, as naves amarradas,
igual que se temesen un golpe de tormenta.

E son soamente os dedos dun outono,
a límpida caricia que foi deixando aquí,
o outono tan enorme, tan canso de viaxar,
furtivo a impor de novo a cinza do seu canto,
o outono co seu coro de cervos e de capas.

Hai días. Si que hai días.
E logo veño eu e póño-me a chorar
e invento un pentagrama e borro do papel
as bágoas que perdín, o tempo que gañei,
e soño unha trompeta, o arcanxo do solpor,
e escribo sete notas felices como un vidro,
non máis de sete notas,
igual que un melro triste.

Hai días. Si que hai días.
E tardes en que o outono semella ir de regreso
no fin da súa viaxe.
E afunde os barcos vellos.
E impregna o mar de cinza.

E hai días en que miras sen ver o calendario
e sabes que xa estás de volta por decembro,
que o século que tiñas xa vai medio gastado
e poste a meditar por onde foi vertendo,
que houbo, que pasou,
por onde se perderon os días ou as décadas.

E entón regresa o outono e diche: meu amigo!
Os barcos que afundín non son máis que os teus anos
e o pouso que deixei, a lama, o refugallo,
dos restos que compoñen a memoria.

A lingua do solpor

A dorna que hoxe ingresa no porto da memoria cargada con marfin
transporta alá no fondo do escuro das bodegas
un corpo que eu amei.

Falamos do viaxeiro que eu fun durante un tempo,
o corpo aquel que eu tiven ferido de naufraxios
e longas singraduras e ventos e distancia,
o corpo no que amabas daquela a mocidade
e vías no seu peito extensa chaira branca.

Por el regreso agora ao tempo espaxado
e vexo estrelas murchas de mar que se aparecen
e flores que se erguían a xeito de bandeiras.

Se grande foi a loita, tamañas as derrotas.
E teño a sensación de nunca ter partido
de andar espreguizando o século na casa
durante moitos moitos anos
igual que se da lúa vertesen longas décadas
e cántaros con meses e borra de semanas
ou ánforas con días e tardes e camiños
pintados sobre o fondo dun lenzo consumido.

Mellor será perder os soños daquel tempo,
deixar que se derramen en limpas emocións
e inventen noutro mar heroica singradura.
Ceibar, se cadra, os pesadelos, escuros arrebatos,
e dar cos nosos corpos outra volta,
se acaso a derradeira, por praias e confíns,
as mesmas nas que outrora soubemos aprender
a lingua do solpor.

Intempestivas

I

O vento está deitado no xardín.
Deixou de espaxer o voo do tempo irado.
Non sopra nin refunga. Só flúe como un remanso
de augas en setembro.
O vento alenta agora ao meu favor.
Que grato o seu virar no extremo do faiado,
a música que alenta en ás de sombra seca
e vaise espaxendo en signos inaudibles,
e volve decretar un leve harpexio branco.
O vento veu dicirme oh amigo canto tempo
había que non viñas oír o meu fungar
e daba por perdida a luz do teu alento
e daba por gastado o brillo do teu canto.
O vento está deitado no xardín.
Non dorme. Está mirando
o xeito en que as maceiras se inclinan contra a tarde.

89

II

A tarde quixo onte mostrar o acontecer
das cousas sobre o mundo
e trouxo un voo de alauda,
un eco do bater dun corpo contra o fondo
do solpor.
E foi como un segredo, un cólico dos signos,
o insólito arrebatado dos ollos que se encontran
e dan en perseguir inéditos xardíns
de flores alá adentro.
Non foi unha tormenta. Tampouco un mal naufraxio.
Máis ben unha arribada de naves no fechar
das contras, a impedir
que os líquidos ardesen.
Mais ben un voo de antigas pregarias que deixaban
un pó de cinza vella por riba das hortensias.

Mais todo foi axiña. De presa aconteceu.
Deixounos o sabor de mel que acaso teñan
os labios do imposible.

III

Non foi o mar que acende o día co seu brillo
un mar de cinza antiga ou borra de tristeza
nin mar que se acrecenta en ondas como imperios
nin mar que as aves vexan efémero e caduco
alá desde as alturas do inverno cobizosas
mais si foi mar de acougo e viños de alegría
un mar con mares de ánforas e grecias polo fondo,
un mar como un océano a inzarse de ledicia.

Non foi tampouco a tarde un eco de auga espida
nin foi como un silencio a fonte que verteu
garrafas de ouros líquidos e insomnes pentagramas.
Si foi a tarde un pouso de sombras de andoriñas,
un peso ponderado de brisas esquecidas,
tocando a pel tan leves que mesmo espaxían
sementes doutro outono vivido alá no fondo
das páxinas gardadas remotas en diarios.

Mais foi a noite un voo de tebras pola alma,
un peixe atormentado, a sombra da fatiga,
un vello caracol detido na metade
da estrada, cobizoso da morte como roda.

90

IV

Os cólicos do tempo son sempre dolorosos.
Materias que abril pousa ao sur do esquecemento
e vai abrindo en páxinas secretas e tristísimas.
Non saibas oh xamais ningún dos seus segredos.
Ningunha desas lástimas que a coita lles ofrece
así como se acenden os líquidos do pranto,
os tránsitos dos días, os pórticos do ocaso,
os ámbitos que a cinza costuma ir ocupando.

Os cólicos do tempo non teñas por amigos.
Non gardes do seu paso máis voo que unha palabra,
acentos como vidros, gastadas porcelanas
e pó de noite longa e sombra nos armarios.

Dos cólicos do tempo mantente tan distante
que a voz con que declamas non poida ser oída.
Que nunca se te acheguen voraces como incendios,
sedentos como o sal ou tristes tal Saturno.

Dos cólicos procura do tempo separarte,
andar tan arredada que poidas esquecer

a música de réquiem, as graves cordas brunas.

V

Os cólicos do tempo son sempre misteriosos
Persiga algunha nube
Non dexede soñar
E tome sete cápsulas de frío con soidade
E lave os labios tristes con follas de salgueiro
E déixese levar por ríos en outono
E báñese con lúas de bronce por xaneiro
Camiñe as longas tardes
con música de queixa
e volva en vinte días
Frecuente máis o mar
Os cólicos do tempo proveñen da saudade
e poden ser tan breves que a alma se decline
igual que un verbo vello en linguas esquecidas
o mesmo que as maceiras florindo por abril
Ou poden prolongarse por riba das hortensias
abrir un pozo azul
camiños de silencio
e nunca máis volver de longa que é a partida
Os cólicos do tempo
Quen dera coñecelos!
Mal poden vellos sabios dicir unha palabra
Segredos hai por riba por baixo e arredor
Misterios que conducen á luz do esquecemento
Os cólicos da noite do día ou desas tardes
insomnes que proxectan con sombras de ameneiro
ao longo do traxecto de altos ríos
Os cólicos quen dera
do tempo coñecelos!
Mais debe ser amigo das flores e bailar
Tomar auga fervida con follas de tristeza
e ver xirar un barco no fondo da distancia
Seguir coa man o rumbo da pálida andoriña
e dar contra os valados dos límites un pranto
escura ladaíña
Camiñe Non se pare Percorra algunha estrada
collendo margaridas ou vendo aves canoras
e pouse a man durmida no alto do faiado
Revise as vellas cartas os mapas que empregou
indómito en viaxes de cinza polas pedras
e déixese cantar
Que alguén lle entregue a sombra do corpo espaxada
nun voo de voz aberta aos séculos vindeiros
E diga trinta veces: caravanserai

Os cólicos do tempo
Quen poidera meu amigo!

VI

A noite que abre o outono é sempre na distancia
igual a aquelas outras que arderon no verán
e foron consumindo agosto como un vidro
gastado polo sol comesto polo tempo
E deixa un voo de asombro nos corpos aquecidos
os corpos que relatan un látigo de pan
os corpos que deploran as tardes tan infindas
brillando alá no fondo do tempo os seus cristais
o mesmo que un diamante igual que unha paixón
deixándonos en pátinas de xeo
un líquido licor
A noite que abre as horas dos días de setembro
A noite en que se inicia o outono para sempre
E leva atrás os mapas escuros pentagramas
cun voo de vento triste insólita esmolante
a pór cancións de area bagullas xa vertidas
no fondo dos armarios das caixas entre o pó

92

VII

O tempo pode sempre deixarche unha mensaxe
Un círculo que forme a néboa sobre ti
E garde nos roupeiros un aire espaxado
Por traxes e chapeos das décadas de sombra.

O tempo cos seus longos paseos xunto ao mar,
E a tarde en alamedas preguiceiras,
Sentindo o voo das tubas dunha banda
E a noite que asomaba en clarinetes.

Que o tempo dorme ás veces debaixo da túa pel
Ou pousa sobre ela as follas que arrincou
Nalgún xardín exhausto con árbores antigas,
Con flores que perderon a vida cando o século
Virou para deixarnos un pouco de salitre.

VIII

O tempo que se prende nos ramos das nogueiras
E vai deixando pó, minúsculas materias
Que falan dunha chuvia, dun inverno,
Tamén sabe deixar terribles cicatrices,
Os golpes da soidade furando sobre a carne
Un voo de chagas secas e pústulas e pranto.

O tempo co seu longo acordeón
Tocando aquelas vellas melodías
De outubro por París,
Ferido de misterio, de horizontes
Que a noite recortaba co seu paso.

O tempo como un vidro que se quebra
E escacha en mil anacos sobre o chan,
Disperso e sementado nun soño de espellos
Escuros cando o sol non comparece.

O tempo como un círculo que fecha
O anel da nosa vida,
Un sopro de ventíños que perderon
O alento sobre a area dunha praia.

Con el fomos furando esta parede
Da torre da existencia
Por ver de derrubala.

IX

O tempo corre ás veces para adentro
e déixate vivir como se foses
eternamente eterno algúns segundos.

O tempo hipotecado que vendes como cinza nas feiras da tristeza,
as horas emprestadas que nunca pagarás,
os xuros de semanas e de meses que todo che encarecen.

O tempo así centrípeto conduce até o interior
dos ríos en que o inverno fructifica
e vai levando portas que romperon,
antigos crucifixos,
anacos do misterio engalanados
con borras de solpores e de viños
bebidos cando a vida sorbía os teus delirios
e daba por deixarte esparexido

nas praias contemplando algún mencer.

Que o tempo corre ás veces para o alto
das torres que tiraches por adentro.

X

chegarás como eu cheguei a sentir como derrota
esa luz que te aproxima os camiños e a distancia
a saber que o teu barqueiro hai xa tempo que te espera
impaciente pola hora a contar cada xornada
descontando o teu aforro das semanas que inda gardas
escribindo nun caderno os teus meses por vivir
oh que avaros se volveron os que outrora te invitaban
a gastar o teu pecunio
a deixar dilapidada a fortuna da existencia
a subir a lenta idade como aquel que sobe a encosta
do destino ou da tristeza cobizoso por chegar
chegarás como eu cheguei a mirar esta derrota
como un voo que te libera
do infortunio
do silencio
e serás como eu xa son
camiñante cara ao templo do teu rito no solpor
e terás naquela altura esa luz de dignidade
que che ofrecen os absortos
os vencidos
os deitados polos pozos
a durmiren baixo incendios e tormentas
chegarás si chegarás como foi chegando todo
tal chegaron os teus ollos a pousar nesta mirada
tal chegaron os teus dedos a tocar a miña sombra
tal chegou o tempo mesmo
chegarás si chegarás

Patria

Non recordo en que momento, en que punto do camiño,
alguén dixo este lugar, conquistado noutra era
por absurdos xeroglíficos,
foi virando na cidade,
territorio escravizado,
labirinto da loucura,
“Ninguén veña por aquí, xa sobramos os que estamos”,
un exceso de misterios, e de enigmas e de caos,
unha sombra en crecemento, unha nostalxia.

Non recordo en que paisaxe, en que monte, ante que mar,
alguén dixo este país, o lugar do esquecemento,
foi maldito polos séculos,
e ficou a ollar un voo que se perdía
de paxaros pola tarde.

“Porque aínda non parou o motor do vello exilio
só unha fuga comparece”.

Non hai sombra nos espellos,
non hai círculos de auga.
Só distancia. Unha distancia
que se toca e se espaxe
entre as pontes dos dedos.
A distancia de min mesmo concibida como patria.

O sinal do labirinto

Cando agosto chegue mozo para impor o seu imperio
e opulento de naufraxios verta séculos de luz
e o dourado cereal deite brillo polos campos,
ouro puro como a lava, bronce loiro como o ocaso,
non esquezas vir contarme como foi o teu inverno,
en que xeos te derreteches no percurso polo frío.

Deixa atrás os meus enigmas, non desveles o misterio,
e refuga o pan gastado, aquecido noutro forno,
derramado polo mofo, pola inhospita humidade.
E celebra un novo viño, un licor enaltecido
que percorra na túa boca labirintos de calor
sobre a lingua procurando o específico lugar
onde vive a gorentosa divindade.

Tráeme flores por setembro,
ouh hortensias consumidas,
esa cor enferruxada que se impregna de outonia,
e pon círculos de lama ou de terras alagadas
nos camiños que arrebatan novas chuvias xunto ao río.

E non deixes de mostrarme,
sobre a palma das túas mans,
unha escura cicatriz,
o sinal do labirinto.

Palabras derradeiras

Como o pouso un tanto amargo que deixa o viño seco,
como a froita derramada que se torna aceda e doce,
como os días de nordés en que o sol aquece o frío,
como as noites de verán en que a luz vive na sombra,
así foi o meu camiño polas veigas consteladas,
polos montes da tristeza.

Souben ver axiña os pozos, os caborcos, os regatos,
mais perdín tantas semanas estudando no luar
que inda agora cando o escuro se debruza sobre min
e dispoño os meus diarios, os cadernos en que fun,
non atopo máis que vellas cicatrices,
cartas longas que un amor me remitía
para as torres e os palacios
onde, só, dilapidei toda a fortuna.

Emperador

Do oriente chega agora, misterico, un abril,
aínda unha promesa.
E volven do horizonte unha laberca
e aves consteladas,
paxaros que namoran estrelas na distancia.
E, xélido, persegue o inverno unha canción,
un voo de alentos tristes.
E a máquina que prende nas cordas do piano
e vai fechando portas na harmonía
dos líquidos de oriente
apágase cansada, medita no silencio.

Doído medra o inverno fechado na conciencia.
Doído porque sente proer as cicatrices
alá polo horizonte da tarde sobre os campos.
Doído porque fere na pel este xaneiro
os días en que chega, celeste emperador.

A casa

A casa tiña a sombra derramada
as tardes en que o vento viña triste
e daba en ter conversas no fondo do xardín,
diálogos coa hedra que erguía o seu imperio,
debates nos enigmas das pedras consumidas

Aínda así a casa tiña sombra,
deitábase a durmir de noite xunto ao pozo,
e erguía unha bandeira no mencer
por riba dos camelios e dos valos
igual que se quixese mostrar que estaba viva
o mesmo que se fose vontade de seu
deixar que o vento aquel furase nas xanelas
e dese catro voltas e revoltas
nas camas no salón

A casa estaba aberta
dispuña o corazón no lume da cociña
e erguía coas persianas desexos de mirar
ollar para a distancia do río polas viñas
e así determinar que o tempo viña frío
acaso cobizoso dun lume delongado

A casa tiña aínda nas formas infrecuentes
un leito de mazás
e un voo de follas secas por veces a caer
do alto dunha espida cerdeira
deixando pola herba as manchas outonizas
daquela alfombra seca.

A casa estaba erguida e a sombra lle caía
co xeito dunha escura cabeleira
guedella de penumbra que daba para o sur
e andaba na procura do mar do esquecemento.

Un fume na distancia

as froitas que derrama xaneiro na distancia
dispoñen unha luz xa diferente
un ton máis acendido e nítido brillante
con pingas de alegría sobre os campos
son borras de mazás que deron en durar
as horas esgotadas doutro outono
e heroicas adentraron os corpos entre o frío
son cinzas de laranxas borrallas de pel seca
que arderon consumidas entre as neves
e foron arrincando das tardes a humidade
precisa esa quentura da vida elemental
os cólicos que premen nos pés do camiñante
os pánicos que atan as pernas do fugaz

as froitas que esta hora dispón como agasallo
a dádiva feliz do almorzo dilatado
presente gorentoso que estrala sobre a lingua
e deixa un voo de espellos de líquidas dozuras
chegaron como un soño pousaron o metal
do inverno sobre o ventre e preguntaron
pon onde van os días melodiosos

e alá foron correndo dispostas a chegar
que todo a fin de contas non é máis
que un fume na distancia

Porta

a porta que hoxe abro na sombra dos meus soños
non dá para un xardín tampouco para un cárcere

alguén quixo poñela no sur do corredor
alí onde medraba o mar do esquecemento

é porta sen memoria castigo por vivir
por ir queimando as árbores da tarde
por dar contra as paredes dos templos un concerto
de música atonal

alguén foina deixar aberta por se chega
do mar algún navío cargado de lembranza
do mar algún naufraxio de pánico e cancións

eu ollo para a porta non podo camiñar
son quen de andar un pouco mais non o suficiente

e a porta segue aberta no fin do corredoer
deixando que a distancia se me achegue

o mar nos seus abismos
o sol segue a brillar

Tormenta (metafísica do Xallas)

os séculos que viran as décadas que caen
os lustros que espárense borralla nas axendas
os meses que abren pontes de cinza sobre os mapas
o sangue das semanas que pinga no falar
e verte a súa materia no poema
son todos incidentes oh feitos ben vulgares
ao lado do arrebato da tormenta
quen queira que se adentre na selva da linguaxe
e dea en ver as formas que medran alí dentro
e saiba impor un brillo de cinza sobre as cousas
e pare a contemplar o signo dos camiños
máis antes que despois deba concluír
que nada existe alén do acontecer
que o mundo existe antes que a palabra
que debe ser tamén que antes da linguaxe
no círculo que forman os ollos e os vocábulos
xa exista ese ferver da vida o devalar
do mundo sobre os signos e a materia
no tránsito que vai desde o baleiro
ao punto en que se forman as vogais
ao río que remata na espléndida fervenza
dos nomes e dos verbos a caer precipitándose

Rostro

hai soños que se prenden ao tránsito dos días
e deixan unha marca no xeito en que camiñas
acaso nos acentos que ergues ao falar
tamén nesa maneira de ollar para a distancia

son soños como fumes no mar do esquecemento
sombrios corredores que dan para unha porta
que alguén deixou aberta nun conto ou nun poema
a porta para entrar na sétima fragancia
no río dos perfumes que baixan do silencio

e hai soños que fumegan igual que unha lareira
imaxes que prenderon no fondo dun espello
e deron en pousar no lombo dun cristal
un brillo de penumbra un cólico de sombra

se habitas eses soños se moras entre eles
terás que dar un día sinais da súa presenza
mostrar as cicatrices as marcas que deixaron
solemnas sobre os vales e as chairas do teu rostro

De meu

tamén houbo daquela sinais de que chegaba
o tempo cos seus vidros e metais
tocando unha charanga de tormentas
o tempo cos seus longos atavíos
as súas roupas existenciais

e souben que eran eses os sinais
que viña demandando
aquilo que esperaba non sei por que razón

e souben tamén logo que viña unha fragancia
un líquido perfume que embriagaba
pois era tan real como unha froita
e sempre andaba espida pola casa

así que vin entón os signos as estrelas
as uvas que Amor enche de azucres e de mel
e púxenme a querer os nomes das palabras
as curvas os meandros do río dos vocábulos
igual que se bebese un litro de tristeza
e andase a dar traspés nas sombras pola casa

por iso houbo silencio
por iso ninguén dixo
nin houbo barcos novos que chegasen
do mar turrando lentos como o inverno
do inverno a procurar os vidros dun espello

así que andei calado circunspecto
máis próximo de min que a miña sombra

Frío

non foi chegando abril
que o inverno inda duraba
que foi cando febreiro erguía a súa bandeira
e daba en pór misterios na sombra dos espellos
enigmas que chegaban virando pola curva
dos días máis escuros no tránsito dos séculos

non foi chegando abril

chovía e viña un frío
molesto desde o fondo da tarde amañecida
e había dúas lúas brillando para min
unha sobre o ceo insólita laranxa
outra sobre o mar imaxe repetida

non foi chegando abril
que o tempo perduraba
igual que se ficase detido sobre os campos
a noite a espaxear un longo frío gris
o frío sobre o lombo dos cabalos
e marzo inda durmido por dentro da carreta

oh canto era feliz seguindo aqueles rumbos
os campos percorrendo levando o meu aceite
e noces transportando
e potes de cerámica e escuro pan de améndoas
feirante no percurso das chairas alongadas
no plácido luar

chamoulles a atención
o número de libros
e todo aquel saber de signos contruído
por séculos e séculos

chamoulles a atención
que fosemos errantes
que fose por febreiro
que fose tanto frío

Cristal

eu gardo algunhas tardes fragmentos de cristal
no fondo dunha caixa
para ver
se o tempo prende neles
se deixa algunha marca
de ausencia ou de presenza no vidro transparente
mais todo fica Idéntico
que nada aconteceu
os días xa mudaron
as tardes xa creceron
e seguen os fragmentos de cristal
insólitos e anónimos
levados no fluír de ignotos ciclos
acaso sabedores das regras que manexa a eternidade

son pezas que encontrei un día camiñando
non sei por que lugar
acaso algunha praia un labirinto
a praza en que alguén fixo romper algunha copa

gardeinos como gardo obxectos desolados
anacos de tristeza
e axiña fun sabendo cal era o seu destino
durar sen máis paixón
que o frío a escuridade
durar como se fosen
alleos ao fluír das horas e dos séculos

fragmentos de cristal de vidro solitario
anacos dunha sombra de enorme escuridade
minúsculas umbrías de brillo inesgotable

Luz

a luz que agora filtran as vellas ameixeiras
dispostas contra o fondo do xardín
é luz de inverno seco
de inhóspito xaneiro
a luz que acaso veña do fondo do misterio
veloz como ningunha das cousas existentes

é luz que se restaura no chan e na distancia
camiña un val enteiro sen tempo nin cansazo
e pousa sobre o mundo creando a súa presenza
deixando que as figuras as cores ou as liñas
restauren o sabido o dado xa noutrora
que o mundo sexa idéntico ou igual
e así poidas ollar de novo os vidros
deitados na súa caixa a calibrar
a luz que agora chega do mar do esquecemento

a luz como unha culpa que leva a procurar
visións e olladas núas dun pórtico dun río
dun cólico de sombra que xorde entre palabras
e deixa un pouso amargo no ventre da mañá
a luz que che restaura de novo o teu destino
igual que se verteses no mundo unha laranxa
o mesmo que se andases sen sombra polo ocaso

a luz como unha chaga purulenta
que mostra as túas feridas cicatrices
que o mar quere lamber curar no seu naufraxio
sen tempo sen espera sen líquidos sen vento

Falso poema chinés

a ponte que conduce á torre dos enigmas
caeu sobre o torrente do escuro e da distancia
e foi deitando páxinas escritas
mil páxinas de cinza murchando coa humidade
o río esborrachando con vellas inscricións

alí ficou disposto oh todo aquel saber
os mitos que explicaban algúns sabios
e os séculos de luz de brillo de miraxe
que daban como ciencias ilusas as destrezas
que hai tempo amreamos

a ponte que nos leva ao alén desta ignorancia
á ignota das ribeiras que o río anda lambendo
quebrou esnaquizouse perdéronselle as pedras
deixou de ser un tránsito pra ser soamente imaxe

Cartóns

as tardes que gardabas no peto dun abrigo
en forma de papeis facturas almanaques
retábulos da historia e a luz da ilustración
perdéronse outra tarde nalgunha papeleira
e foron reemprazadas por novas tardes brancas
impresas con mensaxes de consumo
sinais de que pasaches un tempo en restaurantes
comendo con amigos con socios compañeiros
e xente que persiste en ter trato contigo
por máis que xa derives en vello en esquecido
en pánico do medo do terror

son fórmulas atroces que suman cantidades
cafés e pratos cheos fumegantes
que alguén cifrou en números
valores que renderon beneficios

e o máis preocupante
a data
os anos que xa foron rendéndose caendo
no mar do esquecemento

son signos de que a vida verteu sobre o teu corpo
uns certos acomodados
tamén de que a pesar dos bens que amoreaches
as décadas pasaron
seguiron a correr
igual que corre a noite no inverno e na distancia

Valor

non tes perdón de Deus e o demo non te quere
non vales para el
así que vas errante seguindo o teu cantar
insólito vadío sen eivas nin cegueira
e tes casa nas festas nos cruces nos mercados
e dormes baixo pontes
e báñaste nos ríos

xa sei que renunciaches á parte do tesouro
que fuches construindo a nova realidade
que ollas para os outros atónito perplexo
sen dúbida inquerindo cal é o seu sentido
que tes na túa conciencia a estraña sensación
de estares novamente no inicio da linguaxe
do mundo no comezo
do sangue no momento en que alguén desabillou
o viño dos bocois e foise derramando
vertendo polo chan
igual que se verteron os tempos os esforzos

non tes perdón de Deus
xa sei que non che importa
e o demo non te quere
nin vales para el

A música de dentro

pousei a man no lombo do cabalo
e vin que estaba a arder
que a vida lle sobraba
que había plenitude no corpo e na distancia
que estaba tamén lonxe a raia dun camiño
a sombra dun ignoto percorrido
e díxenme alá imos
trotar por ese tempo
o mesmo que alguén sobe a un barco que afunde
igual que un home acende a lámpada dos soños
no instante de ir durmir

o día viña envolto nun enigma
espía nubes grises a ferver
no mar do firmamento
o tempo estaba quieto ninguén dixera nada
das horas e das chuvias
e lenta a brisa puña un eco de bandeiras
movéndose no límite do río
vertendo algunhas páxinas perdidas
da vida que vivín

e púxenme a pintar con negros caligramas
a música de dentro

Jet lag

o corpo cando chega despois dunha distancia é sempre máis fugaz
semella andar ao lonxe
e leva sobre os días as túnicas de oriente
o mar que acende a corda da tarde contra o outono
e un baixo adormecido de músicas antigas
cancións que o corpo dixo ou foi quen de cantar

o corpo ten milagres e sombras como todo
cos anos pousa a ollada por riba das facturas
e ponse a comprobar se existen no inventario
laranxas ou tristezas
se os pagos foron feitos despois de recibir
a lúa sobre as augas e un século de amor
e nega o seu subsidio de morte por decembro
e rompe mil contratos de chuvias ou de frío

o corpo logo conta palabras que inventou
aquilo que se dixo tamén pola distancia
e dálle por bailar sen roupa pola area
deixando unha preguiza a xeito de ronsel
e un fio de augas limpas impolutas

o corpo cando chove no medio dun inverno
e ve que hai vidros grises de chumbo polo ceo
e sente abrir no vento as portas dos enigmas
detense ponse a ver calcula unha pregaria
e deixa que un vapor de noites consumidas
propague a súa humidade
que sabe como abren os pórticos do tempo
e ten un trato antigo co silencio

o corpo adormecido que impera sobre os soños
e escoita os barcos lonxe chegando do desastre

O Freunde nicht diese Töne

as dádivas que o tempo dispuxo para min
a xeito de agasallo por guerras e derrotas
son doces como un dátíl e escuras como o voo
das pegas contra o fondo da tarde por setembro

son rostros que eu visito fermosos no esplendor
ou peles que abren tránsitos de cinza e de loucura
camiños que o sol soubo comprar como unha música
e notas que alguén verte no mar do esquecemento

eu tanxo o meu sitar e cando a ladaíña
dos corvos a tristeza que apousa sobre a terra
xa sinto que abre pozos e túneles sepulcros
prosigo entre esas néboas en busca dunha harpa
solemne como un día de maio ou de febreiro

aquelas cousas gratas que a vida me deixou
e fun atesourando minúsculo perdido
igual que un naturista que garde as follas murchas
o mesmo que un actor que conte o seu monólogo
son froita do vivir colleita da existencia
mazás que o vento soubo guindar sobre un panasco
ou acios que esqueceron cortar vindimadores

e doume por pagado feliz como me sinto
as tardes en que fago un cálculo xeral
e vexo que fun longo ou mesmo dilatado
que andei por onde quixen que houben de perder
a vida varias veces e sempre pola contra
durou e perseguiu máis anos procurar
dispor de novo o corpo nas décadas vindeiras

que ben que todo fose en moito parecido
aos soños que tivemos ás horas que soñamos
que a vida a fin de contas mantivo a solidez
o voo dunha alegría de séculos e anos

Evening meditation

as músicas que tocan na india dos meus soños
son longas como a tarde
un voo de ecos e frautas e táboas e laranxas
e mentas que lle amencen ás cordas dun sitar
solemne e vagabundo ardendo de tristeza

son músicas que prenden na fonda cicatriz
e verten funerais de cinza polas augas
e van como unha casca de noz cara ao solpor
levadas polo río da noite e dos enigmas

son músicas e pórticos estraños labiirintos
que alguén ergueu pensando nun máxico pomar
no fondo dos camiños que levan a occidente
e quixo abrir a sombra igual que unha laranxa
verter o zume en cálices
dar conta desa sede

as músicas que pousan no corpo entre mazás
e ferven chaves vellas derreten como a alpaca
ou veñen abrir caixas e sacos e capelas
e deitan percorridos no aire unha beleza
un raio de sol posto que entra pola casa
e deixa o seu misterio pendente dunha lámpada

as músicas que aínda fumegan no verán
e levan unha caixa coas fotos dunha voda
do inverno e da distancia
espíritos de aves de lóstregos veleiros
que o mar deixou atrás e quixo que volvesen
ás illas como volven os cólicos coa chuvia
os cólicos que verten da sombra e da tristeza
as músicas que baixan no río dun sitar

Acaso o ocaso

o día foi caendo levándome con el
deriva contra a noite
devalo sen naufraxio
e souben que hoxe estaba clausurado
ruína dunha vella construción

por iso me inauguro
dou fe de que comeza
de novo a miña música
o túnel no que brotan do escuro unhas trompetas
o tránsito febril
do tempo a perseguir a épica da estrela moribunda
o drama dos rumores que fundan as cancións
igual que alguén traspasa un pórtico chorando
sen panos que lle enxoiten as bágoas de tristeza

hai anos era novo
e agora vou murchando
igual que murcha a noite as peles das mazás
e sinto como as mans
xa saben apalpar a escuridade
tocar o vento frío
oír como o silencio regresa polo inverno
e vén cantando estampas de tristeza
e vén selando epístolas perdidas

hai anos era aínda
e agora xa se achega
o nunca como un voo de tebras polo ocaso
un voo de aves de sombra
e veñen os cabalos do vento clausurando
os pozos e as nogueiras que ven polos camiños
e prenden lume aos soutos
e queiman as hortensias
cabalos cos seus ollos de pánico sangrando
dispersos como un sopro

hai anos eras ti
e agora non es máis
que a flor que alguén deixou
enriba dun sepulcro
a flor que segue viva
a flor que xa coñece
os frios que se senten nos rumbos cara ao ocaso

Catarse

na voz de Renée Fleming cantándome Setember
(nun disco coas cancións de Strauss, as derradeiras)
pendura unha ave antiga
igual que esas estrelas que seguen a enviarnos
a luz durante anos despois de fenecer
e pasan moitas noites e séculos e meses
e a luz segue a chegar
oh signo ben confuso da tebra engalanada
a morte como un brillo que perdura

e escoito esa fulxencia e miro para a voz
igual que se estivese a ollar un cadro
e as cores fosen bágoas do meu pranto
de tanta intensidade

non sei que estraño pouso de drama e de loucura
reside por aí
que carga de tristeza tiña o século a morrer
naquela Viena ida
que círculo de luz e de catarse
me prende a min agora
que páxina do infindo diario do solpor
me une a este castigo

Blues

o triste é que non houbo ninguén que se atrevese
alguén que erguese a chave e fose para o mar
co soño dunha porta
a idea da cancela abríndonos o espazo
a un cento de camiños no solpor

(hai tempos para todo e días de partir
de estar de pé na proa dunha nave
sentindo o voo da brisa sobre o rostro
e a noite procurándote detrás
gañando a súa carreira contra o vento)

e o triste é que ninguén lle dixo belas artes
e aínda que formase na súa ausencia
o límite febril dunha tristeza
ninguén que lle chegase
igual que chega a tarde
sen querele
e fose pór a man sobre o seu lombo
ninguén que debuxase
materna unha andoriña unha paisaxe
a dor que o río acende en líquidos de prata
ninguén que dese alí
no alto das barandas
un grito derradeiro

o triste é que tamén se transformase
o ámbito nun cadro
a cinza nunha torre
e todo se embarcase para o fondo
do mar sobre a distancia

e o triste é que el
aquele que ergueu o pano da bandeira
e dixo aquí comeza
de novo o territorio da existencia
o punto en que se fundan as palabras
o porto no que embarcan os enigmas
mostrase cicatrices as cancións

o triste é que deixase
deitada polo chan tanta tristeza
que mesmo houbo misterio
un longo arcano azul

Dodecafonía

dispuxo entón as harpas no fondo dos enigmas
e púxose a tocar pianos derramados
cancións que regresaban do fondo da linguaxe
viradas nunha estraña melodía
harmónicos ruíns
acordes de borralla
e coxas flores murchas caendo da ferverza
das cordas rotas
rotas

non era o voo que acenden
as vellas partituras
senón o espectro azul que habita os pentagramas
as caixas en que acouga o mar cando xermina
o idílico final do inverno entre tormentas

e foi feliz tocando eses pianos
feliz como unha hortensia no tránsito de agosto
feliz como un camión entrando nun concerto
no instante en que o motor
sublime e afinado
encontra os violonchelos repetindo
o ton da súa salmodia
feliz como un camión chegando para dar
a nota derradeira
o corno e a buguina e a trompeta
e o ton dese timbal
tanxendo unha harmonía
do azar unha enxurrada
o cólico do incerto

Harmonium

ignora como sopran os misterios
e sabe máis ben pouco do silencio
só toca as cordas rotas
dun resto de piano
e escoita o son que verte o refugallo
os troncos dun naufraxio polo río
as cinzas dun incendio que abafou

despois senta a beber tisanas no solpor
e fala cunha sombra de si mesmo
feliz como se houbera
un barco na súa espera
feliz como se houbera
un barco na súa espera

ignora como sopran os enigmas
o moito que han durar estes fulgores
o pouco que aínda resta de misterio
só tanxe un vello harmonium
con restos de tabaco
e un certo pouso agrario
de igrexa rural

despois camiña espido na noite xunto ao río
e fala cunha sombra de si mesmo
feliz como se houbera
un barco na súa espera

Nota sobre o pan

do pan que foi servido nas ceas do naufraxio
e soubo a sal antigo e vellos cereais
o corpo garda aínda sabores e silencios
pigmentos dunha cor que a lingua esparexeu
no fondo das abóvedas da boca

o pan que era deleite e tiña unha ferruxe
de terras enlamadas e tristeza

o pan que foi viaxe de barcos alén mar
e tiña o mel das sombras e do trigo

o pan que viña ardendo nun loiro entardecer

tamén dos comensais que erguían o seu voo
se ao lonxe oían trotes de cabalos
os corvos ou as pegas errantes paxariños
as píllaras que seguen un rumbo cara ao sur
ou soñan con chegar de novo ás terras verdes
que existen máis ao norte

comer o pan gastado nas tardes sobre a chaira
o pan como un refuxio da alma ou dos sentidos
un doce que fumega no forno da alegría
aínda recupera fatigas e desastres

o pan ese pracer da terra e da linguaxe

Unha laranxa

das néboas que fumegan no val do esquecemento
e deixan o seu lóstrego de cinza ou de fulgor
na cartas remitidas
alguén recolle ás veces caldeiros de misterio
grandes olas con palabras derramadas
estraños adxectivos ou verbos tan mancados
que sofren a cirrose dun figado de sombra
un cólico de abismos e silencio
que verte no poema un pó de xeroglífico

palabras que se gastan
discursos que envellecen
insomnes substantivos
decrépitos pronomes
linguaxe con artrite
vocábulos con dor
e tardes que se pousan na alma como un vidro moído a espaxarse no tracto intestinal
espellos tan minúsculos que poden reflectir
os barcos que hai no sangue navegando

por contra
desas néboas que fumegan nas torres da paixón
e deixan entrever o limo e a ruína
regresa un voo de aromas e perfumes
acaso un arrecendo da noite
unha laranxa

Wagner

a tarde converteuse sen sabelo
nun voo de Wagner polo outono
e o son non daba escrito polo ceo
máis signo que o das nubes
os corpos ben lixeiros das aves fuxidías
o líquido arrebatado dun río na distancia

e así
como unha pinga de sal ou de suor
que alguén quixo deitar na lingua dos vencidos
por darlles un consolo unha noticia
a voz ergueuse clara unha raiola
de brillos no compás de cordas ben sombrías
e houbo derreternos o contraste
o xeo do corazón

que ben percorre Wagner os camiños
do ceo cara a novembro

que ben consola as almas no serán
nos tempos en que o inverno
naufraga esvaradío

oh canta ciencia escura do azar e da elexía

a tarde xa está fóra deste mundo
cansou de percorrer
as veigas que durmían aló embaixo

e nós vertemos cinza na súa ofrenda

Episodio

deixara os seus cadernos sobre a mesa
dalgún café perdido sen nome nin retrato
só páxinas con signos con letras mal escritas
que daban conta incerta da viaxe
estraños garabatos que el mesmo improvisaba
as cifras dalgún código secreto intransferible

moi tarde reparou na perda e xa non quixo
volver para salvar as cábalas as cifras

que alguén dese con elas xa era irrelevante

deitouse a descansar prendeu o derradeiro
cigarro polas sombras do cuarto da pensión
e foi contando as horas que faltaban

sería no mencer cando chegasen
os homes da Gestapo

subiron e encontraron o corpo falecido
os vidros escachados de copas e garrafas
a cinza dos papeis que arderan esa noite

un deles xa era dono das sombras dos cadernos
(aquelas que deixara no café)

as luces percorrían os brillos do mencer
fuxindo de París

Nota para unha enunciación en terceira persoa

alguén fora dicirlle que había algo de luz
no fin do corredor
un cuarto con lectores ou amantes
prendidos a unha lámpada
a daren conta certa da paixón
mais el non precisaba oh nada que xurdise
das voces dos humanos
nin cantos nin palabras nin soños nin consolos
só un eco dos enigmas a sombra dos misterios
o pórtico entreaberto unha cancela
que dá para un panasco con cabras a roer
a herba que lle medra para marzo

fartara de saber segredos ou astucias
de ser a testemuña tristísimo albacea
de ver verter no saco da tristeza
borralla da esperanza
por iso non seguiu aquela senda
virou de cara ao sur
a algunha desas vilas onde nace
o mar do esquecemento

Menciñeiro

deixara unha semente de cinza fermentando
nun cuarto de aluguer
tamén algunha espiña de peixe derrotado
e un eco de misterios fervendo nunha pota
con dentes de animal e ósos de lagarto
pois era toda a ciencia que herdara dos seus vellos
o cómputo total de signos e de cábalas

fuxira cara ás terras do solpor
levando no seu peto esta fortuna

un lustro polos ríos da Arxentina
e veu co seu silencio e un século de neves
sen nada que gastar

e foi de novo dono da semente
no cuarto de aluguer
tamén daquela espiña e dos enigmas
a ciencia toda oculta nos seus cofres

dispuxo entón receitas e menciñas
e deu en practicar os ritos do misterio
tamén en percorrer o monte por camiños
de lamas entre fentos e xestas e carqueixas

e fíxose chamar o rei da néboa escura
o insomne baluarte de occidente

O corno inglés

non tiña na mirada de febre ou de solpor
ningún tesouro antigo que houbera que lembrar
que só levaba escritos os códigos do pan
o xeito en que o centeo fermenta e fai crecer
a masa da tristeza nos cálices do outono

non tiña outro percurso que os ollos a virar
seguindo o voo dun verso o rumbo dunha frase
a onda dunha fusa na caixa dun piano
ronsel de borra escura un rastro de misterio

por iso andaba sempre seguindo algún enigma
por iso espaxiaba mazás polos sobrados

soubera cinco cousas e mesmo procurara
gardar algunha dúbida prender algunha sombra
e dera finalmente en coñecer
os códigos da noite as cábalas dos lustros

tamén levaba impresos nunha folla
sinais de prata e cinza e tórridos arcanos

que tiña unha mestura de silencios
e músicas durmidas
cancións que o vento deixa nos parques con salgueiros
por ver se chove un día a música do pranto

fixera unha elexía a un vello amigo morto
un barco con incendios que deixara
arder até queimarse

tocaba un instrumento do misterio
a harpa o violonchelo
acaso o corno inglés

Túmulo

os túmulos que gardan os corpos dos vencidos
daqueles que perderon a guerra e regresaron
ollando para a luz do seu solpor
ás veces falan alto regresan para a historia
e deixan un rumor de voces graves

non teñen ton de queixa
só piden redención
caídos no sepulcro e na distancia
e cantan unha escura ladaíña
e verten un recóndito silencio

sepulcros que espaxen lección do que pasou
sinais de que entre as músicas queimadas
con dedos de pianistas
con bocas de cantantes
cerebros de albaneis e mans de agricultores
hai linguas de poetas
sepulcros como follas contendo unha denuncia
un brado no interior de caixas como queixas
e a orquestra a executar
o lóstrego dun tiro
limpísimo esvarar de prata polas augas

os túmulos que falan dos corpos dos vencidos
daqueles que demandan a luz da redención
sepulcros cunha chaga de cinza e de tristeza

Sentido

porque EU sabe que o discurso
moitas veces o procura
sen querer para salvalo
e entón sabe que perdido
xa nunca encontrará
o que ansía cobizoso
e é por iso que precisa
perderse na linguaxe
no percurso dos vocábulos
na distancia dos camiños
porque é ese procurar
o que dá sentido á vida
non ten outro máis que ir
entre nomes e adxectivos
entre verbos conxuncións
como un reo condenado
na procura dese instante
(o do vil fusilamento)
sen sabermos que o que cae
non é máis que o seu fantasma
un espectro da linguaxe
unha forma sen sentido

Sombra

a sombra que amañece no fondo da conciencia
en pago polos días que o tempo derrubou
é medo de perder o insomne capital
da vida e do agasallo do mundo ese vestixio
de luces e de lóstregos que asoma xunto a ti
de ter dilapidado os lustros as semanas
seguindo unha corrente do tempo río abaixo
de teres estragado mancado derramado
o corpo entre doenzas da alma e da tristeza
e sénteste culpable por todos os afáns
por todas as vontades que venceches
por todo ese minúsculo
poder que atesouraches
poder para durmir
ou leres polas tardes
ou ires de viaxe nas ondas dunha música
poderes ben felices claro está
poder que conquistaches metro a metro
igual que un combatente na fronteira
do mundo e do desexo
igual que un combatente na trincheira
do sangue e da linguaxe
a sombra que anoitece e quere o teu castigo
levarte a un paredón e fusilarte
deixarte agonizante e mutilado
a sombra coa que soñas e quere que lle pagues
non chega acaso feita de memoria?
non ves que se proxecta no escuro sobre ti
e vive nos teus soños
e asoma nas túas sombras?
a sombra dos enigmas que asoma na túa umbría
e quere un corpo cálido de febre ou de silencio
oh non un corpo frío de andar polos camiños
oh non un corpo errante de ir pola linguaxe
mais si o corpo torto de cinzas e de fados
o corpo como un lume que prende na tristeza
ti vences esa sombra encóntrala chegando
en longas cicatrices en feridas
mais sabes que a victoria oh fúndase no engano
que antes ou despois que finalmente
a sombra ha de vencerte ha dar conta de ti
non cabe máis resposta que a vinganza
urdir unha estratexia
un verso que a derrote
un lento e delongado versículo que a irrite e faga que lle pese o mundo e mais o inferno
a corda que lle anoes a voltas no pescozo

a débeda que tes co sangue e coa linguaxe

130

Sinking boat

o pago que inda pode vencer e declarararte
perdido nos rumores no cómputo do mundo
é signo da fluencia dos días do devir
ignoto e devalante das causas e das cousas

que todo vai axiña seguindo un rumbo incerto
levando unha corrente de lóstregos e chagas
deixando atrás un día e un século feliz
brincando como un galgo nos prados do desastre
o tempo como un barco que afunde ese naufraxio
de torres entre néboas e incendios de mansións
o tempo como un vidro solemne que lle escacha
á deusa entre pregarías e insomnes sortilexios
o tempo como un prato de metal

o empréstimo que debes
os pagos que adebedas
acaso unha fortuna que murcha atesouraches
a sombra de riqueza que mesmo dilapidas
que corpo pode darche aínda o capital?
que acio de palabras e brazos e calor
escolle como rumbo un vello pecio?

que todo vai axiña levando unha corrente
deixando atrás un día brincando como un galgo

Maestro

deixou pousar na terra unha semente

non era máis que cinza
borralla do solpor

e foi polo silencio da noite inda noviña
tocando os seus acordes
no incerto acordeón

chamábanlle o cantante
o príncipe do sal
sarxento ou capitán de exércitos e coros
solemne confesor de tiples e tenores

chegou a dirixir no inverno unha tormenta
igual que se dirixe o mar dun orfeón
e foi moi aplaudido
famoso e celebrado naquel impulso grato
o aceno de ter conta da música da tarde
a chuvia en percusión o vento polas frautas
e o grave ton escuro dos metais
erguendo unha charanga
inhóspita fanfarria

chegou tan derramado de aspecto e de saúde
que a febre trasladouno nun día á outra ribeira
o campo en que fumegan cantando os fusilados
e os loucos doutro tempo

Maldita

de todos os palacios que habitei
e torres e mansións e plácidos hostais
e casas alugadas compradas emprestadas
cabanas e galpóns e húmidos alpendres...
de todos cantos foron unha noite
acougo para o corpo
e deron en gardarme o sono nunha caixa
por ver se no descanso moraba o meu destino
por ver nesa sombra ardía o meu devir...
ningún como os teus ollos
o sitio onde ficar
a estancia do porvir nos séculos milenios...
o espazo onde ancorar
a praia onde pousar o corpo xa varado
e ver de corrixir os danos deste curso
nas febres incesantes da linguaxe
insomne o meu rotar de aspa pola noite
maldita Scherezade

Himno

o curso daquel ano fixéralle gardar
na sombra algunha tarde
e noites no caixón do olvido e dos enigmas
que todo foi sumido no insomne devalar
das horas como paos deitados por un neno
nas augas río abaixo

(alguén tirando anacos de madeira
e o fluxo da corrente conducíndoos
barquiños que se perden no fondo da distancia
e son no soño inxenuo a heroica frota
que os ventos levan lonxe a combater
nos círculos da historia)

o curso daquel tempo vertéralle algún viño
nos cálices do rito nas roupas de morrer
e quixo que un oficio sagrado o conmovese
con músicas e sombra
e quixo que algún verso brillase como un himno
da alma conmovida
os himnos que abril ergue nos pórticos do ano
as abras que abril abre con flores e con luz

Electrón

o tempo agora dime morreu de vez o inverno
e vai pousando aves polo fondo da distancia
e vén espaxando un algo de calor

é tempo con espazos máis nítidos brillantes
e corpos que souberon hibernar
alá na estraña Hibernia ese país
de torres e de longos panascos entre a néboa

Hibernia ese lugar que amence polos soños
e prende un electrón de música na alma

o tempo agora dime chegou de novo a hora
os días de vivir as vidas a diario
viñeron as semanas volveron os teus meses
e quen lle explica así que foi o longo inverno
das torres e as cabanas dos rústicos galpóns
quen fixo a flor dos días máis branca e xubilosa
quen puxo nestes lustros pigmentos de borralla

o tempo dime agora chegaron os teus soños
Hibernia un electrón a música e a alma

Azar

a vida
cando chegas
a unha certa altura do camiño
e dás en revisar
os pousos que deixaron as túas cinzas
a borra que o teu verbo espaxeou
como escuro refugallo do vivido
semella ser tan curta
tan inútil
que ben podes entender
que haxa alguén que precipite
o arrebatado do destino
(o lugar en que conflúen
a forza da vontade
e o poder do azar)
mais tamén
a vida
cando volves dunha certa altura do camiño
e poste a lembrar
as músicas as cores
a luz que se vertía no fondo da paisaxe
en Grecia en Alemaña
na noites de Kilini...
e deixas un segundo que a música regrese...
a vida...
esa mestura
da forza da vontade
e do poder do azar

Épica

I

alguén fora dicirlle que había algo de luz
no fin do corredor
un cuarto con lectores ou amantes
prendidos a unha lámpada
a daren conta certa da paixón
mais el non precisaba oh nada que xurdise
das voces dos humanos
nin cantos nin palabras nin soños nin consolos
só un eco dos enigmas a sombra dos misterios
o pórtico entreaberto unha cancela
que dá para un panasco con cabras a roer
a herba que lle medra para marzo

fartara de saber segredos ou astucias
de ser a testemuña tristísimo albacea
de ver verter no saco da tristeza
borralla da esperanza
por iso non seguiu aquela senda
virou de cara ao sur
a algunha desas vilas onde nace
o mar do esquecemento

II

gardou logo nos cofres as xoias desveladas
os ouros que fervían nun brillo de ilusión
e foi seguindo círculos e rodas
varandas que deixaban ollar para o silencio
e viu a luz que acenden os misterios

dispúxose daquela moi dentro da súa casa
o mesmo que un espello que olla noutro espello a imaxe de si mesmo

saía a camiñar

seguía os cursos altos das aves polo outono
e ás veces recollía pigmentos do serán
coa cámara de fotos

tamén bebía en vidros os líquidos dos campos
insomnes bebedizos que viñan acender

no corpo o seu inhospito desexo

e fíxose distante
de feito inescrutable

un longo e devalante discurso de si mesma
como todos os discursos
como todos os suxeitos dos discursos

eu son, dixo por fin
a escura pega ida,
a ave que alimenta as néboas na distancia

III

o curso daquel ano fixéralle gardar
na sombra algunha tarde
e noites no caixón do olvido e dos enigmas
que todo foi sumido no insomne devalar
das horas como paus deitados por un neno
nas augas río abaixo

(alguén tirando anacos de madeira
e o fluxo da corrente conducíndoos
barquiños que se perden no fondo da distancia
e son no soño inxenuo a heroica frota
que os ventos levan lonxe a combater
nos círculos da historia)

o curso daquel tempo vertéralle algún viño
nos cálices do rito nas roupas de morrer
e quixo que un oficio sagrado o conmovese
con músicas e sombra
e quixo que algún verso brillase como un himno
da alma conmovida
os himnos que abril ergue nos pórticos do ano
as abras que abril abre con flores e con luz

IV

no fondo da mirada levaba un manancial
que ás veces derramaba a música do enigma
e o corpo flexionaba en cólicos escuros

nos tempos do seu tráxico labor
nas tardes en que o vento esparexía

amante o seu cabelo
o mesmo que un exército a izar unha bandeira
tamén de alí vertían misterios as palabras
mostrando a plenitude rotunda das hortensias
no medio do verán
nas longas agonías de setembro
os días en que o outono regresaba
e tiña voz de ninfa ou de sirea
igual que se estivese
verdadeiramente louco

que non era a flor de luz que o século soñaba
tampouco a flor de lava da terra como incendio
senón que era unha liña de pétalos prendida
un sulco que lle abriaran polo centro da tristeza
mais ben unha demencia de sons e de palabras

gardeina para sempre nun caixón
entre fotos e cartas e nostalxias
e nunca máis volvín saber dese misterio
tamaños foron daquela o esquecemento
a preguiza
e a ignorancia

139

V

e foron logo os días do corpo derrubado
e Nietzsche viña triste a consolarme
gaiteiro do solpor

e foi por eses meses que Elektra pareceu
eléctrica e azul febril computadora
e foi que Nietzsche díxolle Elektra que procuras?
non ves que este mortal xa vira cara á noite?

e todo estaba a arder
vertéranse palabras de lume polos montes
e enchíanse os caldeiros de chuvia e de silencio
e Elektra andaba alí
ditando os seus fragmentos presocráticos
pois tiña esa vontade de ser forever young
de ser unha película xa vista

e díxenlle eu chorando cantando unha nostalxia
que as rodas que anden vivas
a dar voltas enormes
no fondo dos planetas
conxuguen o teu verbo

e teñas neses círculos elipses espirais
a liña que ha de ser a singradura
e sulco do teu canto

e foron logo os días azuis da curación
e Nietzsche bendicía o meu calvario

VI

cheguei daquela a un porto no leste do verán
na terra onde florecen as figueiras
e fun buscar a illa dos naufraxios
Elektra non paraba de bicarme
e Nietzsche andaba incerto
perdido na súa sombra
e dei co pozo antigo
aquele o dos oráculos
e souben dos camiños que espaxen no destino cos seus dados
e quixen camiñar
mais era xa moi tarde
a noite estaba impresa na luz do firmamento
erguera no misterio da alba engalanada
un voo de cisne branco
a xeito de bandeira ou de consigna por todos os fracasos
un cisne que era cántico e misterio
un cisne que era música da dor
e puxen sobre a torre outra bandeira
e ollei para a distancia e para o ocaso
e Elektra non paraba de bicarme
e Nietzsche camiñaba pola sombra

140

VII

un día dei en celebrar o voo da mocidade
e foron devalando as músicas dos anos
as follas que os salgueiros deitaran na corrente
os beixos que escorreran pola pel
e todo foi veloz como unha anguía
correndo río abaixo

e logo naquel cumio o século virou
e foron decinando os substantivos
e foron esvarando os verbos todos
e a mesa ficou limpa
e todo polo chan

ninguén daba resposta
e fun rompendo ánforas e enigmas
e fun prantando pedras no xardín
e vin como chegaban as brancas raparigas
e as pálidas hortensias se estragaban

un ano houbo un incendio e outro diluviou
e vin pasar outonos como caixas
e barcos carretando a cinza e o silencio
e lustros que caeran da música vertendo
un círculo de prata

e vin no corpo vello arder unha figura
e os fumes do holocausto que prenderan
nos templos nas cabanas nas tabernas
nacións de mansos bois e túzaros traidores

VIII

paraba naquel tempo nun cuarto de alta sombra
con vistas ao solpor
a música fervía polas ondas
e viñan varias brisas embriagadas
e todo estaba inerte e derrubado
prendido nunha cruz do tempo que se ía

e vina entre os espolios do naufraxio
Elektra miña vida!

non tiña o ton dourado do triste acordeón
nin era tan escura como a noite
levaba algo de luz
e todo ao seu redor cabalos parecían
turrando das carrozas invisibles

e andaba xunto a ela o tétrico albacea
o morno secretario
aquele a quen deixara fervendo as augas negras da moral

ei Nietzsche vello amigo!
e púxose a asubiar ollando para as illas

e só no cuarto escuro de noite redixía
epístolas de cinza e músicas de luz

IX

alguén chegou dicindo que os tempos fenecían
que a porta estaba aberta e viña algo de sombra
que a noite andaba fóra contemplando
o sulco que deixara aquel solpor

e había moita xente a procurar
un taxi algún transporte baleiro iluminado
un tempo ou un espazo que reunise
as dúas condicións
acougo afastamento

e nós ficamos vendo aquela sombra

podíase mirar do alto ou por abaixo
a rentes ou de lonxe
e tiña aquel aspecto prodixioso
do engano e da ilusión
mais era a Negra Sombra esa paisaxe
que fica alén dos montes e da chuvia

e díxome tocando Elektra o seu piano
non perdas nunca a fe
nos músicos errantes
aqueles que padecen
o cólico da euforia
e senten o rumor
da tarde na cabeza

e Nietzsche desde lonxe bebía o seu licor
e tiña o grave aspecto do que espera
a voz de Dionisos

X

as torres que se ergueran na fonte do desexo
con cánticos e odas e fogos de artificio
pertencen aos perdidos territorios
lugares que inda brillan emerxen sobre os mapas
igual que se levasen a orquestra do verán
tocando unha charanga de chuvias e mosquitos

son épicos espazos erguidos no combate
da vida contra a morte
da noite contra o día
no pálpito febril da mocidade
e gardan esa fe do tempo inesgotable

dos anos como un fío sen final

quen chegue agora ás torres no empeño da ascensión
e dea en propagar as liras con que canto
e sinta o mar inmenso
e vexa azul o ceo
será porque pertence aínda a esas familias
os grupos ambulantes que soñan con chegar
un día ata os solpores da distancia

felices sexan pois aqueles que derraman
as horas como incenso polos templos
os anos como mirra nun altar
felices porque teñen aínda esa mirada
febril dos soñadores
e gris dos viaxantes
e fican ben ben lonxe
dos cegos dos escuros
dos loucos
dos incrédulos

XI

entón foron ferver a roupa que mancharan no tránsito dos ríos
e andaron varios días camiñando baixo o sol
o vento a debuxarlles na pel unha tristeza
que o aire lles lambía as cicatrices
e houberon de verter o seu silencio no corpo dos oboes
no ébano labrado de antigos clarinetes
(oh todos instrumentos do azar e do destino)
e houbo quen os viu e díxolles benvindos
que sexa o voso andar por terras do confín
un signo do misterio e da tristeza
que ampara en occidente
no pórtico febril do mar precipitado
o cólico dos signos
e houbo quen dispuxo nupcial festividade
e xentes que tomaron de vez a iniciativa
de encher a noite inmensa de luces e de lóstregos
foguetes que estoupaban no alto como un hálito

eu era por entón un bosque derramado
as árbores vertían resinas minerais
e tiña o corazón nunha vertixe

XII

os días foron logo vertendo as súas mazás na terras enlamadas
e viron como as árbores maceiras se achegaban a unha certa idea de beleza
e aqueles meses crueis prenderon como chama nun bidón de gasóleo

eu era o que levaba as chagas máis visibles
aquele que espaxiaba os flocos constelados da cicuta soprando sobre a man
o mesmo que pousara os dedos a sangrar na lámina do espello
os dedos que escribiran por riba do meu rostro palabra ilexibles
os signos de estar preso na linguaxe
os círculos gastados de soñar

e foron logo os días chegando coa súa luz
deixando que os pigmentos derramasen a sombra polas casas
e foi fermoso andar polo xardín
sentindo como as parras fervían viño novo
probando aquelas uvas de tinto gorentosas
a terra nun resumo mineral de líquidos e azucre

XIII

daquela oín chegar o barco do silencio
non era unha ameaza
(mais ben como unha flor)
e púxenme a tecer unha grinalda
con follas de maceira e con hortensias
e souben que os invernos xa pisaban
as táboas do faiado
levaba inda fragmentos de herba no cabelo
e tiñe os labres cansos de falar
tamañas as palabras que os séculos dixeran
que fora a miña lingua o tránsito das décadas
e todo canto un día fervera polos nomes
deixara alí sinais da súa presenza
e souben que era triste percorrer
as tardes os camiños os libros o desexo
e nada máis valía que a parada
unha longa e minuciosa quietude a detención
definitiva dos ventos e dos ríos
e amei como unha estátua dos mares conxelados
o ártico de min

XIV

el tiña aquelas tardes un barco que levar
sen rumbo polo fondo da mariña
e algunhas illas breves máis ben como penedos
dispostas no horizonte como guías

fuxiran as semanas máis grises dun inverno
chegaran os primeiros renovos ás maceiras
e xa a cegoña erguía a casa polo cimo
disposta a ter asento na terra e na distancia

a torre estaba aínda soñando coas alturas
izando a súa figura de luz contra o solpor
deixando que o seu raio sen fin se espaxese

e as tardes perduraban na espera de tormentas
os corpos debruzados a ollar para a distancia
por ver se ao lonxe viña a nube que vertese
o cólico do mar ese tormento
feliz e sen medida

entón sentiu a voz ferver polos adentros
non era máis que un signo do rumor
e soubo que esa música medraba
e foi coñecedor da luz que lle fervía
acaso como a aguia que quieta alá no alto
solemne comparece ante a tormenta

145

XV

e foron logo as dársenas enchéndose de barcos
e o porto foi inzado de vapores
e todo tiña auga salgada derramando
os ferros bronzes cobres a tristeza
e soubo que morría aquela tarde
que nada máis cabía que esperase
xa núa e desolada a forma corporal
que foi o seu transporte na existencia

e o certo é que viviu despois daquelas horas
que tivo na fortuna de seguir
igual que o barco errante
despois dunha tormenta
as áncoras izando
as velas despregando
a liña do horizonte e do destino
oh sempre outro destino

e entón ollou a Elektra entre as materias
un corpo prodixioso
a forma do ideal
e viu que tiña boca e que bicaba
o mesmo que unha serpe

e díxolle camiña
de xeito que a túa sombra non te siga
o sol a dar quentura nas túas costas
non luces por adiante
nin sombras laterais
que vexa todo o mundo que segues un misterio

XVI

el daba por entón un libro por un beixo
e tiña os labios cheos de silencio
custáballe falar

o corpo comezaba a súa deriva no límite das noites
e todo canto vía ficaba rexistrado
na cova dos misterios da conciencia

non era máis que un barco
seguindo a singradura
das torres polo fondo do fondo do horizonte
e tiña as velas rotas
o vento a perseguir
os lombos debrozados dalgún remoto outeiro
os cumios consumidos dun penedo
igual que se a paixón buscase un templo antigo
o centro en que erixir de novo o seu altar

andaba algunhas tardes polos campos
cortaba para si ducias de flores
e daba o que pedisen aos pobres esmolantes
e lía moitos libros sobre Grecia

e foi por esa altura que os campos se perderon
ninguén daba con eles
e todo eran cidades e lugares
con casas con alpendres con tabernas
con vellas catedrais
e foron os seus ollos perseguindo
os restos dese soño
a porta das igrexas da paixón

e só puido mirar materias consumidas
un cravo enferruxado

XVII

seguíu eses camiños buscando unha lanterna
algún deses trebellos que deitan unha luz
e furtan por un tempo a escuridade
e soubo que eran épocas de sombra

o campo estaba inzado de xente a camiñar
cos brazos alongados apalpando
e daban entre todos a impresión
de seren cegos loucos
dementes que perderan o don da claridade
os rostros que esqueceran os seus ollos

e puido comprender que se chamaban con nomes de misterio
palabras nunca antes pronunciadas
vocábulos que os ventos roubaran nalgún pozo
e frases como enigmas

entón saíu o sol e todo foi igual
ninguén podía velo
e ían camiñando cara ao río
caían polas beiras dos regatos
morrían afogados

e el púxose a berrar
e viñan cara a el
quen sabe o que entenderan
e víanse nas linguas labirintos
e tiñan entre os dentes o solpor

da torre penduraba o corpo dun suicida

XVIII

Elektra vendo aquilo puxérase a chorar
e as bágoas lle caían sobre as teclas do piano
facendo estraña música

e o pranto foi virando nun canto estarrecente
a morte en nacemento

as tebras nunha luz
e viu como fuxían do cárcere dos dentes
as sombras dunha idade
o parto dunha época feliz
e soubo que era triste estar calado
e púxose a cantar

e Elektra tan eléctrica fixérase unha lámpada
un sol que espaxiaba melódica de luz
e foron os seus anos regresando
e puido contemplala
na flor da mocidade
Elektra espreguizándose no leito pola alba
Elektra adormecida no leito xunto a el

XIX

calou daquela Nietzsche o seu misterio
e puxo nos caldeiros a ferver
un pouco de tristeza
e deu en enxergar aquilo fumegando

entón Elektra viume a tocar o clarinete
e díxome Manuel podías procurar
o acougo da quietude e a parada
mais eu que tiña o corpo co licor
que o incerto Nietzsche me fixera
beber na súa compañía
repúxenme do vento da chuvia da presenza
do brillo que deixaba o seu cabelo prateado
do estraño magnetismo
e díxenlle non é
moi lícito calar
non son estes os tempos do silencio dos poetas

e quixo que a gardase entre os meus brazos
o mesmo que unha pomba

e díxenlle eu Elektra miña vida
non son xa partidario
do amor esa falacia

e foi virando lenta no seu baile
seguindo a ladaíña que tocaba
e mesmo houbo un instante en que pensei
que iría dar ao mar

mais Nietzsche estivo atento e recolleuna

xentil pasoulle un brazo polo van

XX

a praia estaba chea de gaiteiros
e Nietzsche fora pór as tres hamacas
no límite do mar

e foi que nun instante vertéronse palabras
ditos vellos que levaban un século esperando
e todos coa certeza das mentiras
das grandes mentiras
(pois é todo o que sabemos
algúns compases que cantar
unha doce melodía
e as palabras esperando como esperan
os feridos os sangrantes)

e foi que non chegaron ambulancias
senón pombas escuras
as aves que percorren as prazas procurando
as migallas das mesas dos cafés

e dímome daquela o Nietzsche visionario
os ollos ocultando con lentes para o sol
redime as túas verdades
igual que se levases
un feixe de pecados

e a praia estaba chea de cabalos
e Nietzsche foi pousar a súa mirada
no límite do mar

XXI

E sentou a contemplar o pobo triste de Galicia.

El era dos que andaban carretando os cadaleitos,
os sinxelos ataúdes do misterio.

Aquel que, encadeado e preso sen porvir,
os pórticos e sombras, as prazas e ruelas,
solemne percorría,
insólito almirante das frotas afundidas.

Erguido entre as materias que a tarde foi pousando
nas covas da tristeza

viradas para sempre a un sol que esmorecía
expuxo o seu velamio aos cólicos do vento,
deixou que as augas fosen levando o seu fluír
de sopros abafados, de aires compunxidos,
de corpos como naves varadas nas baías
ao pé de catedrais,
asombros dunha luz batendo contra o mundo,
e dixo que era tempo,
o mesmo que alguén grava con ferro de cincel
palabras sobre as pedras.

E deu algún traspés nos banzos ou na porta.

Mais era que pasaba o pobo triste de Galicia
seguindo a prefixada derrota da paisaxe.

As torres que se erguían no límite da néboa
sentiran que a borralla formaba un horizonte
camiños nos cruceiros e rumbos nas estradas
e daban en caer

igual que precipicios
as torres como áncoras e liras
as torres como incendios e naufraxios
as torres como pontes e teatros

E púxose a mirar os corpos que pasaban.
os corpos que a ruína, amante, posuirá.
o incógnito volume que todos procuramos
do pobo cos seus gritos
do pobo entre as hortensias
acaso esconxurando un mar que derretía
algún discurso vago que a xente namoraba.

El era dos que andaban furando no silencio
un voo de auga sombría.

Os tempos viñan longos do fondo dos naufraxios
e daban en bater as portas contra o escuro
solemnes como un río que fose esparexer
no mar a caixa aberta das borrallas
de todos os incendios.

E o pobo andaba canso a derreter
os séculos da historia.

Por iso foi formando o grupo dos vencidos
daqueles que deixaran de chorar
e foi querendo ser como unha ave
erguida sobre a torre para ver
a lava do crepúsculo.

XXII

e souben que era triste estar calado
que andaban as palabras a ferver
moendo os seus recordos contra as pedras
e había unha distancia polo fondo

e foi por esa altura que Nietzsche apareceu roendo unha mazá
os brazos a estender como a aguia que paira alá no alto do deserto
e dixo circunspecto cegado pola sombra e polo frío
nación esvaecida
infame mar de arañas

151

quen sabe que sentido gardaban para el tales palabras sentado nunha rocha ante o solpor
mais era o seu enigma un arreguizo
un fío de electróns que che baixaba
seguindo o val do lombo con tristeza

e fun coller madeira por prender
un lume que aquecese na noitiña

XXIII

non sei que dixo Nietzsche que todos o aclamaron
e púxose bailar
a tarde viña espindo o corpo de xaneiro
e había unha nostalxia de andoriñas nas luces do solpor
e dixo o mestre ingrato xa ebrio pola danza
miña terra miña terra
terra onde me eu criei
e dáballe por rir ferido de cervexa
e eu díxenlle cabrón
e el díxome Venezia

no tempo que duraban aquelas melodías corría desde o fondo da sala
á porta que se abría a unha varanda
disposta contra o ocaso
e tiña unha furtiva laranxa na súa man
dereita algunha esponxa moi seca no interior
dos petos da chaqueta
e foi por máis champaña
entón houbo un silencio os músicos calaron
pensando que o meu berro era debido
a un duelo ou un litixio
e el púxose a bailar a todos saudando
igual que se levase a música no fondo da mirada
o mesmo que se o voo de oboes e de fagotes
prendese algún incendio polos montes
e eu díxenlle xa canso con ganas de partir
que morras unha noite dun cólico de sombra

XXIV

despois oín chegar a nave do silencio
non era como os barcos comúns que se desprazan
seguindo un rumbo fíxo un porto escuro
senón que se movía igual que unha andoriña
un folgo de aire limpo un pensamento
e viñan sobre a popa durmindo os pasaxeiros
os poucos inspirados que deran en subir por ver que había ao lonxe
e foran polos séculos gardando nas súas caixas
pelicas de laranxas e lóstregos de pan
que logo na arribada habían de empregar
no forno ou na lareira dos soños con tristeza

non viña o meu amor que seica fora ao sur
verter bágoas no mar do esquecemento
mais viñan os filósofos berrándose entre eles
o turbio que era o día do saber

tampouco viñan tardes de música ou de cinza
xornadas que o sol verte nas praias da preguiza

que só fiquei alí chorando a despedida!
que tristes que vermellos os labios a beixar
a tanta xente errante!
que lástima de min!

e Nietzsche no peirao tocaba unha harpa rota

XXV

Que eu vin a Nietzsche andar
fervendo na ola incerta
as vellas ilusións.
Levaba a cabeleira caída sobre os ombros
e tiña unha guitarra cromada de ferruxe
coas cordas balorentas.
E souben que era el por trazos da súa sombra.
Tamén porque do lonxe chegaban aves grises.
E andaba como alguén que escoita a voz do fado
e ponse a malgastar as horas con cervexa.
E díxenlle ei amigo que andas a facer
por onde levas hoxe o carro do silencio
por onde se espaxa na tarde a túa vontade,
que sulco ha de labrar na noite o teu arado,
por onde a liña escura,
por onde aqueles lóstregos.
O porte atormentado. Non viña con Dionisos.
Por máis que se notasen as follas dunha vide no alto da cabeza
e un voo de inverno seco sobre os labres.
Canteille: Federico,
benvindo á terra erma do solpor.
Que agosto che depare o tempo que mereces,
oh clásico e errante.
E, vendo que eu quería falarlle da piedade,
fuxiu por entre as viñas,
tan áxil como un galgo.
E sei que se trataba de Nietzsche polo tempo
que duran as súas sombras.

Desmesura

I

as nubes debuxando efémeras paisaxes
levando polo río no barco do silencio
a épica feliz do canto e da memoria
o tempo co seu leve devalo cara ás sombras

sen elas non soubemos que rumbos procurar
espectros que se deron a errar polos camiños
soñando con fracasos de viños moi escuros

por iso teñen formas de sono e de preguiza
materias que han ficar no límite das horas
alén dos muros altos da torre do desexo
palabras contra a tarde no fondo da distancia.
o mesmo que un diamante igual que unha paixón
nos grandes almacéns que habita Escuridade

que nunca se te acheguen voraces como incendios
as lavas silenciosas das páxinas do olvido
fragancias trastornadas na terra cando seca
que o século que tiñas xa vai medio gastado
penando por vivir tamaña desmesura

II

agora que este tempo xa esvara de preguiza
alá desde as alturas do inverno cobizosas
deitando o seu vagar no espazo da cidade
e o día vai abrindo pigmentos de silencio
dispondo o seu enigma de soños sobre a música
quixera eu derramalo á beira da túa luz

*que todo vai moendo a roda do devir
a roda xigantesca dos lumes do crepúsculo*

poetas derrubados na crenza da linguaxe
oh corpos como aves nun voo de clarinetes
levados do misterio se cadra e vén ao caso
deixando atrás un día de sol sobre o deserto
mandádelle recordos cristais que o vento inzou
a aquel que derrubaba a voz contra as adegas
o ingrato amigo Nietzsche o louco visionario

que todo vai moendo a roda do devir

III

e souben que eran días caendo para atrás
que abrían unha lenta solemne procesión de cinco ou seis minutos
camiño de teatros no inverno máis fecundo

leváronme de présa seguindo algunha sombra
por neves e montañas alén do mar perdido
cargando a doce mole do peso da existencia

e ti como unha sombra deixáchesme pousado
a voz máis solitaria que caiba recordar
os meses de novembro de outubro debuxando

subín nun tren lixeiro camiño da cidade
gardando entre os misterios da brétema unha voz
imperio reducido a un mínimo lugar
con páxinas escuras de ignotos pentagramas

que aquelas eran regras do xogo da ruleta
deixar que se derramen en limpas emocións
as mans sempre dispostas no peto dun abrigo

e fixenme feliz fugaz como unha ave
en fondos remuíños en cólicos sen fin
ao longo do traxecto de altos ríos
durmido sobre o lombo dunha estrela

O voo do tempo irado

deixou de espaxer o voo do tempo irado
e foi virando en sombra
caendo para adentro
un buque derramado de chuvia e de ferruxe

os bosques de maceiras a música feliz
seguindo unha derrota de orquestras e verbenas
impondo unha secreta distancia xunto ás cousas
non tiñan a valía dos tráxicos enigmas
durmidos sobre o lombo dunha estrela
da flor da boca enchida con cinza e refugallos
que aniñan no solpor do corazón

levaba estes ramallos de hortensias consumidas
do xeito en que outras horas decrecen cara ao sur
nos límites do mundo
e tiña esa ousadía feliz da mocidade
do outono tan enorme tan canso de viaxar
da vida entre rebumbios de pánicos e cinza

que hai un pouso de verdade que se acende sobre o rostro nos días en que o signo do estío se
esparexe desde o fondo dos misterios da tristeza

A un sol que esmorecía

as pontes derrubadas de marzo para abril
por riba de valados de hortensias e fracasos
pisando as cidadelas os fortes baluartes
do sol como unha efíxie de incendios e de ouro
están nese retrato no gris desa instantánea

os círculos de cinza da caixa dos espantos
leváronme daquela por fuscos corredores
deitando a longa alpaca do inverno na corrente
e dei con vellas flores insomnes serenatas
pousando un voo de auga nos cólicos do mundo

por iso unha mañá logrei ollar no espello
lugares imposibles sen lámpadas ou vidros
as rosas da mirada dos anxos do fracaso
viradas para sempre a un sol que esmorecía

sentín o desarraigo do corpo tan espido,

Infantería

O leite que verteron no deserto
na area espaxado como un voo
un leite de solpor e de fracaso
un leite de ruínas e de inverno

o mel que se desprende do silencio
se escoitas o seu eco contra o vento
e vén do mar distante unha fragancia
un líquido febril unha goleta

o tránsito da tarde polo ceo
a luz que abril reventa entre as maceiras
deixando o seu lamento como un frío
lembranza dun febreiro esvaecido

son signos dos arcanxos derrotados
bandeiras dunha alada infantería

Outra vez

E foi que vin saír
do fondo do horizonte
as nubes doutro inverno.
Chegaban tan orondas,
fartura de borrallas e de chumbo,
que tiñan o perfil dun continente,
da masa dunha broa fermentando.
Fiquei a ollar pra elas
o mesmo que de neno
ollaba para o corpo das avoas
e vin que tiñan ganas de verter
o pranto dos seus ventres fabulosos.
Chorade, proclameilles.
Que as bágoas do fracaso
propaguen outra vez a primavera.

Agrícola

Non deixes que as túas vides se orienten ao solpor
nin plantes entre elas salgueiros, bidueiros
ou árbores de sombra.
Que aquel que o gando induce por prados e panascos
non prenda lume alí
nin paren a aquecer brebaxes os vaqueiros.
As cepas máis ruíns conserva e desconfía
daquelas que medraron esguías, siderais.
Que sexa unha tormenta quen as regue.
Que o vento lama nelas promesas en abril
e o sol sereno acenda mil brillos polos acios
nas lúas derradeiras.
Non deixes que as túas vides se orienten ao solpor.
E o mosto catarás celeste por setembro.

Meditación sobre o destino

Sepulcros cava ás veces o desexo
por ver onde deitar ríos de cinza,
materias que baixaron polos montes entre chuvia,
buscando unha cidade, un porto na distancia.

E cávaos coa vontade de poder
deixar que se consuman os obxectos
que o corpo cobizou,
fantasmas entrevistados en rúas máis ao norte,
veleiros que algún vento conducía,
cristais que se fenderon ao chegaren os invernos.

E cávaos coa esperanza de deixar
gardados nas súas caixas os tesouros, os milagres,
visións e epifanías,
presenzas e evidencias dos deuses.

Mais todo exhuma a lava da memoria,
volcánica, feliz, ardente, arrebatada,
estralo e erupción da pura forza.

Aprende, pois, soldado.
Non has gañar xamais
batallas que non sexan
cos anos a derrota
de verte como escravo do destino,
na noite executando os seus martirios.

Deixarte levar

Os templos que visitas no fondo das viaxes,

seguindo o rumbo incerto dos fumes do misterio,
alá polos países, no centro das cidades,
veneran vellos deuses durmidos xunto aos ríos
nos tempos en que aínda vivían as deidades.

Son torres erixidas no espírito da néboa,
reloxos que mediron o voo daqueles anos
e pórticos con forma de lúa ou de mazá.

Non sei que te conduce, un ano e outro ano,
a ollar eses vestixios, a ver esas ruínas.
Acaso sexa o rumbo da cinza que te leva
feliz e impetuoso ao límite do mar.
Ou pode que unha lenta e antiga migración
prosiga no teu corpo un prístino proxecto,
un antigo trazado.

Terás, en todo caso, que seguir ese camiño
e deixarte levar,
deixarte levar.

Tagebuch

I

Os días foron logo caíndo como un voo
de aves sobre o fondo da distancia:
mañás do alegre xílgaro,
as tardes da andoriña,
as noites do sombrío e devoto da tristeza,
meu corvo visionario.

E puíden ter contacto cos volumes
que abren fendas longas nos enigmas,
os libros en que alguén dispuxo a vía
que leva pola noite até a alborada,
os ferros alongados que transportan
o insólito comboio dunha luz
fervendo de beleza.

E souben logo estar sentado
a ollar hora tras hora para as letras
o mesmo que unha pinga de sangue que escorrega
por riba dun reloxo
e tarda moitos días en secar.

E déronme as cinco e mais as seis
e as sete da mañá
tronzado de lectura e de iliusións
inmerso naquel mar de auga sombría.

II

Do vento que proviña do fondo da mañá chegaron algúns signos.
Anacos das bandeiras que se ergueran nos soños do mencer,
cristais que espaxeraran antigas redomas agora rebentadas polo tempo,
farrapos dos vestidos que os príncipes usaran nun baile xa esquecido.

E púxenme a mirar para os espellos
levando unha canción prendida no cabelo,
as portas viseladas dos roupeiros
que alguén bañou un día con azougue
e agora andaban cheas de cancros e de cinza.

E vin como saían dos meus ollos as imaxes
durmidas sobre os prados da retina:
cabalos que pasaran había moitos anos

seguindo a vella senda do solpor,
os bois que tempo atrás turraban dos invernos
levando unha lameira sobre o lombo,
o incendio dalgún monte erguéndose no alto,
os aires posuíndo a fumarada.

Do amor como paisaxe

o día en que pousaches a voz sobre os arames,
e foi para dicirme que o inverno viña frío,
sentín que se vingaban de min os teus silencios,
navíos que afundiran no límite do mar
levando un mastro antigo de corpo de salgueiro

a tarde en que deitaches a man sobre o cristal
e había algunha dársena con lumes de crepúsculo

a noite en que se abriu de novo aquela chaga
un cántico unha lousa un feixe de calor

percorres hoxe os mapas que levo sobre o lombo
e dás con illas grises con praias e mazás
e chegas até o fondo de océanos de cinza
enormes soidades que cangan sobre ti
regresos do deserto con lúas a brillar
prendidas no cabelo e na mirada

non sabes onde estás
non vas polo camiño
sabías que este leito non admite
os cólicos do mundo

Outono

E foi por ese tempo que Outono se achegou
despois de ter reposto a súa linguaxe.

Chegaba entre vasillas cargadas de alquitrán
e tiña os dedos murchos de tocar
a harpa entre as hortensias.

Outono. Si, ese Outono que viña cando nenos
levando a súa carreta, guiando o cabalón
normando da tristeza. Outono, aquel señor,
vestido con mazorcas e con acios.

E foi que puxo os ollos na porta desta casa
e díxenlle:

feliz quen poida verte
de novo regresando;
que sigas o teu rumbo
sen pausa cara ao norte.

E el díxome:

Verémonos, se cadra, en doce meses.
O mundo xa terá, daquela, outra feitura.
E foise de vagar,
turrando dunhas nubes que apagaban
os restos dos incendios.

Do amor como momento

o tempo tiña ás veces a cor dunha mazá
dourada e con vermellos transeúntes

caía entre os teus dedos o pó de vellas cinzas
borralla dalgún libro que prendera
sabéndose admirado
escuros refugallos de lúas entrevistas nas febres do misterio
nos pánicos do enigma
e viña un vento morno de chuvias aínda lonxe
deitando sobre o chan moitas laranxas

Galicia despedía nos lindes daquel século
un soño enferruxado sobre as pedras
e andaban polos mares varias ondas
querendo ser labercas procurando
solitario refuxio nas montañas

e foi naquel entón que te mirei
e souben dar contigo
e fun saber quen eras

Errante

Os días en que prende o rumbo dos outonos,
deixando sobre a terra un selo de humidade
e un tacto de noitiñas que se agrandan,
medrando a latitude das sombras contra as casas,
emerxe un canto amargo de días clausurados,
xornadas que afundiron nas simas do mar
e deron o seu berro derradeiro,
nos límites da alma, na extrema da paixón.

Son días para andar seguindo unha ribeira,
deixando que unhas augas que devalan
che guíen o falar,
dispoñan a túa búaola nos mapas e proclamen: por aquí,
o norte está fixado, non tes alternativa,
agora has de seguir a senda que marcamos,
a terra dun carreiro que a chuvia debuxou,
a liña que trazaron silentes alimarias.

Así que te abandonas
a andares tan errante
que o século contempla
inerte o teu pasar.

A voz

Mandei calar un día os meus adentros.
Fagan o favor. E foi como o momento en que se afinan
as cordas dun concerto. Choraban os violíns
por daren un mi baixo e viñan as violas,
violonchelos a entrar no mesmo túnel,
un voo de sombras cálidas e mestas,
o lago en que se ollaban as nubes pola tarde.
(Sentín algo de frío.
Falarmos quenta o corpo.
Calar, ás veces, é
sinónimo de morte.)
E houbo afinación. As voces acordaron,
mostráronse empastadas sen bulicio,
cesaron os rumores, calaron os ruídos.
Falou de vez aquela que supuña
ser voz da intimidade:
o canto que aínda arrola o sono máis profundo.
E tiveron que fuxir.
Xamais dei aturado o xeito en que dirixe
os cólicos de cinza,
as quebras dos cristais.

Da fe que non profesas

Feliz quen coma ti, sentado xunto ao río,
relembra as melodías que arderon por abril,
os signos que ficaron do tempo no seu paso.
Non temas o vaivén das ondas e o naufraxio,
o cráter que derrame as lavas dun incendio
nun saco de desexos frustrados polo inverno,
disposto contra o fondo do palio do solpor.
Pois ti que agora sabes o prezo de vivir,
e andas asubiando nos aires desolados,
deitado na confusa poeira das palabras,
non falas xa do tempo, dos límites do espazo,
da luz que pode entrar, do inverno que ha chegar.
Que son as túas medallas as grandes cicatrices,
imaxes que transcenden nun voo de transparencia
a fe que non profesas nos verbos e nos nomes.

1936

E pousei a ollada triste sobre os corpos que seguían
debruzados sobre a lama sen mirar
xa perdidos para sempre no arrebatado do solpor
como un boi que arase canso un panasco interminable.
Eran corpos que fenderan a distancia
e chegaban entre barcos polo río
naufragados pola dor
sempre inmóbiles, inermes,
debuxando cos seus brazos
algún trazo do imposible.
Percorrían a derrota
enxergando no interior daquelas augas
e se algún viraba o rostro
era só para mostrar
cicatrices da conciencia que xamais se curarían.
Houbo corpos que duraron
o que dura un longo inverno,
alí detidos xunto á ponte,
sen que alguén puidese darlles
un asomo de piedade.

Algo así como unha paisaxe

O río co seu chumbo, a prata do silencio,
xa vai pola distancia deitando unha fariña
en forma de preguiza ou soños ou insomnio,
un óxido de chagas insomnes, purulentas.
Por iso descubrimos na noite e na mirada
fugaces labirintos de carne ou de cristal.
Percorre territorios de insólitas umbrías
nun voo de clarinetes nevando sobre a chaira da década feliz
camiño do horizonte, do océano, da noite,
de aquí para acolá seguindo unha derrota.
E fica pendurado do tempo, da memoria.

O río co seu chumbo: a prata do silencio.

Luz

Conta a lenda que unha tarde,
disposta polo lenzo do inverno contra o ocaso,
Ela ollouse ante os espellos quebrados de Hibernia,
despois reconstruídos nun soño de devacle,
e tomou entre as figueiras do froito madurado,
licor de malta, suave, fuxindo para o sur,
exércitos de soños con baixas e feridas,
enteiros batallóns con mortos e medallas.
E díxolle: "chorei, non deixes de lembralo",
á espera de que un vento de novo o transportase.
El viña por entón dos corpos arruinados,
da cor de terra e sol que teñen os palacios,
e mal daba entendido as cordas dunha harpa.
Saber nin ben sabía das formas que atesoura
Beleza cando amasa un corpo de muller
mais soubo que era amable o deus que a esparexía,
feliz como a poeira que arrinca o vento en maio
das terras consumidas e xa secas.
E tivo que apousar a fronte nos espellos
de tanta que era a luz.

Da torre que caeu

E xa as primeiras luces do día se espaxen.
As naves que hai por dentro, caladas a sulcar
cromática de tebras e brillos sanguinarios,
deixando que ocupemos as sombras e os espazos,
os túneles que baixan ao estómago da urbe,
camiñan polo fondo do xardín,
fantasmas que se ergueron da terra humedecida
fundando un horizonte, os escuros metais.
Un xeito de dicir adeus pero gritando
que ás sombras dunha noite sucede unha mañá,
oh sempre outra mañá de luces e de tránsito.
A música da voz dispara entre os foguetes
algunha desas vellas palabras que procuran
os labios do imposible.
E todo por soñar unha distancia.

Eu son o que entre as sombras paredes apalpaba,
o que un día entre os salgueiros verteuse por un pozo
e foi parar á torre,
á torre que caeu.

Nevertheless

Hai verbos derrubados, palabras case murchas,
gardadas por alguén que as trouxo de ultramar,
que falan do imposible, do tempo, dos espazos.
E logo dunha longa, escura travesía,
de sombras e silencios no fondo da floresta,
mal poden calibrar a música que espallan,
celestes derramando a néboa luminosa,
paquetes que se envían ao sur do esquecemento.
Non temos máis que abrir a caixa das imaxes,
das liñas que atravesan a noite e van tecendo
cancións como artiluxios mecánicos, pistolas,
dispostos para sempre no soño da distancia,
E ver que viven soas no fondo dos seus pozos.
Falacias, ilusións, pantasma irisadas
que deron en mostrar a chave que abre as bocas,
os panos a virar na flor da despedida.
Oh labres de poetas que o século abrasou,
seguindo a prefixada derrota da paisaxe.

Abril

volveu de vez abril e fíxoo en remuíños
de vento e de sorpresa polas rúas
paraugas a voar e roupas estragadas
de chuvia e de misterio
e golpes sobre a túnica do mundo
e cólicos do enigma xeroglíficos

volveu como unha furia unha distancia
e foi pousando nubes no faiado
e deu en ser febril alicaído

non quixo darlle tregua a esta paisaxe
non tiña outra vontade que chegar
e fíxoo con ruínas e fracasos
con vellas dilixencias e cabalos
(tan cansos que paraban
nos camiños a soñar
a enxergar no firmamento algunha estrela)

volveu como unha lápida a neve nos sepulcros
xogando a derreterse contra as horas
e un sol estarecido coa derrota
e deu en ser abril polos viñedos
na sombra das maceiras
nos panascos
acaso xa seguro
de seren estas as súas horas

Un cólico de mar

oh ti que errante vagas seguindo algún camiño
de outono cos teus vellos zapatos consumidos
feliz polas estradas do íntimo de Europa
ti lúa xunto ás torres fendidas polo raio
ti fío de altas cordas que pousan un son grave
pisando as cidadelas os fortes baluartes
por riba de valados de hortensias e fracasos

achégame outro vaso escuro de cervexa

que as horas van alén das fendas da linguaxe
e na fronte alguén che puxo un signo de tristeza
un límite de lume un témpano de tempo

que a roda que dá voltas ao círculo sen fin
e vai pola distancia deitando unha fariña
nos bosques de maceiras na música feliz
erguendo bafos leves na pedra e nos tellados
do mundo segue a dar mil voltas cada pouco
a andar de porta en porta pedindo algunha esmola
a impor un lume escuro de áncoras nas augas
acaso percorrendo casas pontes
e nogueiras e carballos
buscando unha distancia un cólico de mar

Aquela

aquela que adormece comigo nos seus brazos,
na oitava sinfonía do austríaco Bruckner,
e os viños da paixón gozosa saborea,
envolta na fragancia que baixa entre os oboes,
escura entre a soberbia dunha tuba,
es ti hai trinta anos,
desculpa que o recorde
tres décadas despois,
agora que as columnas da historia se derruban
e todo canto foi ou puido finalmente acontecer
é só unha néboa azul de esquecemento

aquela que se vira e deixa ver
no lombo unha fatiga, unha canseira
de días que se foron debuxando
mais ten na ollada a cura do fracaso

aquela que xa esperta na mañá
e acende algunha música de cinza
e fala dos seus deuses abatidos,
das marcas que deixou a historia sobre as máscaras

aquela que sementa outonos no misterio
da gloria e da beleza

Veneración de Venus

no río que devala silente baixo a ponte,
os corpos que a ruína, amante, posuirá,
son hoxe un esplendor de luces e ledicia,
un signo de que as horas tamén se despregaron
soñando este momento, o mesmo en que te adentras
feliz por entre as augas
e eu brindo por ollarte espida a regresar,
cristal que opaca o brillo deste agosto

se vertes dos teus cántaros con augas olorosas
esencias de xasmín
e as longas singraduras de brétema e inverno
concentras nunha caixa enferruxada
lerei só para ti os cánticos de Safo,
na pel che deitarei aceites perfumados

oh aqueles que traidores deixaron de servir
o rito do misterio
oh aquelas xa do enigma abandonadas

na umbría na que durmo toda a sombra che pertence

Saturno

Nas chagas que o camiño foi pondo sobre a pel
houbo neves que xamais se derreteron,
vocábulos baleiros, linguaxe enfeitizada,
deitados baixo o astro brillante do abandono,
Saturno, o noso amigo.

Oh épico e feliz o tempo aquel de hortensias.
Eu era un bardo vago e músico de rúa,
na insomne escalinata de luz do pentagrama,
tomando un barco antigo, cruzando unha lagoa.
Que eran eses signos de esféricos percursos
os buques afundidos, as praias sen acceso
un código roubado ás brétemas do ocaso
a fórmula cifrada do voo da eternidade.

Círculo

Así que agora pintas un signo no papel,
un rumbo para noites sucesivas,
a búaola dos días disposta por azar
nun deus que non existe.
Que alguén che entregue a sombra do corpo espaxada
no fume que xa ascende do ferro da cociña,
nos líquidos que o mundo che impoña na conciencia.

Que chegues coas fogueiras ao límite dos ríos,
por longos arreguizos, tremores de distancia,
cruzando un vello azogue, unha árbore, unha torre,
o eclipse e a negrura de antigas luces niveas
no centro dos insomnios,
a entrar feliz no voo da nova primavera.

Que pintes finalmente un círculo na pel.
Pois esas son as regras do xogo da ruleta:
aquela que xa ergue o lábaro da gloria,
esoutra que se afunde nos pozos do fracaso

(Des)aforismo

Enunciar desde o misterio. Voz que fala por ninguén e sobre nada. Voz que di non digo non. Voz que enuncia porque esquece e non sabe do silencio. Sacramento do misterio. Voz que a/(e)nuncia a e/(a)nunciación.

O río

I

Despois da liña gris que arde nos outeiros
e dános outras cores, cromáticos indicios,
con ecos de distancia na tarde derramada,
lixreira, unha fragancia, nun voo como de ave
nas terras e nos lentos camiños do solpor,
a serpe deste río que ao lonxe se fatiga,
un louco anacoreta, un cervo que fuxiu.

Espectro que se deu a errar polos camiños
en busca de ribeiras, de illas e naufraxios,
e vidros para espellos quebrados polo espanto,
de torres que caeron ou foron clausuradas
na estrema occidental da Europa devalante,
o río pinta agora, no curso dos meus días,
no rumbo dos meus anos,
borrosos pentagramas de néboa, de emoción.

Que a terra é sabedora dun deus que se espaxe,
un deus de néboa e fume, de alpaca e de cristal.

II

Os días en que soño con chegar
Ás torres que se encontran máis ao norte
De pé sobre unha esguía embarcación
A néboa acometendo e a tristeza
Asoman polo fondo da memoria
Imaxes canda ti nalgún país
Daqueles que nun tempo frecuentamos:
Italia, acaso Grecia, e Francia, sempre Francia,
A escura e sixilosa sombra de Inglaterra,
A luz de Portugal de cara ao sur,
O inhóspito falar das Alemañas.
E sinto que ese rumbo xamais tivo lugar,
Que todo foi un soño,
Ou mesmo que a viaxe non tivo inda remate,
Que sigo a atravesar paraxes e paisaxes,
Insomne percorrendo longuísimas estradas,
Levando unha lanterna nas noites das cidades,
Pousando a ollada inútil en prazas e museus.

Mais logo chegas ti para dicirme
Que queres regresar,
Que o corpo che demanda
Algún dos viños cálidos, das sombras líquidas e tintas,
Que un día entrecortado pola néboa
Bebemos contemplando o río Loira.

III

agora que o declive do día xa espárese
as augas preguiceiras do Loira cara a Nantes
deitando sobre os sulcos das augas a moeda
do sol como un denario
e volve decretar un leve harpexio branco
fantasmas desolados que a noite arrebatou
remotos no seu fondo de lama e desmemoria
feliz no meu vagar errante no meu voo
un máis dos que acostuman pasar o tempo aquí
seguindo o voo das augas
no aberto mirador do ocaso sobre o mundo
que vai deixando fitos de pedra polos campos
fundando un horizonte

quixérame eu propor
subirmos a un navío
e ser puro naufraxio

Do alto dun outeiro

Que tardes moitas tardes de outono ou de verán
en dar co acorde fresco, sinal de que ha chover,
que prende nas cancións insólitas madeixas
de tempo co seu leve devalo cara ás sombras.

Que teñas nese afán o tempo que precisas
e eu poida contemplalo, fugaz mais de vagar,
un barco que apousase as áncoras na tarde
caendo entre as figueiras derramadas por outubro.

Que así de leve sexa o fin da nosa vida.

Que os tránsitos enormes que os astros executan
percorran estes corpos sen ira nin furor,
felices de tocar a nosa harpa, sequera por un día,
e paren a escoitar tamaña hortensia,
o ímpeto deteñan co arrecendo do teu canto.

Que sexan, pois, ben gratos os teus días,
os días que aínda faltan,
as tardes de verán,
de outono e primavera,
as longas noites frías dos invernos,
e os bosques da paixón e as herbas da nostalxia.

Que os lumes máis sagrados
do alto dun outeiro
descansen enxergando.

Errantes entre ruínas

Berlín era unha sombra de piano,
con teclas de tristeza.

E o século baixaba,
un río transparente de augas solitarias,
os campos sen debuxo de árbores e sombra,
erguendo estatuas grises, velados promontorios,
un eco devastado de lóstregos e chuvia,
queimando unha bandeira de abril pola distancia.

Ao lonxe andaba o outono turrando do silencio,
os meses conxelados quecendo no seu niño,
os bosques da memoria debaixo da luada,
cangados coa agonía da esperanza.

Dicían que levabas tatuada unha canción.
Mais nada era verdade.
Nos días en que demos en chorar por algo tan abstracto,
por algo inaccesible,
errantes entre ruínas, museos e palacios.

Berlín era unha sombra de piano.

Alguén dixo despois que aquilo era unha illa,
un cálice dourado de viño delicioso,
os restos fumegantes do delirio.

Diante dun retrato de M. M.

Hai máis de trinta anos, no fondo da distancia,
un demo que se oculta debaixo desa túnica,
mostroume a túa beleza,
a voz nebulosa do enigma,
os títulos secretos da tarde na pel.

Daquela florecían nas ruínas dos soños
as luces do crepúsculo,
borralla entre os espolios, bucólicas doenzas,
o mesmo que as tormentas nas noites debuxaban
as torres que perdín.

O outono derrubara os brazos das estatuas
e todos acenderan candeas como signo
da chegada dos cometas,
na brisa os teus cabelos a tremer,
feridos pola néboa do infortunio.

E vin como o xarrón cromaba as flores secas,
redomas a filtrar a luz doutro verán,
un barco que afastaba a hora derradeira.

Teleoloxía dos soños

E foi que moitas noites
eu vía nos meus soños
a luz daqueles faros
no horizonte.
Dicían sabias voces
da experiencia mariñeira
que as luces eran signos
doutro mundo.
Que nunca os que quixeran
chegar a aquelas terras
puideron arribar
a algunha praia.
E foran carne fácil do naufraxio.
Pagaran coa existencia unha visión.
O prezo dun agoiro, un vaticinio,
pronóstico de néboa e luz azul.

Mais eses son os rumbos que seguimos,
miraxes e delirios que nos guían
quen sabe con que obxecto,
con que fin.

Das pedras espalladas

no asombro vespertino da límpida lanterna
do sol como unha escura medalla de tristeza
os brazos das estatuas, os brazos arrincados,
asoman entre as páxinas gardadas
dalgún dos meus cadernos de viaxe
son fotos de palacios, lugares que cruzaba
en busca dalgún soño, circunspecto,
levado por un vento doutro século,
nalgún deses países que nunca visitei
por máis que neles fose
visible aquel meu corpo
dos anos que fuxiron
que certo debe ser que ás veces a viaxe
é só unha forma de ausencia
ningunha outra mirada lle outorgue a exaltación
do amor ao viaxeiro
como esas das estátuas,
dos altos capiteis,
das pedras espalladas

Do océano e a noite

A nave en que crucei os séculos da vida
E foi en voos de dorna ou de tristeza,
Mancado o corpo ingrato na longa singradura,
Levoume ata a distancia dos anos no faiado
Papeis que se perderan e fotos, vellas fotos,
Retratos e instantáneas de xentes que sentín
Berrando contra o mundo e as décadas e o fume.

A nave en que levei as ánforas de antano
E fun repartidor de aceites e fariña
E andei polas ribeiras de outrora procurando
Un círculo, unha chaga, un sol de flor caída,
Pertence á longa frota dos barcos corroídos
Que verten a ferruxe e o metal
No sangue case azul do mar antigo.

Baixel e bastimento, navío, embarcación,
Xa sombra do que un día me serviu
Pra dar conta do océano e a noite.

Ao voo dunha flor de laranxeira

Estar ben estaría alá no norte frío
queimando algúns ramallos pra dármonos calor,
as cordas do piano na tarde espaxendo
un voo de cinza e auga.

Andar ben andaría no medio deses prados,
cangado cos meus soños sen porvir
nun marco xa de pedras e de sombra.

Falar ben falaría pra ti naquela altura,
deposto como un rei interrompido,
como un grave misterio,
un adusto silencio.

Que formas parte xa da lúa do desexo,
da zona en que fumegan aínda vellos lumes,
do círculo en que xacen os vidros espallados
das torres que caeron.

Fatal

Nos soños que comezan a voar,
madeiras que chegaron de barcos afundidos,
o tempo sen máis forma que a pura exhalación,
ollei por un instante a última mirada,
posuído por doenzas que levan ao fracaso,
e vin de novo o rostro
daquela que eu ameí
nun tempo e nun espazo
perdidos,
perdidos.

Se acaso alguén pregunta qué foi da súa beleza
na roda na que xiran os meses baixo a chuvia,
resposta non terei,
que as linguas nunca saben se poden apañar,
por sabio, por fermoso que sexa o teu discurso,
o nítido brillo das uvas no mes de setembro.

Seguindo un río lento de augas enlamadas,
con músicas que logo ficaron consumidas,
un lume, unha faísca, un voo de aromas gratos,
camiñas aínda espida,
fragmento dun relato que nunca escribirei,
sulcando a conxunción dos astros que se viran
nas néboas desa gándara inmensa do baleiro.

Lunáticas

I

No infindo xeroglífico das noites que a memoria
compón no seu piano de teclas posuídas
por aves como enigmas e peixes como asombros,
os trazos do infortunio e as marcas da derrota
son leves cando chegas brillante como o sol
e es signo que se forma na exacta conxunción
dos soños e as miraxes, dos líquidos e os vidros.
Acaso por preguiza, desleixo ou abandono,
ninguén quere saber das obras que executas,
mais eu deixei caer na música do escuro
xa todo o que de incerto perdura nas palabras,
e verte a luz da umbría entre os camelios.
Ah lúa do luar e da luada,
lunática elección.

II

Gastei a tarde enteira, revoada de paxaros,
á espera de que a lúa se asomase,
un vidro que se ergue tomando posesión
da unión de terra e lume,
dos aires e das augas.
Mais nada foi verdade.
A noite se achegou cromada de silencio polas tebras.
Acaso un orfeón, sinistro, tenebroso,
andaba polos parques con estatuas,
a cámara cortando o fío da tristeza,
xa náufraga e perdida, co peso da derrota.
Saqueei un pano vello dos de abrir na flor das despedidas
e díxenlle acendido nun voo de melopea:
Adeus, astro lunar,
escura exhalación oculta tras as nubes,
sumida na cobiza dos soños da distancia,
son meus estes salgueiros que antano frecuentabas
e miñas estas barcas que o longo río acouga,
non deixes que os fantasmas che dean a mirar
a chave do meu fado,
que teñan tempo aínda de ollar o meu fracaso.

E a lúa foise abrindo por tras daquel outeiro.
Quen sabe como ler tamaño signo.

Illa

Despois daqueles días que eu dera en agasallo
por tanta luz vertida sobre min
botei a andar sombrío
camiño dalgún templo
feliz como os que levan hortensias para honrar
de novo un vello culto
ou mesmo como aqueles que veñen desde lonxe
e xa o xasmín difunden
e a flor da laranxeira.
Un barco que viñera cargado de pexegos
traídos desde a Persia máis remota
dispuxo ao pé da praia
algúns daqueles froitos
e demos conta deles a falar
á espera de que un buque nos levase
de volta á vella terra.
E souben por entón que estaba nunha illa:
aquela que formaban os teus peitos
e a costa irregular de Siracusa.

Brisa (fin de naufraxio)

Que a brisa veña un día a percorrer
as longas cabeleiras que levamos
e deite polas árbores un signo,
a sombra dunha flor;
que empurre mar adentro os que, varados,
insomnes percorremos estas praias,
agora que a ferruxe, famélica, consome
os lombos do que outrora foi ferro endurecido.
Do navío xa regresen, camiño de ningures,
sen outras equipaxes que o tempo derrubado,
pigmentos de outonía e cor de vide murcha.
Agora que a humidade, funesta, lle devora
as pólas á que un día
foi nai de sombra grata e torre do misterio
polo fondo da distancia, entre números e chagas,
vexa vir sobre cabalos
as túnicas de abril,
oh buque arrebatado a insólito naufraxio!
oh árbores da amnesia, maceiras consumidas!

Canseira

Nalgún daqueles meses, que sempre, ao regresar,
xa inmune aos abandonos dos homes e os seus lapsos,
insomne percorrías ferido polo inverno
chegaches a saber en páxinas sen rumbo
un voo de flores secas e cancións
que xa ninguén cantaba.

Non eran máis que vidros, tirados dalgún río,
diamantes construídos nalgunha epifanía
daquelas que chegaban entre alcol
e fumes barbitúricos.

Mais tiñan o solpor medrando entre as palabras,
o azul da tarde lonxe a consumirse,
a sombra dunha ave debuxando no horizonte.

O resto foi inútil.
Esforzos sen obxecto.
Titánicas canseiras.

Demanda

Se a fortuna, ou o devalo misterioso dos planetas,
xa escribiu o meu destino
e hai un mármore perdido entre ruínas no deserto
co meu nome alí disposto,
indicando os pormenores,
o lugar e o tempo exactos,
nada teño que engadir.

Mais, se cabe unha demanda
e é posible que a vontade
deste humilde trovador
interfira no destino,
unha cousa solicito:
que sexa aquí, xunto a este río,
non moi lonxe do solpor,
en primavera.

Nova exhortación ao maldito país

Aquí me tes, vello país.
Velaí outro poeta.
Xa che dei os mil poemas
que noutrora prometera.
Podes, pois, espaxelos
como cinza sobre a tarde
ou deitalos no baúl do esquecemento.
Non che pido outros honores.
Fun feliz co meu destino.
Mais non deixes que se borren
as palabras, a linguaxe,
o tear con que foi feito
este incerto tapiz.

Indice:

O LIBRO	2
SALMO DO VIAXEIRO	3
I	3
II	4
III	4
EPÍSTOLAS DE NINGUÉN	6
I	6
II	6
III	7
IV	7
V	8
VI	8
VII	8
CÁNTICO ESPIRITUAL	10
VISIÓN DO CONNEMARA	12
AGRADECEMENTOS DUN DÍA DE VERÁN	13
CIRÚRXICA MORFINA	14
PALABRA	16
TEORÍA DO ESPAZO	17
XA VEÑEN	18
SEICA	19
AO CUMPRIR CINCUENTA ANOS	20
LUZ	21
UNHA CANCIÓN	22
ESTACIÓN MARÍTIMA	23
LUZ DE SOMBRA	24
O TEMPORA O MORES	25
DIANTE DUNHA FOTO	26
A ÚLTIMA PREGARIA	27
EPIFANÍA	28
CARTA DE VIÑOS:	29
CHANDON DE BRIAILLES	29
MUSCADET	29
MEDOC	30
DAS RHEINGOLD	30
ESTAMPAS CLÁSICAS	31
AQUILES ANTE O OCASO	31
MONÓLOGO DE SÓCRATES Á ESPERA DA CICUTA	31
DE AMORE	32
NIETZSCHE ANTE A LOUCURA	32
INSÓLITOS MONÓLOGOS: ADRIÁN SOLOVIO A MARLENE DIETRICH, BERLÍN, 1930	33

CRÓNICAS DO SOCHANTRE	33
ARIADNA	34
NARCISO	35
HAMLET I	35
HAMLET II	36
DAS FLIEGENDE HÖLLANDER (O HOLANDES ERRANTE)	36
PERVIVENCIA DE VAN EYCK	37
FRANCESCO GUARDI	38
ENIGMA	39
RAP DE NOVA YORK	40
DANZA	42
TRISTES	43
CRONONIMIA	44
ARTE POVERA	45
DREAM 9	46
ADVICE	47
O CANTO DAS SIREAS	48
POEMA DEFINITIVAMENTE INADECUADO PARA A GLORIA DO SEU AUTOR	49
COMENTARIO DE TEXTO DO POEMA ANTERIOR, INTITULADO "POEMA DEFINITIVAMENTE INADECUADO PARA A GLORIA DO SEU AUTOR"	50
NIEGES D'ANTAN	51
MABEL NORMAND 1892-1930	51
GLORIA SWANSON 1899-1983	51
THEDA BARA 1885-1955	52
CLARA BOW 1905-1965	52
EDNA PURVIANCE 1895-1958	52
CONSTANCE CUMMING 1910-2005	53
BARBARA LAMARR 1896-1926	53
ZASU PITTS 1894-1963	53
UN VELLO ELECTRICISTA	55
ISTANBUL	56
O SÍMBOLO DA MORTE	57
MONÓLOGOS CHOPIN	58
I	58
II	58
III	59
IV	59
ARTE DE AFINACIÓN	60
A SOMBRA DO CAMIÓN	61
INTERPRETACIÓNS DE CLAUDE LORRAIN	62
I	62
II	62
III	62
IV	63
V	63

VI	64
VII	64
ROUPA	66
O BRADO. INTERPRETACIÓNS DO CADRO DE MUNCH	68
I	68
II	69
III	70
SATURNO	71
I	71
II	71
III	72
IV	72
V	73
SALMO DA NOITE	74
HIBERNIA	75
I	75
II	75
PREGARIA	77
DISQUE	78
NOUTRAS AUGAS	79
AURA	80
EARLY IN THE MORNING	81
COMO UN ECO SOLITARIO	82
CAMIÑO DE XANEIRO	83
AVES	84
I	84
II	84
SOLSTICIO	85
O ÍMPETO DA IDADE	86
AS SETE NOTAS FELICES DA APOCALIPSE	87
A LINGUA DO SOLPOR	88
INTEMPESTIVAS	89
I	89
II	89
III	90
IV	90
V	91
VI	92
VII	92
VIII	93

IX	93
X	94
PATRIA	95
O SINAL DO LABIRINTO	96
PALABRAS DERRADEIRAS	97
EMPERADOR	98
A CASA	99
UN FUME NA DISTANCIA	100
PORTA	101
TORMENTA (METAFÍSICA DO XALLAS)	102
ROSTRO	103
DE MEU	104
FRÍO	105
CRISTAL	106
LUZ	107
FALSO POEMA CHINÉS	108
CARTÓNS	109
VALOR	110
A MÚSICA DE DENTRO	111
JET LAG	112
O FREUNDE NICHT DIESE TÖNE	113
EVENING MEDITATION	114
ACASO O OCASO	115
CATARSE	116
BLUES	117
DODECAFONÍA	118
HARMONIUM	119
NOTA SOBRE O PAN	120
UNHA LARANXA	121
WAGNER	122
EPISODIO	123
NOTA PARA UNHA ENUNCIACIÓN EN TERCEIRA PERSOA	124
MENCIÑEIRO	125
O CORNO INGLÉS	126
TÚMULOS	127
SENTIDO	128
SOMBRA	129
SINKING BOAT	131
MAESTRO	132
MALDITA	133
HIMNO	134
ELECTRÓN	135
AZAR	136
ÉPICA	137
I	137
II	137
III	138
IV	138
V	139

VI	140
VII	140
VIII	141
IX	142
X	142
XI	143
XII	144
XIII	144
XIV	145
XV	145
XVI	146
XVII	147
XVIII	147
XIX	148
XX	149
XXI	149
XXII	151
XXIII	151
XXIV	152
XXV	153

DESMESURA 154

I	154
II	154
III	155

O VOO DO TEMPO IRADO	156
A UN SOL QUE ESMORECÍA	157
INFANTERÍA	158
OUTRA VEZ	159
AGRÍCOLA	160
MEDITACIÓN SOBRE O DESTINO	161
DEIXARTE LEVAR	162
TAGEBUCH	163

I	163
II	163

DO AMOR COMO PAISAXE	165
OUTONO	166
DO AMOR COMO MOMENTO	167
ERRANTE	168
A VOZ	169
DA FE QUE NON PROFESAS	170
1936	171
ALGO ASÍ COMO UNHA PAISAXE	172
LUZ	173
DA TORRE QUE CAEU	174
NEVERTHELESS	175
ABRIL	176

UN CÓLICO DE MAR	177
AQUELA	178
VENERACIÓN DE VENUS	179
SATURNO	180
CÍRCULO	181
(DES)AFORISMO	182
O RÍO	183
I	183
II	183
III	184
DO ALTO DUN OUTEIRO	185
ERRANTES ENTRE RUÍNAS	186
DIANTE DUN RETRATO DE M. M.	187
TELEOLOXÍA DOS SOÑOS	188
DAS PEDRAS ESPALLADAS	189
DO OCÉANO E A NOITE	190
AO VOO DUNHA FLOR DE LARANXEIRA	191
FATAL	192
LUNÁTICAS	193
I	193
II	193
ILLA	194
BRISA (FIN DE NAUFRAXIO)	195
CANSEIRA	196
DEMANDA	197
NOVA EXHORTACIÓN AO MALDITO PAÍS	198
INDICE:	199